


# CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 9 ANO 2022



centro de estudos do corgo



---

# CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO  
Nº 9 ANO 2022

*Agradecemento expreso ao Concello do Corgo porque sen a súa colaboración económica esta empresa non daría saído adiante.*

---

EDITA

Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)  
M<sup>a</sup> Consuelo Vázquez Castro (Presidenta)  
Mario Outeiro Iglesias (Vicepresidente)  
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Secretario)  
Josefa González Díaz (Tesoureira)  
Manuel.Fernández López “Lolo”  
Roberto Rodríguez Páramo  
Xosé Manuel Castro Castedo (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO

Felipe Arias Vilas  
Javier Gómez Vila  
Xosé Manuel Castro Castedo  
Ruben Ruibal Armesto  
Ana Cabana Iglesia  
Emilio Carral Vilariño  
Daniel López Vispo  
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez  
Antonio Reigosa Carreiras  
Xabier Bruña García  
Felipe-Senén López Gómez  
Manuel Lamas Castro  
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGUÍSTICA

M<sup>o</sup> Consuelo Vázquez Castro

ASESORÍA TIC

Mario Outeiro Iglesias

*Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)  
Casa das Asociacións s/n  
27.163 O Corgo (Lugo)  
ocorgo@gmail.com  
<http://ocorgo.blogspot.com>*

---

## EDITORIAL

Dende hai máis de 10 anos, e cunha periodicidade que neste intre volve a ser anual, sae á luz unha humilde revista que axuda a que os/as nacidos/as no concello do Corgo se sintan orgullosos do seu lugar de orixe. Porque despois de décadas e décadas absorbidos/as pola influencia da capital de provincia podemos descubrir, grazas ás ducias de traballos de investigación-divulgación publicados, que O Corgo non será máis, pero tampouco menos que ningún outro concello galego.

Un sinxelo instrumento construído colectivamente co fin de mellorar a autoestima e o coñecemento que temos de nós mesmos/as dende puntos de vista distintos e analizando múltiples áreas de coñecemento. Así é a revista Corga que publica o Centro de Estudos do Corgo e que neste número nove tráenos seis artigos (dous máis que o número anterior).

Co número da revista que tes nas mans damos a benvida a dous novos socios. Trátase de Carlos Álvarez Quiroga e de Alberto Martín Monge que dende a diáspora (Barcelona e Madrid respectivamente) lémbrense da terra dos seus antepasados, Santalla do Alto, facendo unha descrición de como era esta parroquia corguesa a comezos do século XVIII.

Este número trae dous artigos do etnógrafo Lois Ladra, responsábel do Proxecto CORGORAL, o antídoto contra a perda de memoria colectiva que supón o falecemento das persoas maiores do noso concello. Lois presenta un artigo no que conversa co filólogo Óscar Castro Castedo sobre aspectos interesantes da toponimia local, e achégase, con outro traballo, a un dos oficios

fundamentais no noso pasado a través do último ferreiro do concello, coñecido como Toño do Carrizo. Con estes dous artigos, Lois convértese en socio investigador.

O mesmo lle ocorre a Óscar González Murado que se estreou no número sete cun traballo sobre os cregos do concello e agora presenta o seu terceiro artigo sobre o estado das igrexas do Corgo a comezos do século XVIII grazas á visita do bispo Lucas Bustos de la Torre por estas terras.

E pechando este número temos a dous clásicos da revista Corga, Javier Gómez Vila e Mario Outeiro Iglesias (con sete e seis artigos ás súas costas, respectivamente). Javier repite parella coa investigadora María José López Caldeiro para ampliar o artigo sobre a Vía Künig presentado no número 7 da revista, pero centrándose desta vez no concello do Corgo. Pola súa banda Mario Outeiro achéganos á figura de Domingo Fontán, o personaxe que puxo cara á nación galega a través do primeiro mapa científico da península, empregando como ferramenta de triangulación a coñecida como Legua Dereita.

A todos eles, moitas grazas por seguir achegando luz sobre o pasado, o presente e o futuro do Corgo. Agradecementos que queremos estender, outro ano máis, ao Concello, que financia integramente a revista deixando patente que a cultura forma parte da súa axenda política. Finalmente, grazas a vós, lectores e lectoras que agardades ano tras ano o nacemento dun novo número da Corga. Ata o número 10!

O CONSELLO EDITORIAL



---

## ÍNDICE

Mario OUTEIRO IGLESIAS Fontán e O Corgo .....	06
Carlos ÁLVAREZ QUIROGA e Alberto MARTÍN MONGE Achegamento á vida en Santalla do Alto no século XVIII .....	28
Óscar GONZÁLEZ MURADO Estado das igrexas do Corgo a principios do século XVIII. A visita de Bustos de la Torre no ano 1700 .....	42
Lois LADRA Nomear a Terra no Corgo: a toponimia local vista por un filólogo .....	62
Lois LADRA Oficios tradicionais no Corgo. Toño do Carrizo, o último ferreiro .....	68
Javier GÓMEZ VILA e María José LÓPEZ CALDEIRO A Vía Künig polas Terras do Corgo .....	76
MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO E CEC (2020-21) .....	94
DOCUMENTACIÓN PARA INSCRICIÓN COMO SOCIO/A DO CEC .....	99
NORMAS DE PUBLICACIÓN .....	106

# FONTÁN E O CORGO

## Outeiro Iglesias, Mario

marioouteiro@edu.xunta.gal

Enxeñeiro Técnico Industrial (esp. en Química Industrial), Enxeñeiro Químico e Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural.

Profesor de Ensino Secundario (esp. de Física e Química e Tecnoloxía) no IES Pedregal de Irimia (Meira), onde é director.

*Hay sin embargo, algún país cuya superficie es conocida, y esa en grande o en su totalidad, no por pueblos, a saber, Galicia, gracias no al Gobierno, sino a quien tuvo la locura de gastar su paciencia, su dinero y encanecerse midiéndola con la mayor exactitud, ocupando en ella más de un tercio de su vida. Domingo Fontán (anaco de discurso da sesión do Congreso dos Deputados do 10 de maio de 1838, recollido do blog da Fundación Domingo Fontán)*

*Dos son las bases que he medido y la principal lleva el nombre de base del Corgo por cruzar esta parroquia, que se halla dos leguas al Este de Lugo en la carretera general. Uno de los extremos de la base, a saber, el oriental, se halla muy próximo al Mesón de la Penela y el otro cerca del alto de Cabreiros. Domingo Fontán (“Descripción geométrica de Galicia”)*

*... un día, en los pasillos del Instituto de Lugo, ... me encontré con el mapa de Galicia de don Domingo Fontán. Fue mi gran encuentro con mi país gallego: allí estaba mi tierra, la tierra de mi vocación y de mis días, la tierra temporal y la eterna, la tierra que mi lengua –la tierra de mi oscuro acento labriego– necesitaba para soñar. Álvaro Cunqueiro (anaco de artigo publicado en 1957 no xornal El Progreso)*

## RESUMO

No artigo que tes entre mans, imos falar dun dos persoeiros máis importantes da historia de Galiza, o matemático e humanista Domingo Fontán Rodríguez (1788-1866) e a súa relación co concello do Corgo. Pese a importancia da súa traxectoria, hai moi poucos/as galegos/as que coñezan a súa obra e, poucos/as máis, os/as que teñen oído o seu nome. Trátase pois dunha persoa descoñecida, aínda que si recoñecida nos ambientes científicos e políticos xa que Domingo Fontán é un dos poucos persoeiros galegos que está enterrado no Panteón de Galegos Ilustres xunto con Rosalía de Castro, Castelao, Alfredo Brañas, Francisco Asorey e Ramón Cabanillas (Domingo foi o último e os seus restos foron trasladados no ano 1988).

O seu nome está asociado a varias rúas nas cidades de Madrid (onde viviu durante unha importante parte da súa vida), Compostela, A Coruña, Ourense... e dende hai poucos anos, tamén no Corgo, foi protagonista dun par de novelas, e na actualidade volveu á escena mediática coa apertura do “Edificio Fontán” (obra do arquitecto Andrés Perea) que veu a culminar o polémico complexo da Cidade da Cultura, aproveitando a estrutura que inicialmente ía estar destinada ao Teatro da Ópera.

Porén, Fontán tamén foi recoñecido en vida, aínda que menos do que debería pola súa

ideoloxía liberal. Para mudar estes aspectos a Real Academia Galega de Ciencias instituíu no 2006 o Día da Ciencia en Galicia, que se celebra o 8 de outubro (dende os últimos anos), para conmemorar o nacemento do Padre Benito Jerónimo Feijóo, promotor indiscutible da ciencia nos seus primeiros momentos. Dende o 2008, que comezaron as homenaxes, a RAGC leva distinguidos a once científicos/as da talla de Cruz Gallástegui, Ramón María Aller, Luís Iglesias ou o propio Padre Feijóo, sendo o homenaxeado do 2018, don Domingo Fontán Rodríguez.

Pese a ser un home poliédrico, Fontán é coñecido por unha única pero colosal obra, a Carta Xeométrica de Galiza ou o que é o mesmo, o primeiro mapa topográfico científico do país. No presente artigo debullaremos sobre a súa vida e a súa relación co concello do Corgo, mais non deixo de recomendar aos interesados unha magnífica fonte de información, moito máis ampla e exacta que a que poida ofrecer eu. Refírome á páxina web (e o blog) da Fundación Domingo Fontán (fdf), mantida por César Camargo Sánchez, vicepresidente da mesma e descendente directo de Rosendo Fontán Riva, fillo menor do xeógrafo e matemático. Esta páxina web contén tanto artigos divulgativos como documentación dixitalizada do “Legado Fontán”.

A maiores, recollemos como foi a recente reconciliación do concello do Corgo coa figura



do xeógrafo pontevedrés, co nomeamento dunha avenida na capitalidade municipal, así como a colocación de distintos mapas de Fontán en puntos senlleiros do noso concello para promover o mellor coñecemento desta gran figura galega entre os corgueses e as corguesas.


## PALABRAS CLAVE

Domingo Fontán, Base do Corgo, Fundación Domingo Fontán, César Camargo, Consello da Cultura Galega, BNG do Corgo.

## 1 LIMIAR

Unha das primeiras veces (senón a primeira) que oín que o xeógrafo Domingo Fontán empregara a recta do Corgo para situar unha das dúas bases coas que construíu o primeiro mapa xeográfico científico de Galicia foi nunha das Festas Baluras celebradas hai preto de dúas décadas en Castro de Rei, con Xosé Manuel Carballo Ferreiro como “alma máter” das mesmas. Alí no salón de actos do CEIP Ramón Falcón leváranse a cabo unha serie de conferencias relacionadas coa Terra Chá e convidaran a un dos máis recoñecidos xeógrafos galegos da segunda metade do século XX, Francisco Javier Río Barja (cuxos estudos desbotaron o nacemento do río Miño en Fonmiñá en favor do Pedregal de Irimia, entre outros). O profesor Río Barja comparara a pequena chaira corguesa coa ampla Terra Chá e supoño que comentaría (a memoria é fráxil) que o benquerido Fontán ben puidera ter elixido esta ampla comarca para situar a súa base oriental.

Tampouco lembro con exactitude se antes desa conferencia eu tivera oído de Fontán e da Base do Corgo (probabelmente non, ou se o escoitara non entendía moi ben para que valía iso de establecer alí unha base), pero foi ese acontecemento o que me levou a investigar sobre a biografía de Domingo Fontán e sobre a importancia de ter unhas bases ben medidas co fin de construír, sen axuda de satélites, a magna Carta Xeométrica de Galicia. E fíxoo el só, practicamente, cun traballo paciente e rigoroso ao longo de 17 anos, pisando todas as parroquias de Galiza pola penosa rede viaria galega de entón.



Imaxe 1.1. Retrato de Domingo Fontán (1852), por Antonio María Esquivel (Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela)

Se, como amante do Corgo, tiven que agardar ata pasar dos vinte para descubrir o mundo Fontán, que axudou a poñer o Corgo no mapa (ou axudou a poñer o mapa no Corgo!) é que algo fallou na transmisión do noso patrimonio material e inmaterial ata o nacemento no século XXI das tres entidades culturais que hoxe seguen a traballar no concello: A Legua Dereita, Arumes e o Centro de Estudos do Corgo, que edita esta revista.


É por iso que en débeda con Domingo Fontán o BNG do Corgo, recollendo a testemuña de Arumes, decide levar a pleno un rogo para poñer en valor o ilustre traballo do xeógrafo de Portas, bautizando unha rúa paralela á base que outrora medira, 190 anos atrás. Quedando varias cuestións por executar daquela ambiciosa iniciativa faltaba, tamén, a redacción dun pequeno artigo divulgativo sobre Fontán e a súa repercusión no Corgo e na Galiza.

## 2 PEQUENA BIOGRAFÍA DE DOMINGO FONTÁN

Dun xeito moi resumido, ao autor do primeiro mapa científico de Galiza, podémolo definir dende catro puntos de vista, nada coñecidos

pola sociedade galega: como docente, como facendista, como político e como empresario (ver a biografía publicada na web da Fundación Domingo Fontán).

Domingo Fontán Rodríguez naceu o 17 de abril de 1788 na parroquia de Portas, do concello homónimo da comarca de Caldas, no seo dunha familia acomodada. O seu tío materno, Sebastián Rodríguez, crego de Noia, influíu notablemente na súa formación e na do seu irmán, Andrés. A súa intelixencia, e o ambiente familiar, fixo que Fontán tivese xa unha titulación con tan só 12 anos e falase varios idiomas. A ansia por saber ligouno estreitamente coa universidade compostelá tanto como alumno como profesor. Sen dúbida algunha o seu principal mentor (e tamén inspirador para a obra magna de Fontán) foi o profesor José Rodríguez González (o matemático de Bermés) a quen remataría substituíndo, anos despois, na cátedra de matemáticas sublimes. A súa formación e a súa carreira como docente foi tan longa como variada, converténdose en todo un polímata ou “homo universalis”.



Imaxe 2.1. Vítor de Domingo Fontán (óleo) elaborado por Elvira Santiso García en 1940 (Facultade de Xeografía e Historia)

Outra cara, igual de importante, do noso protagonista é a de político. A Domingo tocoulle participar en política nun momento de clara inestabilidade pero moi interesante na historia estatal máis recente. Loitou contra o absolutismo dende unha posición liberal moderada, sendo elixido deputado en Cortes en varias ocasións ao longo do período 1836-1843. Durante esta etapa Fontán deixou fonda pegada no Congreso dos Deputados onde as súas disertacións foron sempre respectadas, pola solidez da argumentación, á vez que temidas polos seus adversarios, pola súa vehemencia e o seu verbo directo e contundente. A fidelidade aos ideais tróuxolle sempre problemas no seu traballo como docente e freou outros proxectos nos que estaba inmerso.



Imaxe 2.2. Finalizado o Trienio Liberal, Fontán é suspendido no desempeño da súa cátedra por cuestións políticas. Medicións meteorolóxicas diarias realizadas no encerro da súa casa en Santiago de Compostela, ano de 1824

Outras facetas menos coñecidas de Domingo son a de facendista e empresario. Precisamente o estudo do reparto das contribucións á facenda estatal esixía contar con ferramentas de coñecemento do territorio óptimas como unha planimetría precisa aínda non existente.


Como empresario remataría dedicándose de cheo a fábrica de papel do Castro de Lousame, sen esquecer o ferrocarril entre Compostela e Carril. Fontán foi tamén secretario da Deputación Provincial de Galicia, director do Observatorio Astronómico de Madrid e presidente da Real Sociedade de Amigos do País de Santiago (entre outras moitas cousas).



Imaxe 2.3. Fachada traseira do Real Observatorio de Madrid

Unha maneira de achegarse á vida de Fontán, á falta dunha biografía oficial, dun xeito demorado e entretido, é ler calquera das dúas novelas publicadas na última década. A primeira, titulada “Fontán”, de Marcos Calveiro, foi, sen dúbida, a ferramenta que empregaron moitas e moitos galegos para coñecer unha das figuras máis importantes da nosa nación, a partires da súa publicación no ano 2015. A novela que ten unha lectura áxil, resultou gañadora do premio de narrativa breve Repsol 2015 (editada por Galaxia) e en xeral está ben documentada, aínda que recibise o tirón de orellas da Fundación Domingo Fontán polo tratamento persoal do personaxe (como unha figura “de mal carácter e xenio desmedido”) entre outros aspectos. No ano 2021, Alberto Fortes publicaba na editorial Laiovento a segunda das novelas indicada, titulada “A viaxe

xeométrica de Domingo Fontán” e na que o autor vai alternando capítulos (impares) nos que recrea o levantamento da antiga provincia de Tui (acompañado por Xosé Dionisio Valladares) con outros de non ficción (capítulos pares) nos que o autor bebe de distintas e rigorosas fontes documentais.



Imaxe 2.4. Portadas das novelas de Marcos Calveiro (superior) e Alberto Fortes (inferior)



### 3 A CONSTRUCCIÓN DA CARTA XEOMÉTRICA

Pero o aspecto máis coñecido, e recoñecido, de Domingo Fontán é a autoría da Carta Xeométrica de Galiza. Cunha metodoloxía e uns aparellos que estaban á vangarda europea, cun traballo minucioso e inconmensurábel e nun país cunha orografía difícil de medir, Fontán construíu un mapa que serviu a Galiza durante máis de cen anos. Otero Pedrayo, gran admirador da súa obra, definiu ao mapa como o “rostro de Galicia” pola precisión obtida, así que podemos definir a Fontán como o espello no que o país se mirou dende o século XIX, cando outras moitas nacións aínda non coñecían a súa verdadeira faciana.



a



b




c

Imaxe 3.1. Instrumental empregado por Fontán no levantamento da Carta Xeométrica de Galicia (propiedade da Fundación Domingo Fontán): a) alidada de pínulas; b) barómetro de Bunten; c) termómetro.

Domingo Fontán foi capaz de levantar en tan só 17 anos (1817-1834) unha carta xeométrica que tivo vixencia ata a aparición dos satélites e aínda hoxe, podemos ver como máis da metade das parroquias do mapa (case o 100% das existentes na época) están situadas a menos de medio quilómetro do cruceiro da igrexa parroquial (o Visor xeográfico da Xunta permítenos comprobalo ao superpoñer o mapa de Fontán sobre a cartografía actual: [mapas.xunta.gal/visores/basico](http://mapas.xunta.gal/visores/basico)). Este feito adiantounos máis de cen anos ao Estado

Español en posuír unha ferramenta técnica e precisa que foi fundamental para deseñar a rede de estradas e ferrocarrís dunha nación cunha orografía complexa.

Domingo empregou o pombal do pazo de Sobrecarreira (Cambre), da familia do político e amigo Antonio Loriga, para facer as primeiras probas, un ano antes. Unha vez testado o método pasou a fixar o “km 0” da súa carta xeométrica, que situou, a carón da súa casa en Compostela, na Torre do Reloxo da Catedral, a Berenguela. En palabras do noso protagonista: “atopei a latitude da Torre do Reloxo da Catedral por máis de 144 observacións astronómicas da Polar, e por outras 200 de Orión e por alturas meridianas do Sol”. Unha vez fixado o mapa dentro do universo, Domingo comezou a situar parroquia a parroquia polo método da triangulación (empregando os teoremas de Delambre de trigonometría esférica). Precisaba para iso unha recta longa e chá, algo complexo en Galiza. A primeira base, coa que triangularía a metade occidental do país, atopouna na estrada que comunica Santiago coa Coruña, ao seu paso polo que hoxe é o polígono do Tambre (base de Formarís), cunha lonxitude de aproximadamente 2,3 km (xuño de 1820). Para medila Fontán contou co instrumental máis avanzado que existía en Europa, unha formación rigorosa e, como adiantado que foi, empregou o metro (unha unidade que non foi adoptada oficialmente en España ata 1849).



Imaxe 3.2. Caderno manuscrito de Fontán coas medicións para a determinación da lonxitude de Santiago de Compostela

A partires dun lado do triángulo (base) Fontán calculaba a lonxitude dos outros dous, denominando estacións aos vértices do mesmo. Cada estación era vértice doutros moitos triángulos ata cubrir a metade occidental de Galiza. A partires destes triángulos maiores, o xeógrafo foi establecendo triangulacións de segunda e terceira orde para situar parroquias, accidentes xeográficos e estradas. Pero a maiores de obter un mapa en dúas dimensións, Domingo foi capaz de imprimirlle volume xa que mediu a altura de todas as estacións coa axuda do seu irmán Andrés que medía en Noia (nivel do mar), presión atmosférica e temperatura ás horas acordadas con Domingo (que facía o mesmo no lugar onde estaba).

Oito anos despois (de establecer a base de Formarís), Fontán decide estender a triangulación á metade oriental e atopa no Corgo o lugar idóneo para establecer a segunda base do seu mapa (ver apartado seguinte).

Construído o mapa, a Fontán quedáballe algo sumamente importante, conseguir financiamento para a súa impresión. Para iso Fontán desprazouse á Corte, en decembro de 1834, para presentar a Carta Xeométrica (borrador manuscrito) á rexente María Cristina. Despois de varias vicisitudes, Fontán remataría por imprimir en 1845 a súa obra magna (que melloraba e corruxía o orixinal de 1834). Faríao en París nos talleres de Bouffard (recomendado polo seu amigo íntimo Ramón de la Sagra) grazas a doce grandes pedras que serviron para estampar no papel o verdadeiro “rostro de Galiza”.



Imaxe 3.3. Exemplar de proba da Carta Xeométrica e instrumental de Fontán na sede da Fundación Domingo Fontán

Houbo máis edicións en anos sucesivos e polo tanto hai espallados polo territorio dúcias de exemplares, pero poucos de acceso público. Afortunadamente un dos que está mellor conservados atópase na entrada do IES Lucus Augusti (polo cal pasaron milleiros de lucenses) á vista do público xeral, grazas a un convenio coa Deputación Provincial.



Imaxe 3.4. Lámina superior esquerda (cartela) do mapa de Fontán

#### 4 A MEDICIÓN DA BASE DO CORGO

Se o xeógrafo elixiu, por consello do seu amigo e enxeñeiro Alejo Andrade Yáñez (que se encargaba da construción da estrada entre Lugo e Santiago), o concello do Corgo para delimitar a segunda base da súa Carta Xeométrica foi por ser unha chaira e por contar cun tramo longo e recto de estrada, a coñecida como Legua Dereita. Este feito relátao Fontán nunha “Descrición geométrica de Galicia” feita entre os anos 1839 e 1845 (Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento):

“Ofrece Galicia muy pocos llanos en donde puedan medirse grandes bases, y el que recorra así la carretera general que se dirige de La Coruña a Madrid, como la provincial que desde el mismo punto parte a Vigo, se convencerá de ello. Verdad es que en la Limia, valles de Monterrey y de Lemos, y aún en la tierra llana que baña e inunda el Miño entre Meira y Lugo podrían medirse bases de regular extensión, si bien sería algo embarazoso el alinearlas. Este inconveniente se halla en las carreteras; por cuya razón y la de no

conocer todo el país de Galicia cuando emprendí las operaciones sin contar con el Gobierno elegí mis bases en las carreteras mencionadas. Pudiera medir alguna más, especialmente en la Limia, pero, además de no haberlo creído necesario, me faltó el tiempo para ello.”

#### 4.1 CONSTRUCCIÓN DO CAMIÑO REAL

O concello do Corgo ten unha longa e vizosa historia camiñeira. Dende a Vía romana XIX-XX, do itinerario de Antonino, que comunicaba Astvrica Avgvsta con Lvcvs Avgvsti ata as modernas vías de comunicación actuais, quedan constancia na chaira corguesa dun amplo abano de estradas medievas das cales quedan como herdanza fermosas pontes por todo o termo municipal (ponte de Neira, de Lago, de Galiñeiros, ponte vella de Gomeán, da Torre de Anseán...).



Imaxe 4.1.1. Imaxe da Legua Dereita a mediados do s. XX ao seu paso pola parroquia do Corgo e antes do ensanche (arquivo persoal do autor)

Dende a construción da calzada romana, o camiño que máis marcou a vida do concello do Corgo foi o Camiño Real de acceso a Galiza mandado construír por Carlos III, baixo deseño e supervisión (entre outros) do polémico e ilustrado enxeñeiro

francés Carlos Lemaur (autor de numerosas estradas e canles borbónicas a partires do 1750 pero tamén responsábel da construción do Pazo de Raxoi en Santiago ou a portada principal da Catedral de Lugo) a finais do século XVIII. A devandita vía de comunicación, antecesora directa da actual estrada Nacional VI, marcou a forma definitiva de ocupar o territorio (ocupación lineal e dispersa) e deixou no Corgo unha serie de pontes dunha xenial resolución técnica (sobre o río Mazandán, pero sobre todo a do Tórdea e a do Chamoso –Ponte do Vao-).



Imaxe 4.1.2. Estrada N VI actual dende o Alto do Corgo en dirección a Lugo

Pero o máis salientábel, pola escaseza dos mesmos, son os marcos legoeiros de Gomeán e de Demondín. Estes fitos pódense considerar sucesores directos dos miliarios romanos pero con diferenzas substanciais. Mentres estes últimos indicaban a distancia en millas (1480 m) e eran pezas cilíndricas, os marcos legoeiros indicaban a distancia en leguas (a lonxitude que unha persoa, a pé ou en cabalgadura, pode andar durante unha hora) e eran prismas de base cadrada apoiados nun zócolo e cubertos cunha especie de sombreiro (feitos en pedra de



gra). Os marcos legoeiros, ao igual que os seus antecesoros romanos, posuían unha inscrición (nunha das caras) que marcaba a distancia ao lugar de destino (neste caso á Coruña). A maiores destes dous, existen no noroeste outro en Garabolos (Lugo) e un fragmento doutro na Ferraría (As Nogais).



Imaxe 4.1.3. Marco legoeiro de Gomeán

O marco legoeiro de Gomeán permanece no emprazamento orixinal, nun tramo de Camiño Real polo que non pasa actualmente a Nacional VI (por iso se conserva dun xeito aceptábel), a cen metros da ponte sobre o río Tórdea. O marco de Demondín está desprazado do seu lugar orixinal uns 830 metros en liña recta, nun cruce de camiños. Afortunadamente foi trasladado no momento do último ensanche da N-VI (segunda metade do século pasado) para non rematar como lintel, como marco para delimitar predios ou outros fins que tiveron os múltiples marcos legoeiros destruídos dende a construción deste histórico camiño. Neste último, ao contrario do de Gomeán, pode apreciarse que a distancia á Coruña era de 16 leguas (naquel intre, tendo en conta que o valor mudou co tempo, era de 6.687 m).

## 4.2 OS DÍAS DE FONTÁN NO CORGO

Axudado polo arquitecto Alejo Andrade, Domingo desprázase ata O Corgo o 12 de setembro de 1828 para medir a base homónima de case 5 km de lonxitude. Os traballos para delimitala remataron o día 22 (do mesmo mes) e estableceron os extremos da base no “Mesón da Penela” (Gomeán) e no alto de Cabreiros.

A continuación empregamos as propias palabras de Domingo Fontán para describir a súa estada no Corgo (textos pertencentes a un caderno de campo e extraído, con autorización, do blog “Cuadernos de Domingo Fontán” da FDF).

### Día 12 de setembro de 1828:

“Salimos de Lugo (con las perchas) al marco 16 para medir la base. Se mojaron mucho las perchas, se estableció la 1ª próximamente al Mesón de Penela y se fijó un pilar de piedra con cabeza de plomo en el otro extremo junto a un peñasco que domina la zanja del norte”.



Imaxe 4.2.1. Casa de Penela (Gomeán)

### Día 13 de setembro de 1828:

“Se empezó la medida con lluvia y fuerte aguacero y se construyó una cabaña sobre el extremo occidental para el abrigo del anteojo de pasos, midiéndose ocho tandas y media con mucha dificultad por la proximidad de la zanja, ocurrió un fuerte aguacero a las 12 quedando despejada la tarde, fue preciso establecer la línea más hacia el camino para lo cual se clavó un piquete al extremo

de la percha 2ª tanda 9ª y otro al principio de la percha 3ª ambos con cabeza de plomo y así se midió con mucha celeridad hasta la regla 3ª tanda 21ª. En la noche del mismo día 13, se compararon las perchas con el metro, se hallaron mayores que los 5 metros en 0,0015 m. y sensiblemente iguales. El termómetro señalaba 18°.

#### **Día 14 de setembre de 1828:**

“Por ser domingo lo dedicamos a verificar las perchas examinando desde luego, si eran iguales entre sí. A este fin empleamos un comparador de palanca encodada cuyos brazos eran el uno de 9 centímetros y el otro de 244 (comparador de Lenoir) las perchas 1ª 2ª y 3ª resultaron exactamente iguales pero la 4ª nos pareció menor mediante avance el comparador en un arquito de 5 milímetros, así que para saber lo que retrocedió el codillo formamos la proporción  $2.440:90 = 5$  mm. (de avance del arquito nunca el resultado de tal división) al retroceso. Resulta pues la 4ª menor que las otras en 0,184 mm.

Se hizo esta operación antes de comer y por la tarde se pusieron piquetes en la alineación de la base a 180 metros de distancia aproximada partiendo del último hasta la casa del Corgo. Por último, indicando el termómetro 16° y medio comparadas las perchas 3ª y 4ª con el metro resultaron mayores que 5 metros en un milímetro”.

#### **Día 15 de setembre de 1828:**

“Buena mañana muchísimo calor, tuvimos que suspender la medida al paso de 1.500 soldados.

La percha nº 1 en la tanda que va señalada con más encabeza con la nº 2 a la mitad de su espesor por un vicio de alineación resulta pues que al largo de la percha nº 1 debe ser añadido en una cantidad igual al exceso de la hipotenusa de un triángulo rectángulo cuyos catetos son el mismo espesor de ella.”

#### **Día 16 de setembre de 1828:**

“En la mañana de ese día hubo una niebla densísima que humedeció las perchas de las 5,30 a las 9,30 h. después hizo un calor fuerte aunque más tolerable que el del día 15”.

#### **Día 17 de setembre de 1828:**

“Estuvo muy templada la mañana y excelente para trabajar, a las 11 sobrevino un aguacero que mojó las perchas en el espacio de 2 horas y siguió buena tarde y fresca y como la mañana”.

#### **Día 18 de setembre de 1828:**

“Presentóse muy malo el día, mojáronse las perchas y se recogieron la 3ª y 4ª para compararlas después de sufrir 3 horas de lluvia, la primera de ellas resultó de 5 m,0014 y la otra de 5 m,0014. Estas comparaciones todo el día a la intemperie y las susodichas se sacaron al camino después de comer para continuar la medición”.

#### **19 de setembre de 1828:**

“Buen día mañana templada calor notable después de las 10 hasta la noche. Observé el barómetro en nuestra habitación del Corgo, piso bajo del parador del Sr. Don Andrés Valcárcel...”

Concluida la tarea del día al anochecer se midió la percha nº 3 en el mismo camino estando el termómetro a los 17° y resultó igual a 5 metros,00.

La percha nº 4 se midió a las 10 de la noche estando al rocío como las demás, resultó igual a 5 metros,00055 siendo la temperatura de 14° y medio”.

#### **Día 20 de setembre de 1828:**

“Las perchas quedaron en el patio de la casa del Corgo y con ellas se empezó la medida a las 6 después quemaba el sol...”

Comparo en el campo la percha nº 3 a 25° (grados centígrados) 5 m,0007. La nº 4 4° 5 m,0007”

#### **Día 21 de setembre de 1828:**

“Quedaron abrigadas las perchas 3ª y 4ª en el Mesón de la Penela y las otras vinieron al Corgo y quedaron al rocío.

Comparada la 1ª y 3ª antes de que descubriera el sol excedió aquella a esta en 0 mm,4

En la madrugada de este día se fue a la Penela en donde terminó la base a las 4 y media de la tarde enterrando una piedra de  $\frac{3}{4}$  de altura con



un agujero de 2 pulgadas de profundidad cubierto con una chapa de plomo, la superficie de este agujero está a 2 ó 3 cuartos debajo del camino. En la zanja se clavaron a la distancia de una percha dos piquetes de castaño y otro en dirección al mesón o más bien a la caseta del pozo.

El extremo de esta base dista 35 m,6 de la esquina de esta caseta”.

O 21 de setembro realizou medicións barométricas no seu cuarto do Corgo.

**Día 22 de setembro de 1828:** continuou facendo observacións barométricas.

“Midióse en el Corgo la percha nº 2 que había quedado al rocío y se halló que a 17º tenía 5 m,00135”.

Ese mesmo día deuse por concluída a medida da base. Fontán e Andrade foron tan precisos que tiveron en conta a dilatación do latón que cubría os extremos das perchas, determinando os seguintes valores medios:

“Perchas secas (días 15, 16 y 21) 5 metros, 001613553.


Perchas húmedas o mojadas (días 13 y 18) 5 metros,0026133553.

Perchas rociadas (día 20) 5 metros,0020133553.

Perchas seco húmedas (días 17, 19) 5 metros,002113553.

Perchas seco rociadas (día 20) 5 metros,001813953.

Siendo la medida en metros de la base nivelada 4995, 392897 y medida al nivel del mar 4994,878679 metros”.



Imaxe 4.2.2. Representación da base do Corgo no mapa de Fontán (superior) e translación da mesma á cartografía actual (inferior)

Grazas ás observacións barométricas que realizaba en Noia o seu irmán, Andrés, ás horas concertadas, Fontán puido reducir a base ao nivel do mar segundo nos describe no seguinte manuscrito (obtido do blog “Cuadernos de Domingo Fontán” da FDF):

“Operaciones Geodésicas de Galicia

Bases del Corgo y Formarís. Su reducción al nivel del mar.

La Base del Corgo medida en la carretera de Lugo a Astorga a dos leguas de aquella ciudad entre Cabreiros y Gumian se halla a 454 metros de altura sobre el nivel del mar y necesita una pequeña corrección. En efecto aumentando el radio de la esfera osculatriz que más se aproxima a la superficie de Galicia en 454 metros, serán proporcionalmente mayores los arcos de sus círculos máximos: Así que la base que es uno de ellos será algún tanto mayor que si perteneciese o se proyectase sobre una esfera cuyas dimensiones son menores.

El radio de la esfera cuya superficie se aproxime a coincidir con la que representa la totalidad de la Carta de Galicia, suponiendo su latitud media de 42°47'30” contiene 6.374.897 metros, empleando en su cálculo el aplicamiento 1:308,65 = 0,00324 el Log. R. del ecuador = 6.80458 metros y para disminuirla tendremos la proporción siguiente:

Como el Radio correspondiente a la Base Comp L. 3,1954959

es el Radio de proyección L. 6,8044732

así la Base medida (4995,0367 m) L.3.6985387  
es la Base proyectada sobre el el mar (4995,0367  
m) 0 m. 3,6895387

Diferencia o sea reducción al nivel del mar 0 m.  
3562

[...]

Nota

Las bases susodichas debieran conservarse para que en todo tiempo se verifican su exactitud, y a este fin elevarse pilares en sus extremos o en una línea paralela a la base, interceptada por perpendiculares a ella levantadas en dichos puntos con este objeto se clavaron en la carretera de Santiago dos pilares cuyos extremos superiores tendrán unos 2 pies de profundidad respecto a la superficie del camino. En ellos hay un agujero circular con una plancha de plomo en su fondo, sobre la cual se trazó el punto en que terminaba el aplomo cónico tangente al uno y al otro extremo de la base. El Gobierno puede mandar que los Ayudantes de Caminos D. Alejo Andrade que conoce la posición de la base habiéndome acompañado a medirla en el año 1828 y D. Domingo Lareo que cuida de dicha carretera hagan levantar pilares según va dicho, y como se ha hecho en otros países, siendo los célebres D. Jorge Juan y D. Antonio Ulloa los que hicieron construir estas pirámides para perpetuar la medida de las bases y más operaciones del Perú.

También debe conservarse el metro que sirvió para determinar la longitud de las perchas con que verifico la medida de una y otra base. Este instrumento construido en latón por Fortin se halla en el Gabinete de Física de la Universidad de Santiago; y aún se conservan las mismas perchas de la base del Corgo que tienen 5 metros cada una de las 4; estando aquel de temperatura 18° centesimales, corrección que se tuvo en cuenta.”

A segunda páxina da Gaceta de Bayona do venres, 12 de decembro de 1828 (nº 21) publica

un artigo sobre a medición da Base do Corgo por parte de Fontán:

“Lugo 23 de Noviembre. Con motivo de levantar el plano del terreno que media entre esa ciudad y la de Santiago a fin de dar al camino la condición más ventajosa, el Dr. D. Domingo Fontán, Catedrático de Matemáticas Sublimes de aquella Universidad y Don Alejo Andrade Yáñez de la Real Academia de San Fernando, han medido en el mes de Septiembre último una base de 6.000 varas en la legua 17 de la carretera que sale de Lugo a Castilla, llamada vulgarmente del Corgo por su particular rectitud. Para la medición de esta base, que debía serlo de la triangulación desde Lugo a Santiago y otros diferentes puntos de Galicia, han empleado 4 perchas de pinavete de Holanda preparado con varios baños de aceite y litargio, sus extremos metálicos y los costados guarnecidos con una armadura romboidal que impedía que hiciesen las perchas alguna curvatura en perjuicio de la exactitud de la medición.

Acada una la acompañaba un nivel de cartabón con un delicado perpendículo sobre una graduación tan prolija que apreciaba las más pequeñas inclinaciones de cada percha respecto de la horizontal; y además las correspondientes mesas y carretes en que serán conducidas. Facilitándolas al mismo tiempo un suave movimiento lateral y de vaivén para los momentos del contacto. Aparato preferible al de los caballetes que se emplearon en el Perú.

Hechas las comparaciones diarias de las perchas con el metro metálico que las acompañaba, y las convenientes reducciones por razón de inclinación temperatura y estado de la atmósfera, han reducido la verdadera longitud horizontal entre los extremos de la base, los cuales para su conservación y que pudiesen ser útiles en lo sucesivo, fijaron en dos robustas pilastras de piedra sillar con sus planchas metálicas embutidas, y en todo enterrado a la conveniente profundidad dentro del área del Camino Real, remitiendo sus distancias a diferentes peñascos y casas inmediatas para que aun cuando llegasen

a moverse dichas piedras, no se perdiesen los puntos extremos de la base.

Concluida la mediación, dieron principio a la triangulación con dos primorosos círculos repetidores, iguales al que se han empleado en la medición de la meridiana de Francia, dos sextantes de reflexión.

Construidos en Inglaterra por Troughon y Allan, un primoroso barómetro de Fortín y un acromático muy fuerte de pasos meridianos que no cedía a los demás instrumentos. No solo llevaron dicha triangulación hasta Santiago y límites de la provincia de León y Asturias, estacionándose en los cerros más bien terminados, sino que situaron al mismo tiempo geoméricamente las parroquias intermedias, las cordilleras más notables y los afluentes y cursos de algunos ríos y arroyos.

Dedujeron por observaciones recíprocas la altura sobre el nivel del mar de los puntos más interesantes, resultando de estas operaciones, que los trabajos hechos con el mayor cuidado e inteligencia por el Dr. Fontán en los años anteriores desde el Cabo Finisterre y Ortegá, para la continuación de su Mapa de Galicia, no solo estaban conformes a la repetición, sino que la base medida en aquel tiempo (de Formarís) a la inmediación de Santiago, de la cual deriva su triangulación, conviene exactamente con la última medida en el Corgo. Estas operaciones, en que además de la inteligencia y escogidos instrumentos para ejecutarlas con acierto, es menester hacer muchos sacrificios personales y pecuniarios, no pueden repetirse con frecuencia a menos que los costee el erario público, y como por otra parte sabemos que en España no hay más bases medidas con tanta prolijidad y precauciones que de las dos que hemos hablado, será lástima que se pierdan o se sepulten en el olvido; pues bien consideradas son un monumento muy interesante a los progresos de la geografía de nuestro suelo, y un principio del cual podría partirse para la continuación del Mapa de España, sin tener que apelar a nuevas mediciones tan costosas como incómodas y difíciles.

Esto no obstante, sabemos que continuarán en esta clase de trabajos en cuanto se lo permitan las atenciones de sus destinos, y que si el Dr. Fontán llegase a concluir felizmente su Mapa de Galicia, en que trabaja hace más de seis años, será el único que posea España hasta el presente”.


Unha vez rematados os traballos de medición da base do Corgo, Fontán comezou a triangular establecendo unha estación no monte de Bidueiros (no mapa de Fontán, Vidueiros) situado a 636 m de altitude na fronteira entre os concellos de O Corgo e Castroverde.



Imaxe 4.2.3. Solpor na Cruz do Picato (monte de Bidueiros) onde Fontán situou unha estación que hoxe é un dos vértices xeodésicos do Instituto Xeográfico Nacional

A partires da estación de Bidueiros e do extremo da base situado no alto de Cabreiros, Fontán estableceu outra estación no alto do Picato (842 m) e con esta e, de novo, o extremo occidental da base do Corgo situou outra no Pico do Páramo (877 m). Empregando a estación do Páramo e a do Picato, situou outra estación no monte de San Fitoiro (728 m), de grande importancia para a triangulación da provincia de Lugo, e foi estendendo a triangulación ata enlazala coa que xurdira da base de Formarís.






Imaxe 4.2.4. Triangulación feita por Fontán da zona do Corgo


## 5 LECTURA ACTUAL DO CORGO NO MAPA DE FONTÁN

Observando detidamente o mapa de don Domingo podemos atopar cada unha das 38 parroquias que hoxe ten o concello, algunhas con pequenos erros nos nomes: Gumián (Gomeán), Bergaz (Bergazo), Segobia (Segovia), Mañán (Manán), Cereda (Cerceda)... Con incríbel precisión vai situando cada unha das igrexas parroquiais no mapa errando só na das dúas Folgosas: San Martiño e Santo Estevo, que están intercambiadas.



Imaxe 5.1. Extracto da lámina de "Lugo" referente ao concello do Corgo (Cela é a única parroquia que sae xa na lámina inferior, a de Monforte)

Adai aparece como a única vila do concello (indícase a feira no mapa) e xa se indica O Corgo como capitalidade municipal. Ademais das parroquias, recóllense dous lugares: Hospital e Bocelo, puntos importantes do Camiño Real – variante do Camiño Francés de Santiago que chegaba a Lugo- que cruzaba o Tórdea na ponte de Lago.



Imaxe 5.2. Extracto da lenda do mapa, na que aparecen única e exclusivamente os símbolos referidos ao Concello do Corgo

No mapa aparecen os ríos e regos máis importantes do concello: Miño, Neira, Chamoso (non aparece o nome), Tórdia (Tórdea), Mazandán..., pero tamén altos como o Monte de Bidueiros (recóllense máis elevacións pero sen nome). En canto a estradas aparecen o Camiño Real de Acceso a Galiza (delimitando a base que empregou para a construción do mapa) e unha serie de estradas que a día de hoxe seguen sendo importantes. Aínda que se recollen debuxadas varias pontes, as únicas nomeadas son a Ponte de Neira (Cela), a Ponte da Torre (Anseán) e a da Areosa (Paradela).

## 6 UNHA MERECEIDA HOMENAXE

O BNG do Corgo leva a pleno do 11 de outubro de 2018 un rogo cuxa exposición de motivos estaba baseada nos tres artigos que o seu voceiro, Mario Outeiro Iglesias, publicara no xornal El Progreso para poñer en valor a figura de Fontán, a súa magna obra e a relación que esta tivo co Corgo:

- 12 de agosto de 2018, titulado “O ignoto Fontán”.
- 19 de agosto de 2018, titulado “Fontán, o espello de Galiza”.
- 26 de agosto de 2018, titulado “O Corgo, base da Carta Xeométrica de Fontán”.

## O Corgo, base da Carta Xeométrica de Fontán

**C**HEGAMOS AO remate desta ‘triloxía’ de artigos dedicada a Fontán, falando da súa magna obra, e polo título, a maioría das e dos lectores adivinarían como foi o meu primeiro contacto coa biografía de D. Domingo. Se tiveramos un goberno galego que apostase dun xeito consistente polas producións audiovisuais propias (e polo país), Fontán tería unha película, ou unha serie, para divulgar a súa intensa e proufílica vida, pero semella un personaxe destinado, polo menos a curto prazo, a seguir no anonimato para a maioría das e dos galegos.

Domingo Fontán foi capaz de levantar en tan só 17 anos (1817-1834) unha carta xeométrica que tivo vixencia ata a aparición dos satélites e aínda hoxe, podemos ver como máis da metade das parroquias do mapa (case o 100% das existentes na época) están situadas a menos de medio quilómetro do cruceiro da igrexa parroquial (o Visor xeográfico da Xunta permítenos comprobalo ao superpoñer o mapa de Fontán sobre a cartografía actual; mapas.xunta.gal/visores/basico). Este feito adelantounos máis de cen anos ao Estado Español en posuír unha ferramenta técnica e precisa que foi fundamental para deseñar a rede de estradas e ferrocarrís dunha nación cunha xeografía complexa.

Domingo empregou o pombal do pazo de Sobrecarreira (Cambre), da familia de político e amigo Antonio Loriga, para facer as primeiras probas, un ano antes. Unha vez testado o método pasou a fixar o len 0' da súa carta xeométrica, que situou, a carón da súa casa en Compostela, na Torre do Reloio da Catedral, a Berenguela. En palabras do noso protagonista: ‘atopei a latitude da Torre do Reloio da Catedral por máis de 144 observacións astronómicas da Pelar, e por outras 200 de Orión e por outras meridiana do Sol’. Unha vez fixado o mapa dentro do universo, Domingo comezou a situar



Domingo Fontán foi capaz de levantar en tan só 17 anos (1817-1834) unha carta xeométrica que tivo vixencia ata a aparición dos satélites

parroquia a parroquia polo método da triangulación (empregando os teoremas de Delambre de trigonometría esférica). Precisaba para iso unha rede longa e chá, algo complexo en Galiza. A primeira base, coa que triangularía a metade occidental do país, atopouna na estrada que comunica Santiago coa Coruña, ao seu paso polo que hoxe é o polígono do Tambre (base de Formariz), cunha lonxitude de aproximadamente 2,3 km (outo de 1820). Para medila Fontán contou co instrumental máis avanzado que existía en Europa, unha formación rigorosa e, como adiantado que foi, empregou o metro (unha unidade que non foi adoptada oficialmente en España ata 1849).

A partir dun lado do triángulo (base) Fontán calculaba a lonxitude dos outros dous, denominando estacións aos vértices do mesmo. Cada estación era vértice de outros moitos triángulos ata cubrir a metade occidental de Galiza. A partir destes triángulos maiores, o xeógrafo foi establecendo triangulacións de segunda e terceira orde para situar parroquias, accidentes xeográficos e estradas. Pero a maioría de obter un mapa en dúas dimensións, Domingo foi capaz de imprimirlle volume na que medía a altura de todas as estacións coa axuda do seu irmán Andrés que medía en Nota (nivel do mar), presión atmosférica e temperatura ás horas acordadas

con Domingo (que facía o mesmo no lugar onde estaba).

Oito anos despois (de establecer a base de Formariz), Fontán decide estender a triangulación á metade oriental e atopa no Corgo o lugar idóneo para establecer a segunda base do seu mapa: unha cháiña atravesada por unha estrada recta dabanha legua de lonxitude (A Legua Dereita), construída baixo o mandato de Carlos III e deseñada polo enxeñeiro Francés Lemaur a finais do s. XVIII (Camíño Real de acceso a Galiza). Acudado polo arquitecto Alejo Arriñade, Domingo desprázase ata O Corgo o 12 de setembro de 1828 para medir a base homocinética de case 5 km de lonxitude. Os traballos para delimitar a remataron o día 21 (do mesmo mes) e estableceron os extremos da base no ‘Mesón da Peneira’ (Alto de Gomeán) e no alto de Cabreiros (nas proximidades do que hoxe é o cruzamento de acceso a Santa Mariña).

Construído o mapa, a Fontán quedáulle algo sumamente importante, conseguir financiamento para a súa impresión. Para iso Fontán desprazouse á Corte, en decembro de 1834, para presentar a Carta Xeométrica (conrador manuscrito) a recente María Cristina. Despois de varias vicisitudes, que precisarian doutro artigo, Fontán remataría por imprimir en 1845 a súa obra magna (que melloraba e corruxía o orixinal de 1834). Faríao en París nos talleres de Bouffard (recomendado polo seu amigo íntimo Ramón de la Sagra) grazas a doce grandes pedras que serviron para estampar no papel o verdadeiro ‘mapa de Galiza’. Houbo máis edicións en anos sucesivos e polo tanto hai espallados polo territorio dúas de exemplares, pero poucos de acceso público. Afortunadamente un dos que está mellor conservados atópase na entrada do IES Lucas Augusti (polo cal pasaron milleiros de haxemes) á vista do público xeral, grazas a un convenio coa Deputación Provincial.

2. Que o concello organice unhas xornadas divulgativas sobre a figura de Fontán, na que se explique a súa biografía e o proceso de construción do mapa de Galiza (a partir da base do Corgo).
3. Que o concello poña un panel informativo no Alto de Gomeán (vértice da base do Corgo).
4. Que o concello se faga con varias reproducións do mapa de Fontán para colocalas en lugares de uso público como o CEIP do Corgo, a casa do concello e o centro sociocultural.

O rogo foi moi ben acollido e o daquela alcalde, José Antonio Ferreiro González, aproveitou o asunto para facer a seguinte proposta, así recollida na acta do devandito pleno: “O alcalde di que aproveitando isto, quería comentar que propondrá ao Pleno que se dedique unha rúa ao anterior alcalde, Darío Díaz-Castroverde, que foi o primeiro que abriu e fixo o Centro de Saúde”.

Outro pleno importante no desenvolvemento da cuestión foi o do 29 de marzo de 2019, no cal o Equipo de Goberno levaba unha proposta (o punto nº 7 da orde do día) que levaba por título: “Adicación de rúas a D. Darío Díaz-Castroverde e D. Domingo Fontán”. A alcaldía debeu de considerar suficiente xustificación o rogo do BNG (do once de outubro) para a rúa Domingo Fontán porque a exposición de motivos só mencionaba os méritos de Darío Díaz-Castroverde para bautizar a rúa de acceso ao Centro de Saúde (pese o título).

A acta do pleno recolle o seguinte:

Así mesmo, na sesión plenaria de 11 de outubro de 2018, o grupo político do BNG, interesábase, cunha ampla xustificación, pola adicación do vial a D. Domingo Fontán o cal, saíndo do edificio da Irmandade, discorre paralelo á estrada N-VI.

O pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar ámbalas dúas propostas.

Imaxe 6.1. Terceiro dos tres artigos escritos por Mario Outeiro en El Progreso

O devandito rogo remataba coas seguintes peticións:

### ROGO

1. Que o concello poña o nome de “Rúa Domingo Fontán” ao vial que, saíndo do edificio da Irmandade, vai paralelo á estrada N VI.



Mario Outeiro recorda que co seu rogo de adicar unha vía a D. Domingo Fontán, se contemplaban outras medidas, como a realización dunhas xornadas divulgativas, polo que se podería poñer en contacto coa Fundación Domingo Fontán e poñer un panel onde este cartógrafo e matemático enterrara un cilindro (no lugar próximo á Casa de Penela).

O BNG tiña rexistrado, precisamente para ese pleno outro rogo no que insistía nos últimos tres puntos do primeiro dos rogos, asunto que foi debatido xunto coa anterior proposta do Equipo de Goberno.

Polo medio celebráronse as eleccións municipais e unha semana antes de constituírse a nova corporación levaríase a cabo o bautizo das dúas rúas, o sábado 8 de xuño, no que sería o último acto institucional de José Antonio Ferreiro como alcalde. Ao acto asistiría moitísimo público comezándose coa apertura da avenida de D. Domingo Fontán.



Imaxe 6.2. Público asistente ao bautizo das dúas rúas.

No acto interviría o concelleiro Marcos Trashorras Reija cun acertado discurso que recollemos no Anexo II deste artigo. Para a ocasión, achegáronse ao Corgo a presidenta da Fundación Domingo Fontán, Dna. Everilda Sánchez Fontán, bisneta do xeógrafo, e César Camargo Sánchez, vicepresidente da fundación e tataraneto de Fontán.



Imaxe 6.3. Everilda Sánchez Fontán descubriendo a placa "Avenida Domingo Fontán. Matemático-Xeógrafo"

A continuación descubriríase a placa da avenida Darío Díaz-Castroverde rematando o acto cun ágape no Centro Sociocultural. Acababa de repararse unha débeda histórica do noso concello con tal ilustre persoeiro. O acontecemento sería retratado pola prensa local tal e como segue:



## O Corgo se vuelca en el homenaje a Darío Díaz y Domingo Fontán

Sus familiares agradecieron que se recuerde con sendas calles al exalcalde y al geógrafo

■ ■ ■  
 Un momento del descubrimiento de la placa en la calle dedicada a Darío Díaz.

esa vía, tal y como recorda desde hace tiempos marcial. Tras su muerte, tanto el niño José Antonio Ferrerín, que dejara el puesto en huera, cuando se concretara la nueva corporación, al no haberse pronunciado a la realización.  
 Fue precisamente Ferrerín, entonces de alcalde con el honorario durante los años, quien recordó la figura de Darío Díaz, «un bo veciño e un bo alcalde». Destacó especialmente de esta etapa como la creación del grupo escolar, del primer centro de salud y del pabellón, el impulso de la feria de abril e la apertura de muchas vías. «Foi un gran momento. E se o quisiéramos diciríamo mais outros actos pódíanse como alcalde», concluyó.  
 En el caso de Ferrerín, al que se le ha dedicado un paseo de la P.V. do la cámara agraria a la galonera, se recordó en agosto de 2018 y fue nombrado en la persona de Penela, en Comisión, una zona donde atraxo una base de su familia.  
 Este homenaje responde a una propuesta alianza del BNG aprobada por toda la corporación.

Imaxe 6.4. Nova recollida polo xornal El Progreso, o domingo, día 9 de xuño de 2019

Tralo acto de bautizo da avenida, a Fundación Domingo Fontán doou ao concello do Corgo unha copia dixitalizada do orixinal (co mesmo tamaño) que Domingo Fontán amosou en decembro de 1834 á rexente María Cristina e que estivo exposto en Madrid, en cumprimento do cuarto punto do rogo do BNG do Corgo. Este exemplar sería enmarcado e situado no Punto de Atención á Lectura do Corgo (antigas escolas da capitalidade). A maiores o concello adquiriría dúas reproducións (de menor tamaño) do mapa de Fontán, realizadas polo Instituto Xeográfico Nacional, para situar nas instalacións do CEIP Plurilingüe do Corgo, así como un segundo exemplar no Punto de Atención á Lectura.



Imaxe 6.5. Mapa de Fontán (doado pola Fundación Domingo Fontán ao concello do Corgo) situado no Punto de Atención á Lectura

## 7 CONCLUSIÓNS

O concello do Corgo foi moi importante para que Domingo Fontán construíse o primeiro mapa científico de Galiza, poñendo rostro a unha nación de difícil orografía e dunha brutal dispersión poboacional (aspectos que dificultaron, e moito, a construción do mesmo). O emprego dunha recta longa e chá (a coñecida como A Legua Dereita do Camiño Real de acceso a Galiza) para situar a segunda das bases permitiulle construír a metade oriental da Carta Xeométrica de Galicia, poñendo, como dicíamos antes, ao Corgo no mapa, e á vez, o mapa no Corgo.

Case dous séculos despois de tal acontecemento (do desprazamento de Fontán ao Corgo xunto co enxeñeiro Alejo Andrade) para a medición da segunda das bases, a poboación local seguía tendo un gran descoñecemento tanto da figura do autor, como da Carta Xeométrica, como, por suposto, da importancia do noso concello para a súa construción.

Neste artigo recóllese como foi esa recuperación da memoria histórica a partires de tres artigos no xornal *El Progreso* de Mario Outeiro e da proposición do BNG do Corgo no pleno de outubro de 2018 que derivarían no bautizo dunha rúa paralela á base do Corgo como “Avenida Domingo Fontán. Matemático-Xeógrafo”.

Tres anos despois o concello colocaría varias reproducións do mapa de Fontán (en distintos tamaños) en edificios senlleiros do concello, pero a día de hoxe quedan por executar dous dos puntos da proposta orixinal: a organización dunhas xornadas divulgativas sobre a figura de Fontán, na que se explique a súa biografía e o proceso de construción do mapa de Galiza (a partires da base do Corgo), e que o concello poña un panel informativo na parroquia de Gomeán (vértice da base do Corgo).

Tamén quedaba por realizar un artigo divulgativo sinxelo que amosase a importancia do noso protagonista, da súa magna obra e de como O Corgo foi pagando esa débeda histórica co xeógrafo de Portas.

## 8 BIBLIOGRAFÍA

### MONOGRAFÍAS

ABUÍN ARIAS, Jesús. *Historia de Corgo*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, 2000.

BARRAL MARTÍNEZ, Margarita et al. *Unidade didáctica Domingo Fontán e a Carta xeométrica de Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2018.

CALVEIRO, Marcos. *Fontán*. Vigo: Editorial Galaxia, 2015.

CORES TRASMONTE, Balduino. *Domingo Fontán no Parlamento*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 2008.

FORTES, Alberto. *A viaxe xeométrica de Domingo Fontán*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2021.

MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo. *Domingo Fontán*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, 2005.

XIZ, Xulio. *O Corgo, amplo horizonte*. Lugo: Concello do Corgo, 2007.

### ARTIGOS EN REVISTAS

GÓMEZ VILA, Javier. “O camiño real de acceso a Galicia e a súa pegada nas terras do Corgo”. *Corga*, 2011, nº 2, páxs. 18-31.

GÓMEZ VILA, Javier. “Contos, pontes e pousadas do camiño real de acceso a Galicia”. *Corga*, 2013, nº 4, páxs. 66-77.

### PÁXINAS WEB

<http://www.fundaciondomingofontan.es> [Consultado: 20/10/2022].

<https://cuadernosdedomingofontan.com> [Consultado: 26/1/2022].

<http://consellodacultura.gal/especiais/domingofontan> [Consultado: 10/10/2022].

<https://dbe.rah.es/biografias/17619/domingofontan-rodriguez> [Consultado: 01/10/2022].

<https://magnet.xataka.com/idolos-de-hoy-y-siempre/hazana-domingo-fontan-mapa-galicia-siglo-xix-increiblemente-exacto> [Consultado: 25/10/2022].

<https://mapas.xunta.gal/visores/basico> [Consultado: 11/10/2022].

<https://mapas.xunta.gal/visores/comparador> [Consultado: 11/10/2022].

<https://museovirtual.usc.gal/es/bienes/domingofontan> [Consultado: 30/10/2022].

<https://museovirtual.usc.gal/es/bienes/vitor-de-domingo-fontan> [Consultado: 30/10/2022].

<https://www.ragc.gal/gl/project/dia-da-ciencia-en-galicia-2018-domingo-fontan-rodriguez-2/> [Consultado: 01/11/2022].

<https://www.ign.es/web/catalogo-cartoteca/resources/html/002693.html> [Consultado: 01/11/2022].


### OUTROS

Documentación orixinal custodiada pola Fundación Domingo Fontán.

Artigos do xornal “El Progreso”: de Álvaro Cunqueiro (2 de xuño de 1957) e Mario Outeiro (12, 19 e 26 de agosto de 2018).

### ANEXO I: O CORGO NA UNIDADE DIDÁCTICA “DOMINGO FONTÁN E A CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA”

No ano 2017 cúmprianse dous séculos do inicio da elaboración da Carta xeométrica de Galiza por Domingo Fontán. Co gallo desa efeméride a Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega deseñou un material didáctico co fin de difundir entre o público xeral e escolar as importantes achegas deste ilustre persoeiro.



Imaxe A1.1. Portada da unidade didáctica sobre a Carta xeométrica de Fontán realizada polo Consello da Cultura Galega



A unidade didáctica inclúe a vida e o obra do protagonista e na segunda parte propón unha serie de actividades e problemas: para a parte histórica, para a parte xeográfica e unha colección de once problemas. A continuación, incluímos (literalmente) dous problemas relacionados coa base do Corgo (o 1 e o 11):

**Problema n.º 1. A base do Corgo. Primeiro triángulo**

“Rematados os traballos para delimitar os extremos da base do Corgo, o que toca é situar unha nova estación. Fontán decidiuse por colocala no monte Bidueiros, situado preto da aldea de Espasande, cara ao norte. Imos calcular, a partir deste anaco do mapa de Fontán, a altura do monte (escrito «Vidueiros» no mapa), sabendo que foi a primeira estación que calculou Fontán despois de comprobar que a base do Corgo medía 5975 varas (unha vara de Castela, correspóndese con 0,835 m). Coas tres estacións construíu o primeiro triángulo da zona leste de Galicia.


Os ángulos de elevación que Fontán calculou enfocando co seu teodolito ao cume do monte Vidueiros desde os dous extremos da base foron  $a = 1^\circ 10' 25''$  desde o extremo oeste e  $b = 1^\circ 29' 21''$  desde o extremo leste. Considerando desprezable a diferenza de altura entre os dous extremos da base, serás capaz de calcular a altura desa nova estación?”



**Problema n.º 11. Un investigador esperpéntico**

“Un esperpéntico detective empeñouse en estudar o mapa de Fontán nas proximidades da base do Corgo para coñecer a orde en que o cartógrafo foi construíndo os triángulos a partir dela.

Se analizas con atención a imaxe, ti tamén serás capaz de conseguilo. Cantos triángulos podes construír ordenadamente?”



**ANEXO II: DISCURSO DO CONCELEIRO MARCOS TRASHORRAS REIJA NA INAUGURACIÓN DA RÚA DOMINGO FONTÁN**

“Hai algo máis de 190 anos, alá polo ano 1828, un home subido a un cabalo, ou quizás a un burro, cargado cun caderno e uns cantos instrumentos cartográficos, chegou ao Corgo e mediu, durante 11 días, a estrada ante a que nos atopamos, dende o Alto de Gomeán ata o alto de Cabreiros, -a Legua Dereita (recta dunha legua de lonxitude)-, co obxecto de establecer no Corgo a segunda base do seu gran proxecto: a Carta Xeométrica de Galicia, un mapa que retrata o territorio galego cun rigor que en moitos lugares non se conseguiu superar ata que o ser humano puido enviar satélites ao espazo, e que este home foi capaz de rematar no ano 1834. Este home era Domingo Fontán Rodríguez.

Fontán é seguramente un descoñecido para Vostedes, e sería imposible, contar, en pouco tempo, a ampla andadura deste home durante os seus 78 anos de vida. Foi un home moi recoñecido e pouco coñecido, que destacou como docente, facendista, político e empresario. Serva para facerse idea da súa importancia dicir que os seus

restos foron trasladados no ano 1988 ao Panteón de Galegos Ilustres onde repousa xunto con Rosalía de Castro, Castelao e outras importantes figuras galegas.

Hoxe ímonos centrar principalmente na súa faceta como xeógrafo, que o fai merecedor do recoñecemento que imos outorgarlle. O compañeiro Mario Outeiro foi quen tivo a iniciativa desta homenaxe, e a corporación, por unanimidade, acordou poñerlle o seu nome a esta rúa na súa honra.

De xeito resumido, Domingo Fontán naceu no 1788 no lugar de Porta do Conde, no concello de Portas (Pontevedra), dunha familia acomodada que lle permitiu adquirir unha ampla formación. Con 12 anos xa estuda Filosofía na Universidade de Santiago, e asiste a clases de Humanidades e Ciencias Exactas, falando xa a tan curta idade varios idiomas. Un dos seus profesores, o matemático José Rodríguez, figura de referencia internacional e autor dalgún dos traballos que inspiraron o sistema métrico decimal, foi o principal inspirador e mentor de Domingo Fontán. Rodríguez deixou escrito que “toda nación civilizada que desexa a prosperidade do seu país, debe ter á vista un deseño exacto deste”. Fontán gravou esas palabras e decidiu dotar a Galicia, a súa terra, dun rostro que axudara a entendela mellor, a delimitar as súas faccións, porque, ata daquela, Galicia existía na medida en que se podía ver e o demais había que imaxinalo.

O pombal do Pazo de Sobrecarreira en Cambre foi onde comezou todo. Neste lugar, o xeógrafo comezou a trazar ángulos cos seus aparellos –algúns herdados do seu mestre Rodríguez–, a anotar os accidentes xeográficos que vía no horizonte e a calcular as súas distancias. Despois fixou un punto de partida para emprazar aquelas medidas nun punto da terra e escolleu a Berenguela, a Torre do reloxo da Catedral de Santiago, primeira estación desde onde mediría o resto da Carta Xeométrica. Anotou no seu caderno, “atopei a latitude da Torre da Catedral por máis de 144 observacións astronómicas da Polar e por outras 200 de Orión e por alturas meridianas do Sol”. Despois Domingo utilizou o

método da triangulación para situar parroquia a parroquia no mapa. Buscou unha recta longa e cha, cunha medida exacta, que fora o primeiro lado dos múltiples triángulos cos que ía construír o mapa, difícil tarefa en Galicia polo seu territorio, e que trazou ao norte de Santiago, entre Boisaca e Formarís, establecendo a base de Formarís.

Para facilitar o traballo, dividiu Galicia en dúas partes, a oriental e a occidental e comezou polo oeste do seguinte xeito: a partir dun lado do triángulo (a base), calculaba a lonxitude dos outros dous, chamando estacións aos vértices dos mesmos. Cada estación era vértice doutros moitos triángulos ata cubrir toda a metade occidental de Galicia en 1823.

Para estender a triangulación á parte oriental de Galicia, necesitaba establecer unha segunda base, é dicir, outra recta longa e chaira que Fontán atopa no noso concello, no Corgo. Domingo chega ao Corgo o 12 de setembro de 1828, alóxase no Mesón da Penela, no Alto de Gomeán, e durante 11 días realiza os traballos de medición da súa segunda base, a base do Corgo, que comprendía dende o Alto de Gomeán ata o alto de Cabreiros, uns 5 km de lonxitude da estrada recta dunha legua de lonxitude chamada Legua Dereita, actual Estrada N-VI que temos a carón. Esta base do Corgo será a clave do seu traballo na Galicia oriental e a conexión con Asturias, Zamora e León.

Os traballos requirían unha enorme precisión que sen dúbida lles foi dada polo seu autor, que incluso mediu a altura de tódolos vértices ou estacións. Coa axuda do seu irmán Andrés, que medía dende Noia (nivel do mar) a presión e a temperatura a unha hora acordada con Domingo, mentres este facía os mesmos cálculos na estación na que estivese situado. Deste xeito calculaba a altura, o que fixo o mapa aínda máis exacto.

Rematado o traballo Fontán presentou, en 1834, o borrador manuscrito á rexente María Cristina, quen autorizou os traballos de gravado. Tras diversos obstáculos, vicisitudes e revisións, a obra do noso protagonista foi impresa en 1845 en París, cunha tirada de centos de exemplares que viaxaron ata o porto de A Coruña para seren

repartidos por Galicia e España e posteriormente houbo outras edicións. Hoxe, algunhas copias do gravado presiden lugares de referencia en Galicia, como o Parlamento, a Real Academia Galega da Lingua, a Facultade de Xeografía de Santiago, e preto de nos, atopamos unha no Instituto Lucus Augusti de Lugo.

Para comprender a importancia e extraordinaria precisión da carta xeométrica de Domingo basta dicir que fai uns anos, a ferramenta cartográfica que a Xunta de Galicia utiliza para coñecer e administrar o territorio, quixo render homenaxe a Fontán: xunto a todas as capas realizadas (voo americano dos anos 50, imaxes por satélite, mapas súper precisos feitos con ortofotografía aérea) está superposta a Carta Xeométrica de Galicia e é incrivelmente sorprendente a exactitude das súas medidas e do emprazamento dos lugares que marcou Fontán respecto ao que rexistraron máis de 100 anos despois unhas ferramentas que custaron millóns de euros; a carta desvíase apenas uns centos de metros.

Perdoen que me estendera tanto, pero é imposible explicar con menos palabras o extraordinario traballo de Domingo Fontán, a quen hoxe dedicamos esta rúa, e quen coa súa extraordinaria sabedoría, cun cabalo, un caderno e pouco máis percorreu Galicia durante 17 anos para poñerlle cara, obtendo un resultado, como acabo de explicar, dunha precisión admirable para aquela época. Que sirva esta rúa para recoñecer a súa figura e lembrar que estivo aquí, que puxo ao Corgo no mapa, e que a partir da base do Corgo completou o proceso de construción do mapa de Galicia.

Moitas grazas.”

### **ANEXO III: ENTREVISTA A CÉSAR CAMARGO, VICEPRESIDENTE DA FUNDACIÓN DOMINGO FONTÁN**

César Camargo é tataraneto de Domingo Fontán e o vicepresidente da Fundación que leva o nome do ilustre polímata. Trala súa xubilación

como avogado (despois de catro décadas) está dedicado por completo á Fundación que preside a súa nai e que traballa para poñer en valor a figura do autor da Carta Xeométrica de Galicia. César, ábrenos amablemente as portas da súa casa, sede da Fundación Domingo Fontán, que atesoura numerosa documentación sobre o ilustre xeógrafo e ten a ben respondernos unha serie de preguntas.



Imaxe A3.1. César Camargo diante de parte da documentación que conforma o Legado Fontán

**MO: Mario Outeiro (entrevistador).**

**CC: César Camargo (entrevistado).**

**MO: Vostede é tataraneto de Domingo Fontán. Pode describirmos, con brevidade, cal é o anaco de árbore xenealóxica entre ambos os dous?**

*CC: Mi madre es Everilda Sánchez Fontán, quien por cierto, el próximo 2 de abril cumplirá cien años, hija de Regina Fontán Medina, quien a su vez fue hija de Rosendo Fontán Riva, el menor de los hijos de Domingo Fontán.*





Imaxe A3.2. Retrato de Rosendo Fontán Riva



Imaxe A3.3. Retrato de Manuela Rivas y Gómez, esposa de Domingo Fontán

**MO: Con que idade descubriu a Domingo Fontán e a súa vinculación familiar con el? Que nexos tivo a súa familia con Galicia?**

*CC: Domingo Fontán siempre estuvo presente en casa de mi abuela Regina, presidiendo el salón su retrato al óleo pintado por Esquivel, no he tenido que descubrirlo. “El abuelo” como le llamaban desde mi niñez, siempre fue alguien muy cercano; su obra en profundidad, como es lógico, la conocí mucho más tarde.*

*La familia, por parte de mi madre, siempre residió en la calle del Curro de Noia y en la Fábrica de Papel del Castro de Lousame, hasta que en 1923 fijara su residencia en Madrid, ello sin romper el nexo con Galicia.*

*Particularmente yo en mi niñez y adolescencia pasaba en Galicia los tres meses del verano, cosa que sigo haciendo en la actualidad con independencia de otras visitas, ya sea en representación de la Fundación Domingo Fontán o a título particular que con frecuencia efectúo.*

**MO: Fálenos da Fundación Domingo Fontán: cando se fundou, onde ten a súa sede, cales son as súas finalidades e actividades...**

*CC: La Fundación Domingo Fontán se constituyó el 27 de julio de 2004, por la imposibilidad de que el notario otorgase la escritura pública de constitución el 25 de julio, día de Santiago, tiene su sede en Madrid, calle Monte Esquinza, nº 37, 3º Dcha., siendo sus fines la conservación y difusión del “legado Fontán”.*

*Sus principales actividades se concretan en honrar su memoria en Santo Domingo de Bonaval en Compostela, el aniversario de su nacimiento y fallecimiento con una ofrenda floral, así como la difusión de su obra y biografía a través de diferentes artículos publicados en la página web de la Fundación o en su blog “Cuadernos de Domingo Fontán” colaborando en cuantos eventos, exposiciones y conferencias a los que tienen a bien llamarnos.*



Imaxe A3.4. Sede da Fundación Domingo Fontán (Madrid)

**MO: Segue a pensar que a figura de Domingo Fontán non é suficientemente coñecida e recoñecida en Galicia?**

*CC: Efectivamente la figura de Domingo Fontán no es que sea suficientemente conocida, es que no es conocida en Galicia y lo que no se conoce nunca puede ser reconocido.*

*En determinados ámbitos especializados efectivamente Fontán es conocido y reconocido.*

**MO: Que propoñería para mellorar o coñecemento de Fontán na sociedade galega?**

*CC: En cuanto a su conocimiento general, es de desear que de su figura y obra se ocupen los colegios, también recomendaría a sus biógrafos que no sacasen a Fontán de su contexto, que no es otro que el de la primera mitad del siglo XIX y que se acerquen a su figura con objetividad olvidándose de su particular manera de ver y sentir el presente siglo que no es el suyo, que seguramente le fascinaría como científico y le*

*defraudaría en cuanto al humanismo actual que ha dejado de ser cristiano como lo fue en su tiempo.*

**MO: Pode describirnos cal foi a importancia da recta do Corgo na construción da Carta Xeométrica de Galicia?**

*CC: La importancia de la recta de O Corgo en la geodesia es manifiesta por un doble motivo dado que allí Fontán inició la triangulación de la parte oriental de Galicia mediante la medición de la “Base del Corgo”, en la parte occidental midió otra base a la salida de Santiago, en el Camino Real que va a Coruña que llamó “Base de Formarís”. Por otro lado para levantar el Mapa Topográfico Nacional, se midió en 1875 una base de 2180 metros que dista de San Xoán do Corgo hacia el este y 11 kilómetros de Lugo, única en Galicia.*

**MO: Que lle pareceu a sinxela homenaxe celebrada no Corgo, en xuño de 2019, coa descuberta da placa co nome de Domingo Fontán nunha rúa paralela á Base do Corgo?**

*CC: En cuanto al homenaje con el que honraron a Fontán en junio de 2019, al que tuvieron a bien invitarnos, fue un acto emotivo, nos sentimos agradecidos de contar con nuestra presencia y orgullosos de ver como se recordaba y reconocía a Domingo Fontán.*

Madrid, 31 de outubro de 2022.

# ACHEGAMENTO Á VIDA EN SANTALLA DO ALTO NO SÉCULO XVIII

**Alvarez Quiroga, Carlos.**

c.alvarezquiroga@gmail.com

Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións (Universitat Politècnica de Catalunya)

**Martín Monge, Alberto.**

albertomartinmonge1@gmail.com

Graduado en Historia (UCM). Máster en Dereito Nobiliario e Premial, Heráldica e Xenealoxía (UNED)

## RESUMO

Este artigo pretende achegarnos às xentes e o modo de vida no século XVIII en Santalla do Alto, unha das parroquias do Concello do Corgo en Lugo. Un bo número de fontes documentais, como o Catastro de Ensenada, as partidas de bautismos, matrimonios e defuncións ou os preitos de fidalguía, permítennos aproximarnos a unha parroquia agrícola e gandeira, composta por unhas poucas decenas de casas dispersas e que daquela pertencía ao Señorío dos Condes de Lemos e Sarria.

## PALABRAS CLAVE

Santalla do Alto, San Salvador de Santalla Alta, O Corgo, Catastro de Ensenada, Leyrado, Quiroga, *modus vivendi*, familias de Santalla, contorna física e demográfica, século XVIII.

## 1. INTRODUCCIÓN

O devir dos nosos antepasados, as súas vivencias, as súas experiencias vitais forman parte consubstancial da nosa historia. Os momentos máis relevantes das súas vidas transmitíronse por tradición oral de pais a fillos, de avós a netos, pero co paso do tempo esas lembranzas e relatos dilúense lentamente, e raramente persisten máis aló de tres ou catro xeracións. En tempos onde boa parte da poboación non sabía ler nin escribir, nin existían os medios dos que gozamos na actualidade, a pervivencia desas historias persoais tiña, na maioría dos casos, data de caducidade.

Este artigo ten como obxectivo achegarnos á vida da xente de Santalla do Alto nas primeiras décadas do século XVIII, e en particular a algunhas das súas familias. Para iso, lembraremos as relacións existentes entre a Igrexa, os fidalgos, os señores

das terras e uns campesiños que con gran esforzo traballábanas a través dos foros<sup>1</sup>.

Santalla do Alto é na actualidade unha parroquia do Concello do Corgo (Lugo) de algo máis de 100 habitantes e conformada polos lugares de Casanova, A Eirexe, Fonteboa, Golás, Santalla, Vigo, Vilar e o xa extinto lugar de Riazor. Emprazada na riba leste do río Tórdea entre os 400 e 600 metros de altura, limita ao leste coas parroquias de Traslíste e Vilarello do veciño concello de Láncara e está bañada polos regueiros do Pombo e de Riobó. Trátase dunha aldea dedicada principalmente á agricultura e á gandería e, que ao longo das últimas décadas vén sufrindo de xeito continuado un certo despoboamento, aínda que non de maneira tan intensa coma outras aldeas galegas. Destaca entre o seu patrimonio un imponente castro da Idade de Ferro, o Castro de Vigo, e a súa igrexa, de estilo románico tardío do século XII con murais do século XVI.



Vista dos barrios de Casanova, Eirexe e Santalla desde Golás

<sup>1</sup>Un foro é un contrato esencialmente agrario de longa duración ou mesmo perpetuo, polo cal unha persoa ou institución lle cede a outra o uso dun ben a cambio dunha renda e cunhas condicións estipuladas.





Igrexa



Castro de Vigo (Muralla norte)


Malia que a primeira referencia escrita da aldea data do ano 747, coa mención da súa igrexa no testamento do bispo Odoario<sup>2</sup>, o marco temporal deste artigo aprovéitase da existencia dun significativo número de fontes documentais que nos permiten aproximarnos a algúns dos seus habitantes nas primeiras décadas do século XVIII.

## 2 AS FONTES DOCUMENTAIS DO SÉCULO XVIII

Probablemente a fonte documental máis relevante nesa época enmárcase no Catastro de Ensenada, un censo realizado a mediados de século XVIII en toda a Coroa de Castela. O catastro constituíu un paso previo a unha reforma

fiscal destinada a substituír as rendas provinciais por un só imposto. Realizouse polo tanto tamén en cada unha das provincias do Reino de Galicia (A Coruña, Santiago, Betanzos, Mondoñedo, Tui, Pontevedra, Lugo e Ourense). Seguindo a nomenclatura castelanizada imposta pola Coroa de Castela desde o século XVI, a aldea denomínase no Censo como *San Salvador de Santalla Alta* e indícase que pertence á xurisdición de *Puebla de San Julián*.

O catastro incluía un interrogatorio de 40 preguntas e as súas respostas, as *Respuestas Generales del Catastro del Marqués de Ensenada*<sup>3</sup>, ofrécenos unha excelente radiografía da economía, da sociedade, da práctica do réxime señorial e do medio ambiente. O interrogatorio liderábo habitualmente un intendente, un asesor xurídico e un escribán, mentres que as respostas ofrecíanas o alcalde, rexedores e peritos así como o cura párroco de cada localidade. Aínda que ese censo actualizouse en 1760 cun *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía*<sup>4</sup>, este non nos permite profundar en exceso na orixe e posterior evolución das persoas que alí se mencionan.



Interrogatorio do Censo de Ensenada

<sup>2</sup>In riva Flammoso et Ecclesia Sanctae Columbae ab integro cum ejus familia. Riva Tordena, Ecclesia Sanctae Eolallia Alta...

<sup>3</sup>Catastro de Ensenada. PARES. <http://pares.mcu.es/Catastro/>

<sup>4</sup>Respuestas Generales del Catastro del Marqués de la Ensenada. PARES. <http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController?action=2&opcion=10>



Libro persoal de leigos



Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas

É aí onde chegan ao noso rescate tanto os protocolos notariais como as Partidas de bautismos, matrimonios e defuncións que se conservan no Arquivo Central Parroquial da Diocese de Lugo e que si permítenos achegarnos á vida cotiá no rural galego, e concretamente na nosa aldea.

As partidas de bautismo permítenos situar ao recen bautizado na familia e na comunidade, detallando os nomes e lugares de residencia dos seus pais, avós e daqueles escollidos como padriños. Como indica Fernández Castro en *'Padriños, madriñas, afillados e compadres en Terra de Tabeirós'*<sup>5</sup>, o 'bautizo en canto sacramento borraba o pecado orixinal do neófito integrándoo na comunidade de crentes; pero a cerimonia encerraba tamén un contido social e profano porque o recentemente bautizado ingresaba tamén na comunidade de persoas coas que había de convivir deica o final dos seus días, e iso sabían moi ben os seus pais, que aproveitaban aquela oportunidade para establecer ou ampliar a rede de solidariedade que ofrecía o acto do apadriñado'. A Igrexa depositaba nos padriños a tutela espiritual dos afillados, pero os pais esperaban deles protección e axuda. Con ese fin, os padriños eran escollidos ben en función da proximidade familiar (ex. irmáns, tíos, avós) ou do seu poder ou prestixio. No caso das familias fidalgas da aldea, como os Lopez de Neyra, os

Seixas ou os Quiroga Ossorio, atopámonos que os padriños son habitualmente tamén persoas de familias fidalgas (por exemplo, os Yebra Pimentel de Láncara no caso dos Quiroga) ou sacerdotes, moitos deles fillos segundóns de familias fidalgas.

En segundo lugar, non é estraño atopar anotacións de bautismo nas partidas indicando que o recentemente bautizado morría días ou poucos meses despois, sinal da alta taxa de mortalidade infantil naqueles tempos. Son comúns tamén os nacementos de nais solteiras, reflectidos nas partidas como de pais 'incógnitos', así como casamentos entre pais solteiros resultado do embarazo da muller.

As partidas de matrimonio e o estudo das liñaxes da aldea móstrannos tamén como as alianzas matrimoniais foron utilizadas como instrumento de promoción social e consolidación das estruturas familiares. Nun contexto cunha limitada mobilidade dos habitantes das aldeas ao longo da súa vida e, aínda cunha case inexistente emigración, as imbricadas relacións familiares derivaban nunha alta consanguinidade. No caso de Santalla son a maioría os matrimonios con parellas da mesma aldea ou das parroquias próximas, como por exemplo, Marei, Trasliste, Bande ou Gomeán.

Os preitos de fidalguía tamén nos axudan a coñecer as orixes e a evolución daquelas persoas que por diferentes razóns necesitaron ver recoñecida a súa condición de 'fidalgo'. Devanditos preitos recollían a documentación e testemuños encamiñados a recoñecer esa condición e na súa maior parte consérvanse nos arquivos da *Chancillería de Valladolid*. Dita condición non estaba necesariamente unida á nobreza nin á riqueza, pero dispensaba aos seus posuidores do pago de impostos. Se un fidalgo marchaba a vivir a outra localidade debía acreditar mediante un preito de fidalguía a súa condición, con obxecto de evitar ante a administración a proliferación de fraudes ou de falsos fidalgos<sup>6</sup>. En xeral, os fidalgos menciónanse na documentación

<sup>5</sup>FERNÁNDEZ CASTRO, Juan Andrés. *Padriños, madriñas, afillados e compadres en Terra de Tabeirós*. A ESTRADA miscelánea histórica e cultural. 2018

<sup>6</sup>PARDO DE NEYRA, Xulio. *De casa e solar coñecidos. Fidalguía e cultura palaciana na Galiza do último milenio*. Vigo: Nigratea, 2006



cos apelativos de don e dona. No caso de Santalla dispoñemos de ditos preitos no caso dos Lopez de Neira<sup>7</sup> e dos Quiroga Ossorio<sup>8</sup>.

As fontes documentais antes mencionadas presentan os nomes e apelidos dos aldeáns en formas lixeiramente diferentes dependendo do escribán que transcribía cada documento (por exemplo, Josef, Joseph ou Jose, Valcárcel ou Valcarce, Neyra ou Neira, etc.). As fontes tamén mostran unha clara tendencia ao longo dos anos cara á súa castelanización (por exemplo, apelidos como Seixas e Sanxurxo convertesen no decurso dos anos en Seijas e Sanjurjo, etc.). En este artigo, os nomes e apelidos poden presentarse nas súas diferentes variantes xa que se intenta respectar na forma en que aparecen transcritos en cada unha das fontes referenciadas.

### 3 SANTALLA DO ALTO AO LONGO DO SÉCULO XVIII

Como moitas outras freguesías galegas na época, Santalla era unha parroquia exclusivamente agrícola e gandeira, composta por unhas poucas decenas de casas dispersas. O termo dispoñía de terras de cultivo de secaño, hortas sen árbores froiteiras, prados tanto de regadío como de secaño, soutos con castiñeiros e montes de baixa calidade, sendo o centeo, os nabos e as castañas os únicos produtos a destacar. O gando consistía basicamente en bois, vacas, tenreiros, ovelas, carneiros, cabras, cabritos e porcas de cría. Así mesmo, dispoñía dun bo número de colmeas.

O termo pertencía ao Señorío dos Condes de Lemos e Sarria<sup>9</sup> ao que os veciños debían pagar

<sup>7</sup>Pleito de Juan López de Neira, vecino de la feligresía de Santa María de Vilar, jurisdicción de Villapedre (Lugo), originario de Santalla Alta, jurisdicción de Puebla de San Julián (Lugo). Año 1755. Real Chancillería de Valladolid. ES.47186.ARCHV//Sala de Hijosdalgo, Caixa 1115,42 <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3QSQ-G9GN-JN47?i=634&cat=574891>

Pleito de Juan López de Neira, vecino de la feligresía de Santa Martín de Luseiro, jurisdicción de Sarria (Lugo). Año 1794. Real Chancillería de Valladolid. ES.47186.ARCHV//Sala de Hijosdalgo, Caixa 1796,6 <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3QST-99GN-VR48?i=3651&cat=574891>

<sup>8</sup>Pleito de Pedro Quiroga Osorio, vecino de San Pedro, jurisdicción de Láncara (Lugo). Año 1755. Real Chancillería de Valladolid. ES.47186.ARCHV//Sala de Hijosdalgo, Caixa 950,33 <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3QST-99PH-79DZ-8?i=3842&cat=574891>

<sup>9</sup>Libro maestro en que se da razón por feligresías de los papeles e instrumentos existentes en el archivo. Convento de Santa María Magdalena de Sarria (Lugo, España). PARES. Referencia ES.28079.AHN/1//CLERO-SECULAR\_REGULAR.L.6529 <http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/description/3526143?nm>

impostos cada ano conforme ao caudal de cada un. O mosteiro de Santa María Madalena de Sarria posuía numerosas terras na parroquia froito de doazóns realizadas ao longo dos séculos<sup>10</sup>.

Marcos Antonio das Seixas foi cura da freguesía a principios de século e mantivo un larguísimo preito cos Yebra Pimentel de Val de Láncara por dereitos de xurisdición. Os curas da aldea durante os seguintes anos foron Antonio Pardo, Antonio Fernandez de Quiroga y Montenegro, Benito Escudero y Heraso, Pedro Zedrón y Montenegro, Francisco Ossorio, Thomas Pardo Montenegro, Antonio Gonzalez de Ribera, Antonio Díaz Sanxurxo, Joseph Nieto e Francisco Antonio Perez.

No que respecta aos habitantes da freguesía, o padrón de 1701 referenciado no *Pleito de Hidalguía* de Juan López de Neira detalla os cabezas de familia: Diego Perez, Antonio de Neira, Antonio Perez, Sebastián de Liz, Jorge Capón, Juan González, Juan de Manan, Marzelo López, Bartolomé Gómez, Santiago López, Domingo de Neyra, Antonio Rodriguez, Juan Rodriguez de Mazaille, Domingo de Vigo e Jorge González. Así mesmo, indícanos aqueles veciños que tiñan condición de fidalgo: Diego Fernandez de Neyra, Juan Lopez de Neyra, Juan de Quiroga, Diego Lopez e Antonio das Seixas.

No ano 1717 o padrón referenciado nese mesmo preito actualízanos a relación de fidalgos nesa data: Pedro de Neira, Juan de Neyra, Antonio de Quiroga, Diego Lopez e Antonio das Seixas y Sarmiento, mentres que o de 1745 menciona a Antonio Sánchez das Seixas, os fillos de Gabriel de Quiroga, Antonio de Neyra e Carlos Riesgo.

A información sobre os habitantes da freguesía vese amplamente estendida a mediados de século grazas ao *Censo de Ensenada*. O interrogatorio efectuouse o 21 de xaneiro de 1753 na freguesía de Santiago de Camposo por Joseph Marcos Bernardo Quirós, subdelegado para o

<sup>10</sup>LÓPEZ ARIAS, Xaime Félix. Bens e rendas do Mosteiro da Madalena en Terra de Chamoso. Revista Anual do Centro de Estudos do Corgo. 2013, nº. 4, paxinas 40-56

establecemento da *Real Única Contribución*, ante a presenza de Sevastian Díaz Castroverde, *mayordomo pedáneo* da freguesía de *San Salvador de Santalla Alta*, Antonio Pereira, cura párroco da aldea, Bartholome Perez, perito nomeado polo común, Francisco Rodriguez do Corral, perito nomeado de oficio e veciño de San Martín de Bande, así como de Juan Antonio Valcárcel, Juan González e Juan Gómez entre outros veciños.

O censo revélanos que en 1753 a parroquia tiña un total de 147 habitantes e 27 casas habitadas, cincuenta colmeas, dous muíños arrieiros (un de Juan González e outro de Joseph Leirado) e ningunha taberna. O censo tamén actualízanos a relación de fidalgos nesa data: Don Andrés de Neira, Don Antonio de Neira, Don Antonio Sánchez das Seijas, Don Carlos Riesgo y Neira, Don Francisco Quiroga, Don Juan Fernandez Montenegro y Don Pedro Quiroga. Unha relación máis detallada dos habitantes preséntase con posterioridade neste artigo.

Os veciños debían pagar todos os anos á condesa de Lemos (Rosa María Fernández de Castro (1691-1772)) a cantidade de trinta ferrados de centeo e cinco reais e medio de vélaro, repartidos entre todos os veciños. Pola súa banda, o dezmo repartíase en partes iguais de seiscentos sesenta reais entre o cura párroco e Don Pedro Ysidro de Hiebra e Pimentel veciño de San Pedro de Láncara. A Igrexa tamén recibía por razón de primicia ferrado e medio de centeo de cada veciño (cento dezasete reais), o apóstolo Santiago medio ferrado por razón de voto (trinta e nove reais) de cada veciño que tiña labradío.


As terras de cultivo de primeira calidade alternaban centeo e nabos cada ano, as de segunda e terceira só producían centeo cun ano de intermedio de descanso e os montes de primeira calidade rompían para centeo de corenta e oito en corenta e oito anos. Os labradores cobraban dous reais<sup>11</sup> o día que traballasen.

<sup>11</sup>PO real de vélaro era unha moeda, realizada dunha aliaxe de prata e cobre, que equivalía a 34 marabedís. Para facernos unha idea do seu valor naquela época, unha dúcia de ovos custaba algo menos dun real de vélaro. Pola súa banda, un real de prata equivalía a dous reais e medio de vélaro.

O cura párroco era Don Francisco Antonio Perez, de cincuenta anos, que dispoñía de varios criados, e era asistido polos presbíteros Antonio Díaz e Antonio Fernández, ambos de corenta anos.

Xa no Padrón de 1768 menciónanse aos seguintes veciños: Pedro Lopez Mazaille, Froilán Rodriguez, Jose González, Sebastian González Díaz, Bartolomé Perez, Juan Valcárcel, Domingo Díaz, Domingo Leyrado, Santiago Rodriguez, Domingo Sánchez, Juan Valcarce, Josef Capón, Manuel de Aldegunde, Alonso Lopez, Josef Paz, Felipe Leyrado, Juan Gomez, Antonio Gomez, Manuel Rodriguez, Antonio Rigueiro, Josef Leyrado, Antonia Gudina. Mencionase tamén aos seguintes fidalgos: Don Juan Fernandez de Neyra, Don Fernando Quiroga, Don Pedro Sánchez, Don Antonio e Don Andrés de Neyra, e os fillos que quedaron de Thomas de Quiroga.

#### 4 UN CASO DE DESHERDAMENTO EN SANTALLA: JOSÉ LEIRADO DIAZ CONTRA A SÚA NAI JULIANA DÍAZ (1747)



Sinatura de Jose Leirado Díaz

Na actualidade existen casos concretos no Código Civil español polo que se pode desherdar a un fillo, pero no caso que nos ocupa aínda non rexía o Código Civil de 1889. A azarosa e aparentemente desordenada vida de José Leirado Díaz culmina cun triunfo para a súa familia e cúmprese por fin o desexo dos seus pais.

Ao quedar viúvo de Ana Rodríguez, ao redor da década de 1760, José volveu casar, esta vez cunha fidalga: Dona Juana Pardo. Esta naceu na parroquia de Santalla, cremos que no lugar de Casanova onde residían os seus pais, en 1740, polo que era moito máis nova que José. Era filla de Juan Antonio Valcárce e de Dona María Teresa de Quiroga Osorio. Estes, á súa vez, eran fillos de Antonio de Valcarce e María López, veciños da freguesía de Santalla, e de don José Pardo de


Ulloa e Dona Catalina de Quiroga Osorio, veciños de Sanamede na freguesía de Santiago de Covas.

Os Pardo de Ulloa Quiroga Osorio constituíron unha das familias principais da parroquia de Santiago de Covas, especialmente do lugar de Sanamede. Don José Pardo de Ulloa era fillo de don Pedro Pardo Sánchez e Ulloa e de Dona Micaela Velón de Armesto (falecida en 1723)<sup>12</sup>. Dona Catalina de Quiroga Osorio era filla de don Antonio de Quiroga e de Dona María Osorio, polo que parece que se xuntaron os apelidos nesta xeración. Tiveron por fillos, a parte da Dona María Teresa, futura sogra do protagonista do preito, a Diego José (1708)<sup>13</sup>, a José Antonio (1711)<sup>14</sup> e a Josefa (1714)<sup>15</sup>.

Pero temos que falar primeiro dos Leyrado (ou Leirado) de Santalla, máis concretamente de Vilar, un barrio da parroquia. Podemos dicir que a

nosa rama inaugúraa Domingo Leirado no século XVI, casado con Catalina López. O fillo deles, Bartolomeu Leirado, segue a liña con Catalina Gómez (ou González, segundo as fontes), e teñen a Domingo (que continuará a liña), e a Jorge, que parece que permanecerá solteiro e de quen herdará a rama do seu irmán.

Domingo Leyrado casa con María do Val (ou do Vale), quen ten a Bartolomeu, ao que dotan co quinto de mellora sobre as súas propiedades, en especial a casa de Vilar. Non sabemos se esa casa é a que se conserva na actualidade ou a que construíu anos despois Ángel Leirado. A casa pasa ao segundo fillo, Ángel, que segue a liña. Domingo e María tiveron tamén a Juan Leirado; Andrea do Val, casada con Sebastián de Hermida; Manuela do Val, casada con Francisco do Campo; María do Val, casada con Juan Rodríguez; e Teresa do Vale, casada tamén.



Os Leirado Díaz

Ángel Leirado casou con Juliana Díaz e son pais do noso protagonista, José Leirado. A José sabemos que o apadriña Antonio Díaz de Vigo, veciño tamén de Vilar e parente en cuarto grao. José terá varios irmáns máis pequenos: María Isabel, nacida en 1709 e casada con Manuel do

Porto; María Antonia, nacida no 1712, casada con don Pascual López; María, nacida en 1715; Felipe, nacido en 1724 e casado con Antonia Roldán López; Domingo Antonio, nacido en 1729; María Librada, nacida en 1734; e Andrea María.

De Juliana Díaz podemos comentar que era filla de Sebastián Díaz e de María Fernández, veciños de Hospital de Chamoso, e irmá do licenciado Pedro Díaz, clérigo presbítero do devandito lugar.

Pasando ao preito, basearémonos no expediente conservado no Arquivo da Real Audiencia de

<sup>12</sup> Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, Sala de Hijosdalgo, caixa 1005, 32.

<sup>13</sup> Arquivo Diocesano de Lugo (en diante ADL), parroquia de Santiago de Covas, libro de Bautismos do século XVIII, fol. 20v

<sup>14</sup> ADL, parroquia de Santiago de Covas, libro de Bautismos século XVIII, fol. 24v

<sup>15</sup> ADL, parroquia de Santiago de Covas, libro de Bautismos século XVIII, fol. 28r.

Galicia<sup>16</sup>. A base territorial do desherdamento ciméntase na posesión que adquiriu en 1595 Domingo Leirado, bisavó do noso protagonista, en Vilar, ao clérigo Juan González, sendo Domingo entón veciño de Vilalpape. Polo testamento do segundo Domingo Leirado, neto do primeiro e avó do protagonista do preito, realizado ante o notario Álvaro Sanjurjo o 12 de marzo de 1697<sup>17</sup>, coñecemos que os Leirado posuían unha sepultura propia na parroquia de Santalla desde tempos remotos.

A primeira testemuña que desfila polo preito é precisamente o seu padriño, Antonio Díaz de Vigo, que comenta que José Leirado residía nese momento no coto de *Villanueva* (o que contradí as pescudas iniciais), en casa do seu sogro Domingo de Villalba, que o mantén.

A segunda testemuña foi don Diego López Montenegro, veciño de Golás. Insiste no mesmo que o anterior, tónica que seguirán as testemuñas que ían respondendo preguntas da autoridade xudicial. Interesa nesta testemuña que menciona o feito de que don Thomás de Quiroga (veciño de Sabarei) cobraba en casa dos Leirado oito fanegas de centeo, aínda que testemuñas seguintes dirán que este pago pasou a outro veciño, Bartolomeu Sánchez, sen especificar se foi por sucesión de sangue, dote ou outro medio. A seguinte testemuña reafirma o xa devandito. Será Bernabé Rodríguez, veciño do lugar de Vigo na parroquia de Santalla.

O 15 de abril de 1747 acoden ao coto de Vilanova, na freguesía de Santalla, onde reiteran que habita José Leirado, pero só atopan á súa sogra María Fernández. O día 17 volven e esta vez só está Ana Fernández, a muller de José.

Aparece en escena don Antonio de Neira, veciño de Santalla, que aclara que Bartolomeu Sánchez, veciño que vimos que cobraba certas rendas aos Leirado, vendeu finalmente *‘la parte que le*

*tocaba en el citado lugar [Vilar]’*, obtendo con isto a maioría do terreo do lugar os Leirado. Con isto podemos entrever que non só posuían a casa, senón o terreo que formaba todo o conxunto de Vilar.

Juan López Mazaille, veciño de Traslite, é máis preciso e dá a data de compra a Bartolomeu Sánchez en 1729, adquirindo outra parte de Vilar a Antonio Díaz de Vigo en 1720. Comparte esta noticia don Diego de Neira, veciño doutra freguesía: Santa María de Vilaleo. Uns anos despois venderon parte do lugar de Vilar a don Pedro Isidro de Yebra e Pimentel, polo que vemos que ía flutuando esta terra en poucos anos pasando dunha familia a outra. Hai que esperar uns folios ata que se entreguen os papeis das terras das discordias: a venda do clérigo Juan González a Domingo Leirado Ruche, *‘que es la casa de Vilar en que solía vivir Gómez de Barga’*, onde explica o que queda dentro e fóra das terras que posúe<sup>18</sup>. Estas terras quedaron aforadas por tres vidas: Domingo, Bartolomeu e Domingo II Leirado.

Tras glosar o tema dos pagos, compravendas, dereitos, etc., dos bens postos no preito, Juliana Díaz entrega copia do testamento do seu defunto marido Ángel Leirado. Por fin aquí empeza a explicación directa do desherdamento.

En 1745, Ángel realiza o seu testamento ante o notario Pedro Fernández Dorrego. Despois das fórmulas correntes de encomenda á Santísima Trindade, a Virxe e os santos, e tras as mandas pías<sup>19</sup>, comeza a contar as causas polas cal desherda ao seu fillo José Leirado, con palabras que é preciso reproducir: *‘El cual se casó sin mi licencia ni consentimiento y, no contento con esto, me perdió el respeto debido maltratándome de obra y palabras injuriosas, indignas de un hijo a padre, que tengo justificadas [...] y aparte de todos mis bienes y herencia, y siendo necesario le desheredo y pido y suplico a los señores jueces*

<sup>16</sup>Arquivo Histórico del Reino de Galicia (en adiante, AHRG), Real Audiencia, leg. 11.201, nº. 6. Seguiremos este documento ao longo do traballo

<sup>17</sup>Testamento de Domingo Leyrado ante o notario Álvaro Sanjurjo y Montenegro, 12 de marzo de 1697, fols. 63r-63v. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLH-1QMV-P?cat=680182>

<sup>18</sup>AHRG, Real Audiencia, leg. 11.201, nº. 6, fols. 52v-53r.

<sup>19</sup>Cláusulas testamentarias con finalidades piadosas, habitualmente solicitando a celebración de misas pola alma do testador. Críase que o seu incumprimento podía reter ao testador no Purgatorio máis tempo do necesario.



*de todos tribunales le hayan por desheredado en todo y por todos por semejante proceder con un padre'*<sup>20</sup>.

Aparece a primeira testemuña do litixio dentro do preito: o caso de malos tratos de José a Ángel. Chámase Simón González e é veciño da freguesía de Santa María de Troáns. Simón confesa presenciar unha discusión entre pais e fillo na que este ameazoulles con tirarlles á cara unha cunca de caldo. A seguinte en declarar é Luisa Rodríguez, veciña de Santiago de Espasande, que relata un episodio aínda máis grave: en maio de 1744 atopou a Ángel chorando e cos brazos atados polo seu fillo, proferindo estas palabras como 'porco, esmoleiro, borracho', ao que o seu pai respondeu que vendería todo. José replicou que "desde que o tivese vendido aforcábase, que tiña trescentos ducados para compralo"; ao que chegou Juliana Díaz reprendendo ao seu fillo que 'andase arrexuntado coa filla de Villalba'.

Declara Felipe, irmán de José e fillo de Ángel. O tres ou catro de maio de 1744 estaba co seu pai 'na súa cortiña que chaman das moreiras'. Chegou o criado do seu conveciño dicíndolles que chegara José, que parece que era soldado nese momento, do brazo dunha muller. Acudiu Felipe á casa e atopou ao seu irmán coa muller nas cortes levantando unhas táboas. Felipe chamou a voces ao seu pai, o cal chegou rapidamente; pero entón José agarroulle dos brazos e levounos ata a cociña, tirando ao seu pai contra unhas pedras que quedaban de cando se fixo a casa. Entón Felipe colleu ao seu irmán polo pescozo e quitoulle de encima do seu pai e sacou a este da cociña. Ao oír as voces na porta principal, acudiu Catalina Fernández, criada do veciño Antonio Díaz, que os separou.

Durante este incidente, a irmá de José afirma que este levou unha mantela de *frechilla* nova, que puido recuperar. Volveu José e púxose a fumar tabaco e despois entrou a rezar o rosario.

Máis tarde, outra testemuña, Pedro Tato, veciño novamente de Santa María de Troáns, declara

que foron varios compañeiros para construír unhas paredes en casa de Ángel Leirado e, á hora de comer, foron testemuñas da ameaza do caldo por parte de José á súa nai. É posible que Simón González e este Pedro Tato coincidisen no tempo e lugar.

Testifica a citada Catalina, veciña de San Bartolomeu de Chamoso e criada nunha casa de Vilar. Oíu dicir a Felipe e Andrea que o seu irmán ía roubar a casa e non a recoller a súa roupa, o que corroboraron os criados da casa, Luisa e Ángel. Afirma non presenciar acto violento algún por parte de José aos seus pais, non obstante si oíu as voces de Ángel en que dicía: '*Ay de Dios, ay de Dios*' durante o suceso das pedras. Tamén confirma que nesa ocasión acudiron á casa Juan Rodríguez, veciño de Santalla, Domingo Douro, Dona María Sánchez de Quiroga e Dona Juana de Páramo.

Este citado Domingo López Duro entra máis ao fondo e dános datos relativos á diferenza de condición física de pai e fillo: '*tendrá dicho Ángel setenta años de edad y por ello es más cierto se halla imposibilitado de fuerzas*', mentres que José '*es corpulento y robusto y de edad veinticinco y veintiséis años poco más o menos*'. Vemos, porén, a pouca resistencia do pai, que xa era un ancián, o que agrava aínda máis os malos tratos supostos de José.

A parte de Juliana Díaz fai unha alegación final: '*Y respecto al marido de mi parte por la indisposición que le sobrevino y enfermedad en que murió. Parece que tivo influencia este feito no agravamento da enfermidade de Ángel. Y no siendo razón que hechos tan abominables [...] queden sin castigo, se ha de servir tomar las providencias correspondientes para que otros hijos escarmienten con el castigo de uno*'. Mentres, a parte de José, a través do seu letrado Manuel de Santa Mariña, pide a restitución da súa herdanza e o vínculo que creou Domingo Leirado, sen que os incidentes co seu pai teñan vinculación nese tema.

Finalmente, vemos como poucos anos despois José vive coa súa nai e o resto da familia na casa

<sup>20</sup>ibidem, fol. 75

de Vilar, polo que posiblemente lle fose restituída a herdanza, e, como comprobamos ao comezo, acabou acatando, aínda que xa non en vida do seu pai, o desexo de casar cunha persoa do agrado dos seus proxenitores, neste caso con Dona Juana Pardo, cuxa descendencia chega ata os nosos días.

## 5 OS QUIROGA-OSSORIO (TRES XERACIÓNS A PRINCIPIOS DO XVIII)


O apelido Quiroga permanece unido a Santalla do Alto desde hai máis de tres séculos, inicialmente na Casa de Pacio (o Pazo) e con posterioridade tamén en diferentes emprazamentos, entre outros no barrio de Eirexe. A falta de rexistros máis antigos, Juan de Quiroga Ossorio, nacido na segunda parte do século XVII, ao casar con María Francisca López de Neyra foi a orixe da liñaxe que nos ocupa.

Por desgraza, os libros máis antigos da parroquia remóntanse a finais do século XVII, polo que non temos aínda información do seu matrimonio nin das súas datas de nacemento. Tampouco foi posible atopar unha relación con outros Quiroga Ossorio residentes na aldea naquela época, coma Inés de Quiroga Ossorio Pardo, muller de Antonio de Neyra y Montenegro, filla dos señores do Pazo de Seoane en San Esteban de Folgosa e nai de María Quiroga Ossorio *circa* 1670 na casa do escribán<sup>21</sup>.

O documento máis antigo do que temos constancia do noso Juan de Quiroga Osorio corresponde a un protocolo notarial de febreiro de 1687<sup>22</sup> onde aparece como testemuña xunto ao seu fillo Diego. O documento máis antigo onde aparece o matrimonio é un protocolo do ano 1692<sup>23</sup> pola compra dunhas fincas e bosques a Alonso Alvarez Cedrón e a súa muller Francisca de Neyra, veciños de Ansean.

Juan de Quiroga é posteriormente mencionado como nobre en Santalla nos padróns de nobreza de 1691 e 1701. Como dicíamos antes, nada sabemos dos seus devanceiros ata o momento, aínda que no *Pleito de Hidalguía* do seu neto Pedro, menciónase que o seu pai e antepasados foron fidalgos notorios de sangue<sup>24</sup>.

Anos máis tarde, en 1706, Juan, conxuntamente co seu fillo Diego, é encargado da administración e cobranza das rendas, censos, foros e bens da parroquia por parte de Juan Alonso de Losada Ribadeneira e Lemos, Conde consorte de Val do Aguia, Señor de Fritiría, val de Conso e presidente da *Real Chancillería de Valladolid*.



Sinaturas de Juan de Quiroga e do seu fillo Diego no ano 1706

Juan de Quiroga Osorio e María Francisca López de Neyra tiveron como fillos a Antonio (que viviu na Casa de Pacio e aparece como 'hijodalgo' en diferentes Padróns de Nobreza entre 1715 e 1739), ao antes mencionado Diego (licenciado que foi clérigo presbítero da freguesía), e a Isabel (que contraeu matrimonio co notario de Adai Alvaro Sanjurjo Montenegro). Tal como indica Xulio Pardo de Neyra en 'De casa e solar coñecidos. Fidalguía e cultura palaciana na Galiza do último milenio' era habitual que algún dos fillos segundos ocupasen postos do establecemento eclesiástico, mentres que o maior resultase herdeiro da maior parte dos bens de maneira indivisible. Con iso asegurábase a continuidade das liñaxes.

Juan de Quiroga Osorio faleceu o 24 de febreiro de 1712 e o seu corpo foi enterrado xunto ás escaleiras da capela maior<sup>25</sup>. Juan efectuou testamento ante o seu xenro, o citado Alvaro Sanjurjo, aínda que

<sup>21</sup>PARDO DE NEYRA, Xulio. *Iter ad terram Flamosum*. Arumes, 2022.

<sup>22</sup>Protocolo notarial 00340-01 ante Alvaro Sanjurjo. Folio 26. Ano 1687. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLH-1QSJ-C?i=3984&cat=680182>

<sup>23</sup>Protocolo notarial 00340-01 ante Alvaro Sanjurjo. Folios 24/25. Ano 1692. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLH-1QSJ-C?i=3984&cat=680182>

<sup>24</sup>*Pleito de Hidalguía de Pedro Quiroga Osorio, vecino de San Pedro, jurisdicción de Láncara (Lugo)*. Ano 1755. *Real Chancillería de Valladolid*. ES.47186.ARCHV//Sala de Hijosdalgo, Caixa 950,33

<sup>25</sup>Protocolo notarial 00340-04 ante Alvaro Sanjurjo. Folio 115. Ano 1706. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLH-13T4-C?i=5593&cat=680182>

<sup>26</sup>ADL, parroquia de San Salvador de Santalla Alta, libro de defuncións do século XVIII

lamentablemente o testamento non consta nos expedientes do notario que se conservan ata hoxe.

A súa filla, Isabel, parece que foi abandonada polo seu marido, o notario Alvaro Sanjurjo. Alvaro permaneceu en paradiro descoñecido desde 1720, falecendo Isabel ao redor de 1750 en Marei.


Pola súa parte, Antonio de Quiroga Ossorio casou con Inés Pardo das Seixas o 20 de xuño de 1701 en Santa María de Marei.

Inés aparece nalgúns documentos como Dona Inés de Losada e Quiroga e era filla de Pedro Pardo de Quiroga e de Basilia de Losada e Sarmiento. Basilia mencionase nalgúns documentos como Rivadeneira Sánchez das Seixas. Os seus avós paternos foron Don Gil Pardo de Mosteiro e Dona

Inés de Quiroga (donos da casa de Dumia en Cervantes), e os maternos Pedro Sánchez das Seixas, descendente da Casa de Guimarey en Castroverde e Dona María de Losada e Sarmiento, *‘todos hijosdalgo notorios de sangre’*<sup>27</sup>. A través de Inés Pardo das Seixas a familia Quiroga Ossorio entroncouse con algunhas das liñaxes máis relevantes de Galicia, como os Andrade de Pontedeume, os señores da Casa de Saavedra ou os Sánchez das Seyxas Somoza.

Antonio e Inés tiveron como fillos a Mateo, María Francisca, Gabriel, Froylan, Juan Francisco Feliciano, Thomas, Francisco, Pedro e Isabel Paula Francisca.

Antonio faleceu en 1739, mentres que o seu irmán Diego fíxoo un ou dous anos antes.




Os Quiroga Ossorio ao comezo do século XVIII

<sup>27</sup>PARDO DE NEYRA, Xulio. A Torre e Pousa de Dumia. Estudo de historia social de Terra de Cervantes. Embora, 2012.

Algúns dos fillos de Antonio e Ines deron lugar a algunhas das ramas dos Quiroga aínda presentes na aldea.

Mateo faleceu presuntamente a curta idade co que Gabriel converteuse no primoxénito da casa.

Don Gabriel de Quiroga casou con Dona Mariana Albares Sanjurxo coa que tivo dous fillos, Fernando e Joseph. Gabriel debeu de falecer ao redor de 1739 por causas naturais. Tanto o seu testamento como diversos contratos de vendas realizados en anos anteriores revelan que morreu enormemente endebedado. No seu testamento<sup>28</sup> ante o notario Antonio López Torrón pediu ser enterrado dentro da igrexa parroquial e que se oficiasen 50 misas cantadas tras a súa morte. Non menciona no mesmo a ningún dos seus irmáns pequenos.



Sinaturas dos irmáns Diego e Antonio de Quiroga e do fillo deste último, Gabriel, no ano 1737<sup>29</sup>

Don Francisco Quiroga aparece mencionado como fidalgo no padrón de 1746, que indica que vive na casa cos seus dous irmáns menores, Pedro e Thomas. Don Francisco Quiroga faleceu ao redor de 1753 xa que se menciona á súa muller, Dona Mariana Conde de 40 anos, como viúva nesa época. Tiveron un fillo, Diego Francisco Antonio, e dúas fillas (unha delas, Rosa Quiroga Conde nada en 1748). No Censo de Ensenada indícase que Don Francisco de Quiroga era parceiro de Don Sancho de Neira, veciño da cidade de Lugo e que lle pagaba anualmente sesenta ferrados de centeo e seis capóns por razón de foro.

Por outra banda, no mesmo censo indícase que Don Pedro de Quiroga vivía en 1753 na casa de Pazio pola que pagaba 11 reais de vélaro, e móstrao como un dos habitantes da freguesía

con máis terras e gando. Pagaba ademais a Don Joseph de Seixas e Sarmiento de Santa María de Pacios sesenta ferrados de centeo e 4 capóns, á condesa de Lemos a terza parte dun ferrado de centeo, a Fernando de Hiebra veciño de Santa María de Láncara tres ferrados de centeo e ao cura desta freguesía dez reais de cinco misas de aniversario. Don Pedro de Quiroga era parceiro de Don Antonio Díaz Sanjurjo. Casou con María Fernandez de Quiroga Bolaño o 16 de febreiro de 1754 e parece que foi vivir a San Pedro de Láncara, aínda que con posterioridade volveu a Santalla. María era filla de Pedro Bolaño e María Fernandez de Quiroga. Pedro iniciou en 1755 preito de fidalguía para ver recoñecida a súa condición de fidalgo.

Don Thomas de Quiroga Osorio aparece como 'hijodalgo' no *Padrón de Nobles* de 1746, e faleceu nalgún momento entre os anos 1757 e 1768 xa que se menciona como falecido no padrón dese ano. Ao non ser beneficiario principal da herdanza dos seus pais parece que pasou a vivir na casa da súa muller Jacinta de Castro, filla de Santiago López Mazaille e de Bernarda de Castro. No Censo de Ensenada indícase que se trataba dunha casa dun alto pola que pagaban 12 reais de vélaro. Tiveron como fillos a Josef Antonio, Fernando Thomas Antonio, Josepha María Manuela e Pedro Francisco Antonio.

Thomas, a través do seu fillo Josef e o seu neto Fernando, deu lugar á liñaxe dos Quiroga Rey, que aínda se mantén no barrio de Eirexe de Santalla, doutras liñaxes como os Rodriguez Quiroga, que estiveron no barrio de Riazor, e os Quiroga Abuín de Gomeán.

## 6 CONCLUSIÓNS

Din que '*O que esquece as súas orixes perde a súa identidade*'. Este traballo constitúe unha primeira aproximación aos orixes de Santalla do Alto e das súas xentes. Durante a revisión deste artigo, a filóloga Tamara F. Sánchez mencionou esta cita que non podemos atopar máis que axeitada. Castelao afirmaba na súa obra '*Sempre en Galiza*' o seguinte: '*A cidade cree que fóra dela non hai máis que paisaxe, patacas, e leite...*'

<sup>28</sup>Protocolo notarial 00411-03 ante Antonio Lopez Torrón. Folio 73-74 Testamento de Gabriel de Quiroga. Ano 1739. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLC-Z9X5-B?cat=698132>

<sup>29</sup>Protocolo notarial 00411-01 ante Antonio Lopez Torrón. Folio 58. Ano 1737. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLC-Z9XF-7?i=78&cat=698132>



ignoran que tamén existe unha cultura nobre, antiquísima e insobornable’.

Coa redacción deste traballo, pretendemos polo tanto dar a coñecer o pasado da aldea e do concello, e por tanto contribuír a visibilizar e valorar a riqueza patrimonial e cultural da que dispón.

## 7 AGRADECEMENTOS

A Tamara F. Sánchez, no só pola revisión lingüística e de contido deste artigo, senón tamén por todas as súas magnificas contribucións.

A Fidel Pita Sande polas súas suxestións durante a preparación do traballo.

A David Gil Mato pola súa amabilidade ao dar resposta ás nosas peticións de información nos seus arquivos.

Finalmente, ao persoal dos arquivos Central Parroquial da Diocese de Lugo, de Láncara e do Corgo pola súa amabilidade na consulta da documentación.

## APÉNDICE - RELACIÓN DE HABITANTES REFERENCIADOS NO CATASTRO DE ENSENADA

Os habitantes con propiedades en Santalla do Alto que viviron a mediados do século XVIII aparecen no *Libro real de legos* e agrúpanse a continuación en función do barrio da aldea onde vivían:

Barrio de Eirexe:

- Antonio Rodriguez da Igrexa de 68 anos. Ten un fillo maior de idade e dúas fillas, vive con Froylan Rodriguez de 28 anos, casado con 2 fillos menores de idade
- Santiago Lopez Mazaylle de 68 anos, casado con Bernarda de Castro. Teñen un fillo maior de idade, posiblemente Pedro Lopez Mazaylle, e tres fillas. Posúe cinco colmeas.
- Don Thomas de Quiroga, casado con Jacinta de Castro. Teñen 3 fillos menores de idade. Vive na casa de Santiago Lopez Mazaylle.

- Dona Mariana Conde de 40 anos, viúva do fidalgo Don Francisco de Quiroga. Ten un fillo menor de idade (Diego Francisco Antonio) e dúas fillas (unha delas, Rosa Quiroga Conde).

Barrio de Santalla:

- Juan Gonzalez, de 58 anos, casado. Ten dous fillos menores de idade e unha filla. Posúe dúas colmeas.
- Sebastian Díaz Castroverde, de 39 anos, casado. Ten un fillo menor de idade e dúas fillas, a Phelipe Sánchez e unha tía. Posúe unha colmea. É o mordomo pedáneo da freguesía.
- Pedro de Quiroga, de 32 anos, solteiro. Vive nunha casa dun alto (denominada Casa de Pazio) cunha irmá, un sobriño e unha criada, dous sobriños menores e un criado.

Barrio de Vigo:

- Don Juan Fernandez Montenegro, de 50 anos, ten un fillo menor de idade e dúas fillas, un criado e unha criada. Posúe doce colmeas.
- Alonso Lopez de 30 anos, casado, labrador, vive con dúas irmás.
- Antonio Perez de 50 anos, casado, ten 2 fillas menores.
- Domingo Perez de 61 anos, casado, ten un fillo maior de idade e unha filla.
- Francisco Perez, de 22 anos, solteiro.
- Rosa Vázquez, de 60 anos, viúva. Ten 3 fillas.

Golás:

- Don Carlos Riesgo y Neira, de 50 anos. Vive coas súas 3 fillas e Manuel Rodriguez o seu xenro. Posúe oito colmeas.
- Antonio Lopez, de 40 anos. Casado, ten 3 fillos menores, e a Antonio Gomez o seu xenro cunha filla.
- Juan Gomez, de 28 anos, casado. Vive con Angel Gómez e un criado menor de idade.

- Pasqual Lopez, de 64 anos, casado. Ten un fillo maior de idade e dúas fillas.

#### Barrio de Vilar:

- Antonio Rodriguez, de 50 anos, casado. Ten unha irmá viúva cun fillo menor de idade. É arrieiro de viño, polo que gaña ao ano 400 reais de vélaro.
- Domingo Díaz, de 46 anos, casado. Ten dous fillos menores, tres fillas e ao seu pai de 80 anos. É arrieiro de viño, polo que gaña ao ano 400 reais de vélaro.
- Joseph Leyrado, de 36 anos, casado. Vive coas súas 3 fillas, unha irmá, a súa nai, e Domingo Gomez casado de 29 anos cun fillo menor. Ten un muíño ruinoso que moe con auga corrente 3 meses ao ano.

#### Barrio de Pedrón:

- Bartolome Perez de 40 anos, casado, ten un fillo menor de idade e unha filla, vive cunha irmá e unha cuñada. Posúe unha colmea.

#### Barrio de Cadatán:

- Bernardo Rodriguez de 66 anos, viúvo, ten unha filla, dúas netas e dous netos Posúe cinco colmeas.
- Joseph Capón, casado, de 50 anos, ten na súa compañía a Manuel de Aldegunde, casado de 28 anos e unha criada.

#### Barrio de Casanova:

- Don Antonio de Neira, de 60 anos, viúvo e cunha filla.
- Don Andrés de Neira, de 56 anos, casado. Ten 4 fillos menores de idade e dúas fillas.
- Joseph Paz de 60 anos, viúvo de Ana Valcárcel. Teñen dous fillos maiores e un neto menor de idade. Pagaba ao Conde de Maceda, veciño da vila de Madrid, tres ferrados de centeo por razón de foro e a Dona Gertrudis Viveiro veciña de Puebla de San Julián setenta e dous ferrados de centeo por antiga observancia.

- Juan Antonio Valcárcel de 45 anos, casado con María Theresa Pardo de Quiroga Osorio. Teñen dous fillos menores e cinco fillas. Posúe unha colmea.

#### Barrio de Riazor:

- Don Antonio Sánchez das Seixas, de 50 anos, casado. Ten dous fillos maiores de idade, un deles chamado Pedro Sánchez Casado e unha filla. Posúe dezaseis colmeas.
- Don Pedro Sánchez das Seixas, casado. Ten tres fillas, dous fillos e un criado menor de idade. É xuíz ordinario desta freguesía e da xurisdición de Puebla de San Julián, polos que percibe anualmente 300 reais de vélaro.

O censo non indica o barrio da aldea onde habitaban as seguintes mulleres:

- Ana Gonzales, de 30 anos, vive en compañía de Antonia Gonzalez.
- Juana Vázquez, de 40 anos, viúva, cunha filla.
- Juliana Fernandez, de 70 anos, solteira. Vive en compañía dunha irmá.

Ademais, as seguintes persoas son mencionadas no Censo como propietarios de leiras na freguesía aínda que vivían noutras parroquias próximas.

- Angel de Neira, veciño de Santa María de Marei.
- Don Antonio Ixade, veciño de San Pedro de Vilarello.
- Antonio Alvarez, veciño de Santa María de Marei.
- Bernardo Lopez, veciño de Santa María Magdalena de Sabarei.
- Diego Pardo Viveiro, veciño de Santa María de Marei.
- Domingo Villalba, veciño de Santa María de Marei.

- |   |  |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Don Fernando de Hiebra, veciño de Santa María de Marei.</li> <li>▪ Ysabel Alvarez Cedrón, veciña de San Julián de Campelo.</li> <li>▪ Ysabel de Bande, veciña de Santa María Magdalena de Escoureda.</li> <li>▪ Mariana Perez, veciña de San Pedro de Laxes.</li> <li>▪ Miguel Lopez, veciño de San Juan de Traslite.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Pedro das Cabadas, veciño de Santa María de Marei.</li> <li>▪ Pedro Díaz, veciño de San Juan de Traslite.</li> <li>▪ Sebastian Lopez, veciño de Santa María de Marei.</li> </ul> <p>Finalmente o Libro persoal de eclesiásticos da parroquia menciona aos presbíteros Don Antonio Diaz Sanjurjo e Don Antonio Fernandez, e ao cura párroco Don Antonio Perez Pereira (que tiña un criado e dúas criadas).</p> |
|---|--|

# ESTADO DAS IGREXAS DO CORGO Á PRINCIPIOS DO SÉCULO XVIII

*A Visita de Bustos de la Torre no ano 1700*

Por Óscar González Murado  
oscar.gonzalez.murado@gmail.com  
PhD en Historia da Igrexa  
Director do Arquivo diocesano de Lugo

**Abstract:** Visita pastoral realizada no ano 1701 polo bispo Lucas Bustos de la Torre ás parroquias do actual concello de O Corgo, que formaban parte de seis arciprestados (Cotos de Lugo, Farnadeiros, Maestrescolía, Páramo-Gondrame, Picato e Sarria), extraída do libro manuscrito conservado no arquivo Diocesano de Lugo. Presentase o texto íntegro precedido dunha introducción coas aspectos máis salientables.

**Palabras clave:** Farnadeiros, Maestrescolía, Sarria, Páramo-Gondrame, Picato, arciprestados, Visita pastoral, 1701-1702, Lucas Bustos de la Torre.

O Libro de Visitas de Bustos de la Torre é a única visita pastoral encadernada conservada no Arquivo Histórico Diocesano de Lugo<sup>1</sup>. Pode haber máis datos pero estes estarían dispersos pola ampla documentación<sup>2</sup>. Queremos desempolvar esa visita pastoral e os contidos que contén para acercarnos doutra maneira a unha terra que bota as súas raíces na noite dos tempos e ofrecer a súa versión transcrita. Desta maneira facemos accesible unha fonte de vital importancia para o coñecemento da historia da bisbarra corguesa.

O libro de Visitas pertencía ó Arquivo da Mitra Episcopal. Coa desamortización a meirande parte del está no Arquivo Histórico Nacional agás esta obra da que agora bebemos e outra docena deles. No ano 1745 dise sobre este libro de Visitas:

*Ai otro libro que dicen que se hizo en el tiempo del señor obispo Bustos en que se relacionan todos los curatos de libre colación eclesiástica y de patronato laical que ai en el obispado y tiene 389 ojas<sup>3</sup>.*

<sup>1</sup>Lugo, Archivo Histórico Diocesano, Mitra, Libro de Visitas de Bustos de la Torre.

<sup>2</sup>Hai un fondo incompleto que leva por título Estados de las Iglesias, feito nos anos 1764-1765, do que nos gustaría dar conta nunha próxima achega.

<sup>3</sup>Madrid, AHN, Clero secular\_regular\_, Catedral de Lugo, 6337, f. 6.

Lucas Bustos de la Torre (Madrid, 1647-Lugo, 1710) foi bispo de Lugo desde o ano 1700 ata o ano 1710. A Visita Pastoral da diocese é iniciada a finais de 1700 e rematada no ano 1702. No caso do concello do Corgo, que non existe como tal ata o 1835, fai a visita en varias veces, xa que as parroquias estaban distribuídas daquela en cinco arciprestados diferentes: Sarria, Picato, Páramo-Gondrame, Maestrescolía, Farnadeiros e Cotos de Lugo. A Sarria pertencía Camposo, Maceda e Escoureda; a Páramo-Gondrame pertencía San Xoán de Cela; a Farnadeiros pertencían as dúas parroquias de Farnadeiros, Cerceda, Lapío, Quinte, Sabarei e San Fiz de Paradela; a Picato pertencía Abragán, Marei e O Alto; ós cotos de Lugo pertencía Vilachá e Segovia, aquí chamada Vilaceleiro; e o resto das parroquias a Maestrescolía. Iso representámolo no primeiro dos mapas.



Mapa 1: Os arciprestados presentes no concello do Corgo no século XVIII<sup>4</sup>.

No segundo dos mapas para axudar e entendernos vemos os curatos. Son 18 curatos, é dicir, que eran autónomos e podían estar formados por unha ou varias parroquias. Isto obedecía a que



producían o suficiente como para manter un cura con certa dignidade. Algo así xa o dixemos no primeiro artigo da serie. Había catro parroquias que tiñan esa condición de ser únicas porque producían o suficiente: Fonteita, Santo André de Chamoso, Escoureda e San Xoán de Cela. Despois atopamos algún curato, cuxa principal quedaba lonxe dos anexos: é o caso de Castrillón que dependía de Santalla do Alto, Franqueán que dependía de Toirán ou Vilachá que dependía de San Mamede dos Anxos e Santo André de Castro, hoxe pertencentes ó concello de Lugo; e o caso de Laxosa e San Cosme de Manán. Facemos notar que non aparece Santa María Madanela de Manán por pertencer á encomenda de Portomarín.

Temos que dicir que eclesiásticamente hoxe non existen as parroquias de Abragán, a de San Salvador de Castrillón nin a de San Bartolomeu de Chamoso. Naquel momento Abragán tampouco era parroquia senón unha vigairía do mosteiro de Samos, atendida polo cura de Marei.



Mapa 2: Os curatos nos que se dividía o concello do Corgo no século XVIII<sup>4</sup>.

<sup>4</sup>Mapa dos diferentes arceprestados que conflúen no Concello do Corgo a principios do século XVIII: contorno negro o arceprestado de Maestrescolía, en azul o arceprestado de Farnadeiros, en contorno amarelo o de Cotos de Lugo, en vermello Páramo-Gondrame, en laranxa o arceprestado de Picato, e en marrón o de Sarria. (Elaboración propia tomando como base o mapa das parroquias de Galicia).

<sup>5</sup>Mapa dos diferentes curatos que conforman o concello de O Corgo a inicios do século XVIII (elaboración propia a partir do mapa de parroquias de Galicia).

Despois desta introducción para poder orientarnos polo Corgo do 1700 podemos falar da estrutura de cada unha das notas que da sobre as parroquias. Son pequenas “fichas” que aportan información cada parroquia. Seguro que se comprobamos cada unha delas no seu respectivo libro de fábrica<sup>6</sup> daríamnos conta de que este manuscrito é unha recompilación de tódolos libros de fábrica desa época. O esquema de cada unha das parroquias é o seguinte:

-Dínos quen é o cura que está a cargo e quen tén o dereito de presentación. Deste último tema xa falamos no primeiro dos artigos. Brevemente recordar que era o dereito de presentar o cura por mor de facer unha doazón sustanciosa á parroquia. Quen presentaba en máis parroquias no Corgo era o Conde de Lemos.

- Enumera quen cobra o produto desa parroquia. A parroquia constituía en sí unha fonte de ingresos tanto para o cura da parroquia como para quen a presentaba. Moitas veces participaban outros nese pequeno botín. Por exemplo en San Pedro de Farnadeiros o cabido de Lugo leva todos os froitos, as primicias a igrexa e ó cura o cabido dalle 24 ducados e 20 maravedís ou en Maceda e Escoureda o cura leva tódolos froitos e a igrexa as primicias.

Farnadeiros o cabido de Lugo leva todos os froitos, as primicias a igrexa e ó cura o cabido dalle 24 ducados e 20 maravedís ou en Maceda e Escoureda o cura leva tódolos froitos e a igrexa as primicias.

- Fai unha descripción somera do que hai na igrexa. Aquí informanos se hai pía bautismal; se hai sacramento, é dicir, o sagrario, o lugar do reservado, que non é outra cousa, que o pan consagrado, sobranse das celebracións eucarísticas; se hai crismas, que eran as vasixas que contiñan ós óleos que se usan tanto no bautismo como na confirmación ou no sacramento de Unción dos enfermos.

<sup>6</sup>O libro de fábrica é o libro onde se anota a contabilidade das parroquias. Ata ben entrado o século XX reflexabase todo tipo de obras e compras que se realizaban para a igrexa parroquial, así como as visitas pastorales que se realizaban.

- Nomea quen está de mordomo aquel ano. Estanos a falar de que non só a parroquia producía o necesario para manter o cura senón tamén para manter o templo parroquial. Dunha maneira sinxela dicir que os fregueses pagaban en trigo ou en pan, o cal era vendido según o establecido e ese remanente quedaba para a parroquia. Ese cobrar o pan facíao cada ano un veciño, que é quen tiña que rendir contas diante do visitador. No apéndice puxemos unha lista de tódolos que eran mordomos no tempo desta visita.

- Fai unha serie de mandatos relacionados tanto coas rendas como co aspecto que se debe mellorar dentro do templo. Así en Santiago de Camposo manda reparar o adrio da igrexa cerrándoo, e que o cura asente as partidas con claridade; en Escoureda manda compoñer o tellado da igrexa e tamén manda fundir unha patena e que se faga lisa; en Santo Estevo de Farnadeiros manda que se pague o retablo que está mandado facer; en San Fiz de Paradela estase a facer de novo a capela maior; en Santo André de Chamoso manda facer a tribuna; en Arxemil manda renovar as imaxes para que queden decentes; en Adai manda compoñer as portas e que queden seguras para que non entre ningún tipo de gando; en Bergazo manda que se dore o retablo; en Queizán manda facer a sacristía do lado de mediodía.

- Por último da noticia das capelanías, confrarías e cregos. Ó final do artigo puxemos unha táboa con este tipo de datos para poder así decatarnos mellor da riqueza patrimonial relixiosa que existía naquela época. Refírome as ermidas e tamén as confrarías. As ermidas diferencianse das capelas porque están independentes de calquer edificio. No Corgo atopamos a inicios do século XVIII 17 ermidas e catro capelas. Por outro lado falamos das confrarías, que son asociacións que tiñan como obxeto garantir que todos os individuos que a ela pertencían tiveran un enterro e honras dignas, amén de outro tipo de festividades e de promover certas devocións coma o do Santísimo Sacramento, o Rosario. Normalmente en cada parroquia podía haber unha, pero no noso caso, no Corgo só temos constancia por este libro de visitas que existían 9. Outro tipo de fundacións

máis familiares eran as capelanías, das que non imos a falar xa que foi extensamente tratado no artigo anterior.

Temos que dicir que este libro manuscrito foi usado posteriormente como se fose un diario ou un punto de partida, xa que moitas veces atopamos anotacións posteriores. No texto que aquí presentamos cando poñemos *add. al. man. L* (engadido por outra man) referímonos a unha man posterior que foi completando á información precedente, ben escribindo por riba ou poñéndoo ó lado.

E para cerrar xa este capituliño que serve de guía para a lectura do que imos ver a continuación, dicir que este libro de visitas é o único conservado íntegro de toda a diocese, que é unha fonte de información primaria para quen queira entender e coñecer a nosa terra e as súas xentes. As pretensións do visitador, o bispo Bustos de la Torre, non era outra que inspeccionar como estaban organizadas as parroquias en canto a economía e os seus curas e demais sacerdotes, fosen capeláns ou patrimoniais. Nas visitas posteriores, que se poden rastrexar nos libros de fábrica sempre farán fincapé sobre a calidade e a calidez dos espazos sacros, lugar de encontro co Divino.

## [I]<sup>7</sup> Arçiprestazgo de Sarria

Arçipreste don Jorje Fernandez del Corral por nombramiento del Arzediano de Sarria

Provision Lega. San Juan de Zela es anexo a este al folio 104<sup>8</sup>

## [1] Santiago de Camposo

En 3 de octubre de dicho año se visitó la Iglesia de Santiago de Camposo, donde es cura don Pedro Somoza Quintián, de hedad de cinquenta un años.

<sup>7</sup>Para a transcripción conservamos as diferentes graffas presentes no texto así coma o número de orde presente no manuscrito.

<sup>8</sup>San Juan de Zela... folio 104] *add. al. man. L*

El valor del curato quatro mil reales.

Es de provision del Conde de Lemos. Lleva todos los fondos el cura y las primicias son de la yglesia Mayordomo Antonio Fernández da Riva, el qual por estar ausente no compareció y dio por él las quantas el cura.

No ai sacramento; mandose reparar el atrio de la Yglesia, y que se compongan las andas de los difuntos, y que el cura ponga las partidas de bautismos, bodas y entierros con la claridad, que se le queda anotado en los libros donde se escriben, y que se cierre la pila Bautismal con un candado. Ai en dicho lugar un sacerdote llamado don Jacobo Sánchez de hedad de 33 años, ordenado de misa a titulo de patrimonio en las témporas de septiembre del año de 1693; tiene por un año lizenzia de confesar dada por el Provisor y cumple en 11 de Junio del año de 1701. Ai otro ordenado de Ebangelio llamado don Lorenço de Paramo [...]1v no compareçio por estar ausente, queda orden de citarle. Fue alcançado el Maiordomo en quarenta y tres reales y quatro maravedís. Tiene de caudal en quinientos y tres reales, y treinta y un maravedís. Queda comisión al cura para que obligue a los feligreses a que çierren el atrio de la Iglesia como es de su obligación. Compareçio el lizenziado don Lorenço de Paramo y Neira en la Villa de Sarria, está ordenado de menores, epistola y ebangelio por el señor don fray Miguel de Fuentes a título de patrimonio.

Ay un sacerdote patrimonial Pedro Fernandez de Quiroga<sup>9</sup>.

## [2] San Pedro de Mazedá

Anejo al antecedente, cura el mismo lleva todos los frutos el cura, y las primicias son de la yglesia.

Ai unas chrismeras de plata para las dos yglesias, y un manual, no tienen adorno alguno los colaterales.

<sup>9</sup>Ay un sacerdote patrimonial ... de Quiroga] add. al. man. L

Es mayordomo Froylan Fernandez y por estar ausente dio por él las quantas el cura. Fue alcançado en 25 reales y 21 maravedis. Tiene de caudal treçientos y setenta y cinco reales y diez y nueve maravedís. Que se compongan las andas de los difuntos a costa de los vienes de esta Yglesia y que de la de Santiago de Camposo; que se compre una ara y se fixe la del altar maior, y que se pongan en las colaterales una cruz de madera en cada uno. |<sup>2r</sup>

Lego

## [3] Santa Maria Magdalena de Escoureda

Presentaçion de don Diego de Yebra, señor de Láncara, es cura el lizenziado Sebastian López de Neira.

Maiordomo Lorenço Capon. Vale el curato dos mil reales. Lleva el cura todos los frutos y la yglesia las primicias.

Ai sacramento y chrismeras de plata.

No ai capellania alguna ni ai sacerdotes. Que se compongan los tejados de la yglesia y las andas de los difuntos; y que se compren purificadores y corporales; tiene de Caudal la yglesia sesenta y cinco Reales; queda el cura aperçivido con quatro ducados de multa sobre la limpieça del Sagrario.

[...]

## VISITA DEL AÑO DE 1702

### [XII] Arciprestazgo de Farnadeiros

Eclesiastico

### [288] San Pedro de Farnadeiros

Cura Andrés López Carlín de hedad de 44 años.

Es de presentaçion eclesiástica en los meses ordinarios del Cavildo de Lugo, que lleva todos los frutos y al cura le dan veinte ducados y veinte maravedís de vellón cada un año. Primicias la Yglesia.

Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de

plata. Está medianamente surtida de ornamentos. Maiordomo Domingo Díaz. Tiene de alcance final la yglesia a su favor seiscientos y çinquenta reales y treinta maravedís. Queda comisión al cura para su cobrança y que a costa del haga undir una patena que ai de labores y que se haga lisa y que haga un copón para el sagrario añadiéndolo al pie de un pectoral que ai y que haga echar çerradura con llave en la pila bautismal y que se çierre con piedra y cal la puerta pequeña de la yglesia y que se haga una linterna nueva y que se ponga llave en el cajonçillo de los santos óleos.

No ai capellanía ni sacerdote.

Ai dos hermitas la una de San Bartolomé y la otra de San Cyprián, que están cubiertas y reparadas. Ai una cofradía del Rosario. Queda comisión al cura para que tome las quantas.

Vale con el anejo ochocientos reales.<sup>95r</sup>

### **[289] San Hesteban de Farnadeiros**

Anejo al antecedente, cura el mismo, presentación la misma.

Lleva el cura dos terçias partes de los frutos y la otra terçia el Cavildo de Lugo, primiçias la yglesia.

No ai Santísimo Sacramento. Tiene pila bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos.

Mayordomo Pedro Fernández tiene de final alcance la yglesia a su favor 459 reales y 33 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y que a costa del pague el retablo que está mandado haçer y de lo primero que huviere que compre una mesa de corporales.

No ai cofradía, ni hermita.

Ai un sacerdote llamado Gregorio Lopez Carvajales, que posee una capellanía colativa que está fundada en esta yglesia de la advocaçion de San Juan por Juan López y Juan Díaz.

Eclesiastico 26

### **[290] San Pedro de Zerçeda**

Cura Andres Alonso da Riva de hedad de 40 años. Presentación eclesiástica los meses ordinarios el cavildo de Lugo.

Lleva el cura la mitad de los frutos y la otra mitad el conde de Lemos, primiçias la yglesia.

Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos. Mayordomo Juan da Veiga. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 56 reales y quinçe maravedís. Queda comisión al cura para su cobrança y que a costa del haga |95v poner llave en la ventanilla de los santos óleos y con lo que sobrare y de lo primero que huviere que compre una alba de lienço con su amito y cingulo.

Ai una capilla dentro de la yglesia. Tiene lo neçesario para çelebrar y en ella ai una fundaçion de dos misas cada semana que por declaraçion del cura están cumplidas hasta oy y están a cargo de Alonso Díaz de Guitian. Hásele de çitar para que exhiva la fundaçion.

No ay hermita ni capellania colativa ni cofradia.

Ai un sacerdote llamado Sebastián López de Neira. Queda çitado.

Vale este curato con el anejo cien ducados.

### **[291] Santa Eulalia de Quinte**

Anejo al antecedente, cura el mismo, presentación la misma.

Lleva el cura la terçera parte de frutos y las dos el Cavildo de Lugo, primiçias la yglesia.

No ay Santísimo Sacramento. Ai pila bautismal, chrismeras de plata, tiene un ornamento.

Mayordomo Pedro de Framil. Tiene la yglesia de alcance final a su favor 698 reales y 14 maravedis.



Queda comision al cura para su cobrança y que a costa del haga componer con toda brevedad el techo de la<sup>96r</sup> yglesia y que se ponga llave en la ventanilla de los Santos Óleos y del primer caudal que huviere que se haga a costa de las dos Yglesias un pectoral en que se lleve el Viático a los enfermos.

No ai hermita, capellanía ni sacerdote.

Ai una cofradía del Ángel de la Guarda. Queda comisión al cura para que tome las quantas.

Lego

### [292] San Feliz de Paradela

Cura Francisco Díaz Pallares de hedad de treinta y seis años. Presentación del Conde de Lemos. Lleva el cura todos los frutos, primicias la yglesia. Vale el curato con el anejo, que está en la Maestrescolia doçientos ducados.

Ai santísimo sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos.

Maiordomo Pedro López. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 267 reales. Queda comisión al cura para su cobrança y que a costa dellos se pague el techo que se está haciendo de nuevo en la capilla maior y que haga poner çerradura con llave en la pila bautismal y cajón dónde se<sup>96v</sup> guarden los santos óleos.

Ai una cofradía del Santísimo Sacramento. Queda comisión al cura para que tome las quantas.

No ai capellanía ni saçerdote.

Ai una hermita de Nuestra Señora de los Remedios que está reparada y cubierta con puertas y cerradura.

Ay aquí un sacerdote patrimonial: Matheo Álvarez de Puga<sup>10</sup>.

<sup>10</sup>Ay aquí un sacerdote ... Álvarez de Puga] add. al. man. L

Eclesiastico

### [293] San Miguel de Lapío

Cura don Juan Alonso Millares de edad de sesenta y uno. Oy es cura Domingo López Chantres.<sup>11</sup>

Es de presentación eclesiástica en los meses ordinarios el Cavildo de Lugo. Lleva el cura todos los frutos, primicias la yglesia. Vale el curato con el anejo duçientos ducados.

Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos. Maiordomo Juan de Castro. Tiene la yglesia de final alcance a su favor çiento y dos reales y 31 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y que a costa del haga componer la pila bautismal de suerte que no se salga el agua y que se reteje la yglesia y con lo que sobrare y de los primeros medios que huviere que compre una alba y un amito de lienzo.

No ai cofradía ni hermita.

Ai una capilla de San Carlos Borromeo arrimada a la pared de la yglesia. Tiene lo neçesario para celebrar y en ella está fundada una capellanía colativa de San Carlos Borromeo que posee el lizenciado Domingo Sánchez Osorio, presbitero, que compareçio en visita. Esta capellanía tiene la renta siguiente: 22 fanegas y dos ferrado de renta fija. Las 17 y 3 ferrados en la siguiente. Las demás una fanega y 5 ferrados en el lugar del hospital en Manan de Abajo una fanega y dos ferrados, en Manan de arriba mas y un ferrado y 30 fanegas y una que vale |97r un lugar que es foro de la encomienda de Puerto Marin lo que oy pagan de renta por arrendamiento son las dichas nueve fanegas de pan y el dicho don Domingo Osorio tuvo colación de la capellania de Nuestra Señora de la Purificacion que está fundada en Manán de Abajo y vale de doce a diez y seis fanegas de renta y queda agregada desde oy 15 de febrero a la capellania de San Carlos Borromeo in perpetuum según la fundaçion<sup>12</sup>.

<sup>11</sup>Oy es cura ... Chantres] add. al. man. L

<sup>12</sup>Esta capellanía tiene de renta ... según la fundaçion] add. al. man. L

### [294] Santa María Magdalena de Sabarei

Anejo al antecedente, cura el mismo, presentación la misma.

Lleva el cura todos los frutos, primicias la yglesia. No ai sacramento, tiene pila bautismal. Sírvese con las chrismeras de la matriz. Tiene dos ornamentos.

Maiordomo Miguel Fernández. Tiene de final alcançe la yglesia a su favor 215 reales. Queda comisión al cura para su cobrança y que a costa dellos compre una alba de lienço con amicto y çingulo y que haga poner çerradura con llave en la pila bautismal.

No ai cofradía, capellanía, hermita ni saçerdote.<sup>13r</sup>  
[...]

### [XIII] Arziprestazgo de Paramo y Goldrame

#### Visita del año de 1702

Lego Puesto<sup>13</sup>

### [313] San Juan de Cela

Cura Don Pedro Somoza Guitian, es anejo a Santiago de Camposo en el arziprestazgo de Sarria. Presentacion la que allí se dijo y valor el mismo. Lleva el cura todos los frutos, excepto el diez—<sup>105r</sup>— mo maior de dos lugares de Junto a la Yglesia, que lleva el Cavildo de Lugo. Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos.

Mayordomo Domingo López de Zela. Tiene de alcançe final la yglesia a su favor 715 reales y catorce maravedís. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado compre un alba con dos amitos y un çingulo y que vaia pagando los colaterales en la conformidad que esta hecho el ajuste y que compre la losa, que fuere menester para acabar de cubrir la sachristia y que haga componer el caliz.

<sup>13</sup>Puesto] add. al. man. L

No ai cofradía ni sacerdote.

Ai una capellanía de San Diego que posee don Melchor Saco y Quiroga. Ai una hermita de San Pedro Mártir en el lugar de Reconco, que está a cargo del cura. Está cubierta y reparada y tiene lo neçesario para celebrar.

La capellania de San Juan de Zela de que está titulado don Diego Arias de Coira tiene de renta que se cobra de caseros veinte y dos fanegas y cinco ferrados y más una casa con su prado y huerto que oy posee el cura que dice valdrá cinco o seis fanegas de renta y todo este pan menos siete u ocho ferrados es de mala calidad porque todo es abena. Es la vocación de la capellanía San Diego. Y tiene más una fanega de tierra que está en campo, y labrándose será otra fanega de renta<sup>14</sup>.

[...]

### [XXVI] Arçiprestazgo de Picato Visita del año 1702

Eclesiastico 63

### [599] Santa María de Marei

Cura don Luis Teijeiro de hedad de 54 años. Presentacion eclesiástica con el cavildo de Lugo. Lleva el cura quarto y medio de frutos y otros tantos el cavildo y una quarta parte el Combento de la Nova de Lugo. Vale el curato con el anejo duçientos ducados que es Santiago de Gumian en la Maestrescolía<sup>15</sup>. La yglesia lleva las primicias.

Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos. Mayordomo Francisco de Bascoas. Tiene de alcançe final la yglesia a su favor 1040 reales y 27 maravedis.

Queda comisión al cura para su cobrança y que se pongan en poder del depositario y le queda

<sup>14</sup>La capellanía de San Juan de Zela ... otra fanega de renta] add. al. man. L

<sup>15</sup>que es Santiago de Gumían en la Maestrescolía] add. al. man. L

mandado ponga llave en la laçena de los santos óleos y que compre una casulla con estola y manipulo de seda y un ara, un manual, una linterna, una alba con dos amitos y un cingulo y que se blanquee la sachristia y con lo que quedare que compre la ropa blanca que fuere menester.

Ai una cofradía de Nuestra Señora del Rosario.

Queda comisión al cura para que tome las quantas.

No ai capellanía ni hermita ni saçerdote.

Ay un sacerdote patrimonial: Joseph Diaz de Neira<sup>16</sup>. |<sup>230v</sup>

### [600] San Bartolomé de Abragán

Es vicaría del Monasterio de Samos, que lleva todos los frutos. Sírvela el cura de Marei y le da el Monasterio quatro ducados cada un año y los frutos menores. La yglesia lleva las primicias.

No ai sacramento ni chrismeras. No sirve más que si fuera hermita. Sólo se diçen en misa en ella tres veçes al año. Está casi aruinada y no se sabe liquido lo que tiene de caudal. Queda comisión al cura para que lo liquide y comisión para su cobrança y con ello reedifique la yglesia y asee lo mejor que pueda y no alcançado requiera al reverendísimo padre Abad de Samos su plato que faltare en consideraçion de perçivir todos los diezmos.

No ai saçerdote, hermita, capilla, capellania ni cofradía.

Lego

### [603] San Salvador de Santalla de Picato

Cura don Marcos Antonio das Seijas de hedad de 66 años. Oy don Thomas de Losada y Quiroga<sup>17</sup>.

<sup>16</sup> Ay un sacerdote patrimonial: Joseph Díaz de Neira] add. al. man. L

<sup>17</sup> Oy don Thomás de Losada y Quiroga] add. al. man. L

Presentación del Conde de Lemos. Lleva el cura la mitad de los frutos y la otra mitad legos, primicias la yglesia. Vale el curato con el anejo que está en la Maestre Escolía mil reales.

Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos.

Mayordomo Sebastián de Liz. Tiene de alcance final la yglesia su favor 440 reales y 9 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado ponga çerradura con llave en la pila bautismal y que ponga las chrismeras en parte que esté çerrada con llave y que compre una linterna y un caxón en que pongan los ornamentos.

Ai una Cofradía del Santísimo Sacramento. Queda comisión al cura para que tome las quantas.

No ai capellanía ni capilla ni hermita.

Ai dos saçerdotes patrimoniales: Antonio Fernández de Neira y Antonio de Quiroga.

[...]

### [XXVII] Arçiprestazgo de la Maestrescolia Visita del año de 1702

#### [617] Santiago de Gumian

Anejo a Santa María de Marei en el Arçiprestazgo del Picato. Cura el mismo que allí se dixo, presentación la misma.

Lleva el cura las dos terçias partes de los frutos y la otra la Dignidad Episcopal, primicias la yglesia.

No ai sacramento. Tiene pila bautismal, chrismeras de plata. Está la yglesia pobre de ornamentos.

Mayordomo Domingo do Monte. Tiene la yglesia de alcance final a su favor 238 reales y 25 maravedis. Queda comisión al cura para su cobranza y que a quenta de ellos cierre bien la pila Bautismal y que haga una ampolla nueva para el crisma y eche llave en la laçena de los santos óleos y con lo que restare y a lo adelante caiere que compre una

casulla, estola, manípulo y bolsa de corporales de filipichín y un manual.

Ai una cofradía de Santiago. Ai una hermita de Santa Águeda, que está abierta. Queda comisión al cura para que notifique a la patrona a cuio cargo está repararla. La componga dentro de tres meses y no lo haciendo que la haga demoler y poner en su sitio una cruz.

Ai una capellanía que posee Pedro Gómez que vive en el Arçiprestazgo de Bolaño. Se ha de saber lo que vale del capellán y obligarle acuda a decir las misas.

Ai un saçerdote patrimonial: Domingo López<sup>18</sup>.

Lego

### [618] San Pedro de San Andrés de Chamoso

Cura Pedro Álvarez de Villar? de edad de 50 años.

Presentaçion de don Alvaro de Castro. Lleva |<sup>237r</sup> el cura todos los frutos, primiçias la yglesia. Vale el curato çien ducados.

Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos.

Mayordomo Pedro de Baqueria. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 715 reales y 17 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado compre un pectoral de plata en que se lleve el viático a los enfermos con su bolsa y cordones y unos caxones para poner en ellos los ornamentos, una linterna y que haga componer la tribuna y echar una viga en correspondençia de otra que tiene la yglesia para su firmeça.

No ai cofradía, capilla ni capellania.

Ai dos hermitas: una de San Roque y otra de Santa Isabel, que están reparadas y deçentes.

Ai dos saçerdotes patrimoniales: don Manuel Montenegro y Sanjurjo y Pedro Díaz.

<sup>18</sup>Ay un sacerdote patrimonial .... López] add. al. man. L

### [619] Santa Catalina de Anseán

Cura don Francisco Álvaro de Navia de edad de 35 años.

Presentaçion del Conde de Altamira. Lleva el cura todos los frutos, primiçias la yglesia. Vale el curato 800 reales.

Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está la yglesia pobre de ornamentos y desaseada.

Mayordomo Antonio Díaz. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 584 reales y 20 maravedis.

Queda comisión al cura para su cobranza y que a cuenta de ellos ponga cerradura con llave en la alacena de los santos óleos y una clavija en la caja de las chrismeras y una ara entera en el sagrario y que siempre esté cubierta con corporales y que compre un manual y un misal con los santos añadidos y con lo que quedare y adelante caiere que compre una casulla de catalufa con estola, manípulo y bolsa de corporales y una lin—|<sup>237v</sup>— terna, y acave de pagar el retablo y haxa unos caxones para los ornamentos. Queda aperçivido el cura no use del ornamento de catalufa viejo que ai por estar indecente y que pena de 20 ducados tenga la yglesia limpia y aseada.

No ai cofradía, capilla, capellania ni sacerdote.

Ai una hermita de San Adrián. Está reparada.

Lego

### [620] San Pedro de Argemil

Cura Domingo Baltero de edad de 52 años. Oy Francisco Montero. Oy don Luis Teijeiro Montenegro.<sup>19</sup>

Presentaçion de legos, lleva el cura las dos terçias partes de los frutos y la otra el señor de Lánçara, primiçias la yglesia. Vale el curato con sus anejos duçientos ducados.

<sup>19</sup>Oy Francisco Montero ... Montenegro] add. al. man. L



Ai sacramento, tiene pila bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos.

Mayordomo Alonso López Torrón. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 748 reales y 13 maravedís. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado tenga notificado para la siguiente visita la cantidad que estuviere empleada de dicho alcance para que en dicha visita se hagan las revaxas y que haga renovar las ymágenes para que queden deçentes.

Ai una cofradía de Nuestra Señora del Rosario. Queda comisión al cura para que tome las quantas.

No ai capellanía, capilla ni hermita ni saçerdote.

Ai en esta feligresía una hermita, que antes fue parrochia intitulada San Martín de Perlinos: Está cubierta, çerrada y reparada.<sup>238r</sup>

### [621] San Miguel de Piedrafita

Anejo a Argemil, cura el mismo, presentación la misma.

Lleva el cura la tercera parte de los frutos y las dos legos, primiçias la yglesia.

No ai sacramento. Tiene pila bautismal. Sírvese con las chrismeras de la matriz. Tiene un ornamento cumplido.

Mayordomo Hesteban Besteiro. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 740 reales y 32 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado tenga justificado para la futura visita lo que estuviere legítimamente gastado y que compre unas chrismeras de plata que sirvan a esta parrochia y las tendrá una alacenita çerrada con llave.

No ai cofradía, capellania ni capilla.

Ai una hermita de Nuestra Señora que está reparada.

Ai sacerdote patrimonial: Francisco López de Marei, que lo más del tiempo anda vagando. Ai otro saçerdote patrimonial digo capellán don Diego López de Neira, que tiene la capellanía en Santa María de Paços, arçiprestazgo de Neira de Jusá.

### [622] San Bartolomé de Chamoso

Anejo a Argemil, cura el mismo, presentación la misma.

Lleva el cura la tercera parte de los frutos y las dos legos, primiçias la yglesia.

No ai sacramento, tiene pila bautismal. Sírvese con las chrismeras de la matriz. Está aseada y medianamente surtida de ornamentos.

Mayordomo Domingo Torrón de Quintela. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 238v 529 reales y 31 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado que con dicho caudal acave de pagar lo que se estuviere deviendo de los reparos que se han hecho en la yglesia para que en la futura visita se hagan las revaxas y se sepa lo que queda líquido a favor de la yglesia.

No ai cofradía, capilla, capellania, hermita ni saçerdote.

### [623] Santa Marina de Cabreiros

Anejo a San Fiz de Paradela en el arçiprestazgo de Farnadeiros.

Cura el mismo, que allí se dixo, presentación la misma. Lleva el cura la mitad de los frutos y la otra mitad entre el cura de Laxosa y legos, primiçias la yglesia.

No ai sacramento. Tiene pila bautismal. Sírvese con las chrismeras de la matriz. Está pobrissima de ornamentos.

Mayordomo Sebastián de Pías. Tiene la yglesia de alcance final la yglesia a su favor 79 reales y 22 maravedis. Queda comisión al cura para su

cobranza y en consideracion de la suma pobreça que tiene la yglesia se le da facultad al cura para que requiera echar çerradura con llave en la pila bautismal, hacer un frontal de catalufa o droguete y un misal nuevo con los santos añadidos y pintar la cruz proçesional y de no haçerlo asi, acompañándose de notario o escribano les embargará los frutos de la sin cura y los depositara en persona abonada con su quenta y raçon, la dará a su señoria ilustrisima para proveer lo que convenga.

No ai cofradía, |<sup>239r</sup> capellanía, hermita ni saçerdote.

Lego

### [624] Santiago de Lajosa

Cura don Alonso Santiso y Ulloa de hedad de sesenta y dos años. Presentación del Conde de Lemos, lleva el cura la mitad de los frutos y la otra mitad legos, primiçias la yglesia. Vale el curato mil y quinientos reales. Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos.

Mayordomo Antonio Galán. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 706 reales y quatro maravedís. Queda comisión al cura para que tome las quantas digo para su cobrança y le queda mandado ponga çerradura con llave en la pila bautismal y lacena de los santos óleos y que compre un pectoral de plata en que se lleve el viático a los enfermos y que pague el misal nuevo, que ha traído.

No ai cofradía, capilla, capellanía ni saçerdote.

Ai una hermita de Santa Ysabel, que está çerrada y reparada. |<sup>239v</sup>

### [625] San Cosme de Manán

Anejo al antecedente, cura el mismo, presentación la misma. Lleva el cura todos los frutos, primiçias la yglesia.

No ai sacramento. Tiene pila bautismal. Sírvese con las chrismeras de la matriz. Está pobre de ornamentos.

Mayordomo Antonio de Manán. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 754 reales y 16 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado ponga cerradura con llave en la pila bautismal y que compre una ara y le queda mandado haga que maestro de alvañilería, que sea perito, vea la yglesia, y según la declaración que hiçiere haga se repare antes que padezca ruina.

No ai cofradía.

Ai una capilla junto a la yglesia de avocación de Nuestra Señora del Rosario, que no se puede celebrar en ella. Ai en ella una fundación de capellania colativa de Nuestra Señora de la Purificación<sup>20</sup> que posee don Juan Nieto de Guevara, que tendrá de renta cobradera de 12 a diez y seis fanegas de pan.

Ai un sacerdote patrimonial Bartolomé Alvarez.

No ai más hermita.

De esta capellanía de Nuestra Señora de la Purificación se dio colación oy a don Domingo Osorio que posee la del Carlos Borromeo en Lapío, y queda agregada in perpetuum a la dicha de San Carlos según clausula de la fundación.<sup>21</sup>

Lego

### [626] Santiago de Adai

Cura don Domingo Gómez Canzela de hedad de quarenta años. Presentación del Conde de Lemos. Lleva el cura todos los frutos, primiçias la yglesia. Vale el curato con el anejo mil reales.

Ai sacramento, pila bau—|<sup>240r</sup>—tismal, chrismeras de plata. Está la yglesia pobre de ornamentos.

Maiordomo Juan de Adai. Tiene la yglesia de alcance final a su favor 428 reales y 27 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y que a quenta de ellas eche llaves y çerraduras en la

<sup>20</sup>De Nuestra Señora de la Purificación] add. al. man. L

<sup>21</sup>De esta capellanía ... cláusula de la fundación] add. al. man. L

pila bautismal y laçena de los santos óleos en que echara ventana y unos corporales con su bolsa y que haga componer las puertas de la yglesia de calidad que queden seguras de que entren ganados por pequeños que sean y que compre un libro de a folio para escribir las quentas.

No ai cofradía, capilla, capellanía ni hermita.  
Ai un saçerdote patrimonial Alonso Rodríguez.

### [627] Santa María de Piñeiro

Anejo al antecedente, cura el mismo, presentación la misma.

Lleva el cura la tercera parte de los frutos y las otras dos la Dignidad de Maestre Escuela de Lugo y Don Joseph de Quiroga.

No ai sacramento. Tiene pila bautismal.

Sírvese con las chrismeras de la matriz. Está pobre de ornamentos. Mayordomo Francisco Besteiro. Tiene la yglesia de alcance final a su favor 221 reales y 23 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y que a quenta de ellos eche llave en la pila bautismal y que compre un misal nuevo con los santos añadidos y un libro de a folio en que se escriban las quentas.

No ai cofradía ni hermita.

Ai una capilla de don Antonio Pradedada, que tiene lo <sup>240v</sup> necesario para celebrar y ai en ella fundada una capellania colativa, que posee don Jacobo Lorenzo Camaño, que vive en el arzobispado de Santiago.

No ai sacerdote.

Lego

### [640] San Juan de Corgo

Cura don Froylan Teijeiro Montenegro de edad de 41 años. Presentación del Conde de Lemos. Lleva el cura la mitad de los frutos y la otra mitad

el presentero, primiçias la yglesia. Vale el curato con los anexos duçientos ducados.

Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está pobre de ornamentos.

Mayordomo Joseph de Outeiro. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 438 reales y siete maravedís. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado ponga çerradura con llave en la pila bautismal y que tenga las chrismeras en parte que esté cerrada con llave distinta de otro uso y que a costa del caudal de esta yglesia y de las de los anejos que compre un pectoral de plata, con su bolsa y cordones y que haga una sachristía al lado del medio día y se iguale la yglesia y unos cajones para los ornamentos.

No ai cofradía, capilla, capellanía ni saçerdote.  
Ai una hermita de Santa Eufemia, que está reparada. <sup>245r</sup>

### [641] San Christoval de Chamoso

Anejo al antecedente, cura el mismo, presentación la misma. Lleva el cura todos los frutos, primiçias la yglesia.

No ai sacramento, tiene pila bautismal. Sírvese con las chrismeras de la matriz. Está pobre de ornamentos.

Mayordomo Juan de Zela. Tiene de alcance final a su favor 656 reales y cinco maravedís. Queda comisión al cura para su cobrança y que acave de pagar el coste de la sachristía y lo tenga justificado para que en la futura visita se hagan las revaxas y en consideración de ser poco el alcance que quedare con lo que huviere y adelante caiere que ponga cerradura con llave en la pila bautismal y que compre un tafetán para el cáliz y haga componer el misal y compre otro nuevo con los santos añadidos y haga blanquear las paredes.

No ai cofradía, capellanía, capilla ni saçerdote.

Ai una hermita de San Marcos, que está mal reparada. Dáse comisión al cura para que requiera a la justia saque la multa a los que no asistieren a las rogaciones como tienen obligación y requiera a los curas asistan con aperçivimiento que bendrá un ministro a sacarles la multa y de lo que montaren reparar dicha hermita solicitando de los fieles alguna limosna.

### [642] San Fiz de Bergaço

Anejo a los dos antecedentes, cura el mismo, presentación la misma. Lleva el cura la mitad de los frutos, primicias la Yglesia y la otra mitad un prestamero.

No ai <sup>245v</sup> sacramento, tiene pila bautismal, chrismeras de plata. Está pobre de ornamentos.

Mayordomo Domingo Madarro. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 752 reales y 24 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado ponga çerradura con llave en la pila Bautismal y que haga relasar el techo de la yglesia y que pague el ornamento de raso y compre un misal nuevo con los santos añadidos y con lo que quedare y adelante caiere que haga dorar el retablo.

No ai cofradía, capellanía ni saçerdote ni hermita.

Lego

### [643] Santiago de Fonteita

Cura Sebastián Díaz de Neira de hedad de 46 años.

Presentación de legos. Lleva el cura la mitad de los frutos y la otra mitad el prestamero, primicias la yglesia. Vale el curato ochocientos reales.

Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos. Mayordomo Bernardo Tallón. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 177 reales y siete maravedis. Queda comisión al cura para su

cobrança y le queda mandado ponga un marco en la alaçena de los santos óleos y que compre un pectoral de plata con su bolsa.

No ai capellanía ni saçerdote.

Ai una cofradía de Nuestra Señora del Rosario y una hermita de San Lorenzo que está reparada. <sup>246r</sup>

### [645] San Salvador de Castrillón

Anejo a San Salvador de Santalla en el arçiprestazgo de Picato. Cura el mismo, que allí se dijo, presentación la misma, valor el mismo.

Lleva el cura la mitad de los frutos y la otra mitad un prestamero, primicias la yglesia.

No ai sacramento, tiene pila bautismal, chrismeras de plata. Está pobrissima de ornamentos. <sup>246v</sup>

Mayordomo Juan Bieito. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 23 reales y 15 maravedis.

Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado ponga candado en la pila bautismal y puerta con cerradura y llave en la lazena de los santos óleos y con el residuo y lo primero que huviere y fuere caiendo que haga una casulla, estola, manípulo y bolsa de corporales de chamelote de lana.

No ai cofradía, capilla, capellanía ni hermita ni saçerdote.

### [647] Santa Maria de Franquián

Anejo a San Salvador de Toirán en el arçiprestazgo de Picato, cura el mismo que allí se dijo, presentación la misma, valor el mismo.

Lleva el cura las tres partes de frutos, primicias la Yglesia.

No ai sacramento, tiene pila bautismal, chrismeras de plata.



Está pobre de ornamentos.

Mayordomo Domingo da Torre. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 565 reales y 3 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado que con dichos alcançes compre una ara, una linterna, una casulla de droguete, con estola, manipulo y bolsa de corporales, un manual, una alba con dos amitos y un çingulo y que se haga componer los cajones de los ornamentos de manera que no entren en ellos los ratones y que no use de las casullas viejas que ai y que compre un libro de a folio empergaminado para las quantas.

No ai cofradía, capellanía, saçerdote ni hermita y en consideraçion de estar la yglesia pobre y sin los ornamentos neçesarios queda mandado al cura obligue a los que deven pagar primicia, que pague cada uno dos zelemines cada año y las viudas uno.

Préstamo

Lego

#### [648] Santa María de Queizán

Cura don Francisco Fernández de hedad de 33 años.

Presentaçión de legos.

Lleva el cura las dos partes de los frutos y la otra tercera parte un prestamero, primicias la yglesia.

Vale el curato con el anejo mil reales.

Ai sacramento, pila <sup>247v</sup> bautismal, chrismeras de plata. Está medianamente surtida de ornamentos.

Mayordomo Pedro Rodríguez. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 521 reales y 1 maravedi. Queda Comisión al cura para su cobrança y le queda mandado ponga llave en la lazena de los santos óleos y que compre una ara y que haga encuadernar el manual y blanquear la yglesia y que se hagan cajones para los ornamentos y con

el residuo y lo que adelante caiere que haga una sachristía al lado del medio día.

No ai cofradía, capellanía, hermita ni saçerdote.

#### [649] San Julián de Campelo

Unido a Queizán. Es presentaçión del cavildo de Lugo, cura el mismo, que lleva todos los frutos y paga al cavildo veinte y çinco fanegas de pan cada un año. La iglesia lleva las primicias.

No ai sacramento. Tiene pila bautismal, chrismeras de plata. Está pobre de ornamentos.

Mayordomo Antonio Riguera. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 314 reales y 15 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y en consideraçion de no haver pareçido los mayordomos para haçer las revaxas y el cura estar enfermo se da comisión al cura de Argemil para que liquide las quantas y justifique lo que está a favor de la yglesia y a costa dello queda mandado al cura ponga cerradura con llave en la alaçena de los santos óleos y que compre un manual y un misal y adorne con alguna deçençia los colaterales.

No ai cofradía, capellanía ni hermita.

Ai un sacerdote patrimonial: Juan de Bande <sup>248r</sup>

Lego

#### [650] San Martín de Folgosa

Cura don Juan de Quiroga Osorio de hedad de 54 años.

Presentaçión de legos. Lleva el cura todos los frutos, primicias la yglesia. Vale el curato con los anejos 200 ducados.

Ai sacramento, pila bautismal, chrismeras de plata. Está pobre de ornamentos.

Mayordomo Antonio Díaz. Tiene de alcance final a su favor la yglesia 62 reales y 16 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado ponga çerradura con llave en la

pila bautismal y cerradura con puerta y llave en la alaçena de los santos óleos y que compre un alba con dos amitos y un çíngulo.

No ai cofradía ni capellanía ni capilla.

Ai un saçerdote don Albaro de Quiroga Osorio, que goça una capellanía en San Juan de Folgosa. Están anexas a esta yglesia otras dos que fueron parrochiales con vocaçion de San Juan de Folgosa y San Pedro de Coto.

### **[651] San Juan de Folgosa**

Está oi hecha hermita cubierta y cerrada y con ornamentos para celebrar.

Ai en ella fundadas dos capellanias: la una de San Pedro que posee don Albaro de Quiroga, de valor de çinquenta fanegas de pan de renta cobraderas en cada un año; y la otra de San Juan que |248v posee don Antonio de Quiroga que tiene igual valor y renta a la de San Pedro.

La yglesia de San Pedro de Coto está oy desmoronada y destruida. Queda mandado al cura la acave de demoler y ponga en su sitio una cruz en señal de haver sido lugar sagrado.

### **[652] San Hesteban de Folgosa**

Anejo al antecedente, cura el mismo, presentación la misma. Lleva el cura las tres quartas partes de los frutos y la otra quarta parte legos, primiçias la yglesia.

No ai sacramento, tiene pila bautismal, chrismeras de plata, digo sírvese con las chrismeras de la matriz. Está pobre de ornamentos.

Mayordomo Domingo Caldeiro. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 14 reales y 9 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado ponga çerradura con llave en la pila bautismal y con lo primero que huviere que compre un frontal para el altar maior y que haga adereçar el misal.

No ai cofradía.

Ai una hermita de San Pedro, que está |249r çerrada y reparada.

Ai dos saçerdotes: don Antonio de Quiroga Osorio, capellán en San Juan de Folgosa y Antonio Toirán, theniente cura al presente de la parroquial de Santiago de Lugo, que posee en esta yglesia una capellanía de San Bartolomé que está fundada la maior parte sobre montes incultos y tal qual propiedad que vale mui poca o ninguna renta. |250r

[...]

### **[XXXIII] Arçiprestazgo de los Cotos de Lugo**

Visita del año de 1702

#### **[820] San Julián de Vilachá de Chamoso**

Anejo a los antecedentes, cura el mismo, presentación la misma.

Lleva el cura la mitad de los frutos y la otra mitad el Seminario de Lugo que se la pidió el señor obispo, primiçias la yglesia.

No ai sacramentos, tiene pila bautismal, chrismeras de plata. Está pobre de ornamentos. Mayordomo Bartolomé de Meixide. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 221 reales y 16 maravedis. Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado ponga cerradura con llave en la alaçena de los santos óleos y que haga un ornamento de lana.

No ai cofradía, capilla, capellanía, hermita ni saçerdote y que con el residuo y lo que adelante caiere, que se reparen las paredes de la Yglesia.

|313v

#### **[825] San Juan de Vilaçeleiro**

Anejo a Romeán, cura el mismo, presentación la misma. Lleva el cura todos los frutos, primiçias la yglesia.

No ai sacramento, tiene pila bautismal, chrismeras de plata. Está pobre de ornamentos.

Mayordomo Amaro Barbeiro. Tiene de alcance final la yglesia a su favor 302 reales y 19 maravedis.

Queda comisión al cura para su cobrança y le queda mandado ponga çerradura con llave en la pila bautismal y que haga sitio çerrado con llave para guardar los santos óleos y que pague el

coste del campanario y el reparo del testero de la yglesia y que compre una mesa de corporales con sus encaxes y un misal nuevo.

Ai una cofradía de San Juan.

No ai capellanía, hermita ni saçerdote.

## Apéndices

### a) Curas

#### a.1 Curas

1	Álvarez de Villar, Pedro	San Pedro de San Andrés de Chamoso
2	Arias de Prado, Juan	San Mamede dos Anxos, Santo André de Castro e San Xillao de Vilachá de Mera
3	Baltero, Domingo	San Pedro de Arxemil, Pedrafita e San Bertolomeu de Chamoso
4	Díaz Bolaño, Pedro	San Salvador de Toirán e Santa María de Franqueán
5	Díaz de Neira, Sebastián	Santiago de Fonteita
6	Díaz Pallares, Francisco	San Feliz de Paradela e Santa Mariña de Cabreiros
7	Fernández, Francisco	Santa María de Queizán e San Xiao de Campelo
8	Gómez Canzela, Domingo	Santiago de Adai e Santa María de Piñeiro
9	López Carlín, Andrés	San Pedro e Santo Estevo de Farnadeiros
10	López Chantres, Domingo	San Miguel de Lapío e Santa María Magdalena de Sabarei
11	López de Neira, Sebastian	Santa Maria Magdalena de Escoureda
12	Millares, Juan Alonso	San Miguel de Lapío e Santa María Magdalena de Sabarei
13	Montero, Francisco	San Pedro de Arxemil, Pedrafita e San Bertolomeu de Chamoso
14	Navia, Francisco Álvaro de	Santa Catalina de Anseán
15	Quiroga Osorio, Juan de	San Martiño e Santo Estevo de Folgosa
16	Riva, Andres Alonso da	San Pedro de Zerçeda e Santalla de Quinte
17	Santiso y Ulloa, Alonso	Santiago de Lajosa e San Cosme de Manán
18	Seijas, Marcos Antonio das	San Salvador de Santalla de Picato e San Salvador de Castrillón
19	Somoza Guitian, Pedro	San Xoán de Cela
20	Somoza Guitian, Pedro	Santiago de Camposo e San Xoán de Cela
21	Soto, José de	San Pedro de Romeán e San Xoán de Vilaceleiro (Segovia)
22	Teijeiro Montenegro, Froylan	San Xoán do Corgo, San Cristobo de Chamoso e San Fiz de Bergazo
23	Teijeiro Montenegro, Luis	San Pedro de Arxemil, Pedrafita e San Bertolomeu de Chamoso
24	Teijeiro, Luis	Santa María de Marei e Santiago de Gomeán

## a.2 Capeláns

1	Camaño, Jacobo Lorenzo	Santa María de Piñeiro, que vive en Santiago
2	Gómez, Pedro	Natural de Santiago de Gomeán no arciprestado de Bolaño
3	Lopez Carvajales, Gregorio	San Xoán en San Hesteban de Farnadeiros
4	López de Neira, Diego	Natural de San Miguel de Piedrafita dunha capelanía en Santa María de Pacios, arciprestado de Neira de Xusá
5	Nieto de Guevara, Juan	Nosa Señora da Purificación en San Cosme de Manán
6	Osorio, Domingo	Nosa Señora da Purificación en San Cosme de Manán
7	Quiroga Osorio, Alvaro de	San Pedro, natural de San Martín de Folgosa, en San Xoán de Folgosa
8	Quiroga Osorio, Antonio de	San Xoán en Santo Estevo de Folgosa
9	Quiroga, Antonio de	San Xoán en San Xoán de Folgosa
10	Saco y Quiroga, Melchor	San Diego en San Juan de Cela
11	Sánchez Osorio, Domingo	San Carlos Borromeo en San Miguel de Lapío
12	Toirán, Antonio	San Bartolomé en Santo Estevo de Folgosa e tenente cura de Santiago de Lugo

## a.3 Sacerdotes patrimoniais

1	Álvarez de Puga, Matheo	San Fiz de Paradela
2	Alvarez, Bartolomé	San Cosme de Manán
3	Bande, Juan de	San Julián de Campelo
4	Díaz de Neira, Joseph	Santa María de Marei
5	Díaz, Pedro	San Pedro de Santo André de Chamoso
6	Fernández de Neira, Antonio	San Salvador de Santalla de Picato
7	López de Marei, Francisco	San Miguel de Piedrafita que "lo más del tiempo anda vagando".
8	López de Neira, Sebastián	San Pedro de Cerceda
9	López, Domingo	Santiago de Gomeán
10	Montenegro y Sanjurjo, Manuel	San Pedro de Santo André de Chamoso
11	Paramo e Neira, Lorenço de	Santiago de Camposo
12	Quiroga, Antonio de	San Salvador de Santalla de Picato
13	Rodríguez, Alonso	Saçerdote patrimonial de Santiago de Adai
14	Sánchez, Jacobo	Santiago de Camposo



## b) Mordomos

1	Adai, Juan de	Santiago de Adai
2	Baqueria, Pedro de	San Pedro de Santo André de Chamoso
3	Barbeiro, Amaro	San Xoán de Vilaceleiro (Segovia)
4	Bascoas, Francisco de	Santa María de Marei
5	Besteiro, Francisco	Santa María de Piñeiro
6	Besteiro, Hesteban	San Miguel de Piedrafito
7	Bieito, Juan	San Salvador de Castrillón
8	Caldeiro, Domingo	Santo Estevo de Folgosa
9	Capon, Lorenzo	Santa María Magdalena de Escoureda
10	Castro, Juan de	San Miguel de Lapío
11	Díaz, Antonio	Santa Catalina de Anseán
12	Díaz, Antonio	San Martiño de Folgosa
13	Díaz, Domingo	San Pedro de Farnadeiros
14	Fernández da Riva, Antonio	Santiago de Camposo
13	Díaz, Antonio	San Pedro de Maceda
14	Fernández da Riva, Antonio	Natural de Santiago de Gomeán no arciprestado de Bolaño
15	Fernandez, Froylan	San Xoán en San Hesteban de Farnadeiros
16	Fernández, Miguel	Santa María Magdalena de Sabarei
17	Fernández, Pedro	Santo Estevo de Farnadeiros
18	Framil, Pedro de	Santa Eulalia de Quinte
19	Galán, Antonio	Santiago de Laxosa
20	Liz, Sebastián de	San Salvador de Santalla de Picato
21	López de Zela, Domingo	San Xoán de Cela
22	López Torrón, Alonso	San Pedro de Arxemil
23	López, Pedro	San Fiz de Paradela
24	Madarro, Domingo	San Fiz de Bergazo
25	Manán, Antonio de	San Cosme de Manán
26	Meixide, Bartolomé de	Vilachá de Chamoso
27	Monte, Domingo do	Santiago de Gomeán
28	Outeiro, Joseph de	San Xoán do Corgo

<b>29</b>	Pías, Sebastián de	Santa Mariña de Cabreiros
<b>30</b>	Riguera, Antonio	San Xillao de Campelo
<b>31</b>	Rodríguez, Pedro	Santa María de Queizán
<b>32</b>	Tallón, Bernardo	Santiago de Fonteita
<b>33</b>	Torre, Domingo da	Santa Maria de Franqueán
<b>34</b>	Torrón de Quintela, Domingo	San Bartolomé de Chamoso
<b>35</b>	Veiga, Juan da	San Pedro de Cerceda
<b>36</b>	Zela, Juan de	San Cristobo de Chamoso

c) Ermidas

<b>1</b>	Nosa Señora	San Miguel de Piedrafitia
<b>2</b>	Nosa Señora dos Remedios	San Fiz de Paradela
<b>3</b>	San Adrián	Santa Catalina de Anseán
<b>4</b>	San Bartolomé	San Pedro de Farnadeiros
<b>5</b>	San Cibrao	San Pedro de Farnadeiros
<b>6</b>	San Xoán	San Martín de Folgosa
<b>7</b>	San Lourenzo	Santiago de Fonteita
<b>8</b>	San Marcos	San Christoval de Chamoso
<b>9</b>	San Martiño de Perlinos	San Pedro de Arxemil
<b>10</b>	San Pedro	Santo Estevo de Folgosa
<b>11</b>	San Pedro de Coto	San Martiño de Folgosa
<b>12</b>	San Pedro Mártir	San Xoán de Cela
<b>13</b>	San Roque	San Pedro de Santo André de Chamoso
<b>14</b>	Santa Águeda	Santiago de Gomeán
<b>15</b>	Santa Eufemia	San Xoán do Corgo
<b>16</b>	Santa Isabel	San Pedro de Santo André de Chamoso
<b>17</b>	Santa Isabel	Santiago de Laxosa

## d) Confrarías

1	Anxo da Guarda	Santa Eulalia de Quinte
2	Nosa Señora do Rosario	San Pedro de Farnadeiros
3	Nosa Señora do Rosario	Santa María de Marei
4	Nosa Señora do Rosario	San Pedro de Arxemil
5	Nosa Señora do Rosario	Santiago de Fonteita
6	San Xoán	San Xoán de Vilaceleiro
7	Santiago	Santiago de Gomeán
8	Santisimo Sacramento	San Salvador de Santalla de Picato
9	Santisimo Sacramento	San Feliz de Paradela

## e) Capelas

1	Dentro da igrexa, que ten o necesario para celebrar	San Pedro de Cerceda
2	San Carlos Borromeo arrimada á parede da igrexa	San Miguel de Lapío
3	Nosa Señora do Rosario	San Cosme de Manán
4	De don Antonio Pradedá	Santa María de Piñeiro

# NOMEAR A TERRA NO CORGO: A TOPONIMIA LOCAL VISTA POR UN FILÓLOGO

Lois Ladra

Proxecto CORGORAL

## RESUMO

No marco do Proxecto CORGORAL e do estudo do Patrimonio Cultural Inmaterial corgués realizamos unha ampla serie de entrevistas a todo tipo de persoas que son portadoras dos chamados etnosaberes locais. Dentro destes, a lingua de noso ocupa un lugar fundamental e os aspectos lingüísticos relacionados co feito de nomear o territorio teñen un interese crucial. Neste caso, presentamos a transcripción resumida e reelaborada dunha longa conversa mantida co filólogo Óscar Castro Castedo, natural da freguesía de Queizán, que é especialista na recolla e análise da nosa microtoponimia. Nela encétanse diversos aspectos sobre os nomes da terra no concello do Corgo.

## PALABRAS CLAVE

Proxecto CORGORAL, Patrimonio Cultural Inmaterial, Toponimia, O Corgo.

**LL: Cal é a importancia da toponimia e da recolla dos nomes de lugar?**

**OCC:** A toponimia é a ciencia que estuda os nomes con que identificamos un determinado espazo do territorio. Galicia ten unha riqueza toponímica que é moi superior ao resto do estado español (sabemos que temos un terzo dos nomes de lugar de toda España). As causas desta abundancia son múltiples: a dispersión das entidades de poboación, o minifundismo, a súa orografía irregular, a secular explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e mariñeiros, a variada fauna e flora e, sobre todo, a propia idiosincrasia galega á hora de nomear cada anaco de terra.

Pero hoxe este rico patrimonio vese ameazado polos cambios demográficos e a transformación dos modos de vida tradicionais: a perda da actividade agraria, gandeira ou mariñeira, o proceso de urbanización e outros procesos de

intervención humana, como as concentracións parcelarias, poñen en perigo de desaparición unha grande parte deste tesouro. Este feito é algo que observamos na actualidade, tanto no medio rural como no urbano. Hai que ter en conta que a maior parte dos microtopónimos só teñen vida na fala e na memoria das persoas maiores, e con cada persoa que morre, ou abandona a súa actividade laboral, desaparece un bo número de topónimos.

**LL: Fálanos un pouco do Proxecto Galicia Nomeada.**

**OCC:** *Galicia Nomeada* é unha plataforma colaborativa que pretende realizar a recolleita, xeorreferenciación e difusión da microtoponimia galega e da tradición oral ou escrita asociada a ela. A través desta ferramenta informática, que emprega un sistema de información xeográfica (SIX), calquera persoa que se dea de alta na aplicación (cun usuario e unha contrasinal propios) pode acceder desde un PC, unha tableta ou un móbil conectado a internet, e introducir os topónimos da súa aldea, parroquia ou concello. Tamén pode engadir información complementaria como narrar unha lenda, refrán ou cántiga asociada a un topónimo, gravar audios coa pronuncia dos nomes, e incorporar fotografías, enlaces a vídeos ou outra documentación en formato pdf.



A Pena Grande, un litotopónimo plenamente xustificado



Ademais, permite que os/as usuarios/as rexistrados/as poidan suxerir unha modificación nun topónimo xa validado, ben sexa a nivel lingüístico (uso do artigo, pronuncia distinta...), ben a nivel xeográfico (cando está mal situado respecto a área que identifica) ou, simplemente, notificar que ese nome non existe na zona.

Posteriormente, un grupo de técnicos especialistas do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega revisará a información, corrixindo e validando os topónimos e as suxestións achegadas polos/as colaboradores/as.

### **LL: Cal é o estado actual das recollas na Galiza, en Lugo e no Corgo?**

**OCC:** Actualmente, temos recompilados máis de 500.000 topónimos en toda Galicia, sumando as dúas etapas do proxecto de recollida da microtoponimia galega: o PTG (Proxecto Toponimia de Galicia) entre os anos 2000 e 2010 e a actual etapa de Galicia Nomeada, iniciada no ano 2019.

Na provincia de Lugo hai recollida información nos 67 concellos lucenses, aínda que a súa distribución varía notablemente. A zona mellor recollida é a Mariña lucense, boa parte da Terra Chá e algúns concellos situados no centro-sur da provincia. Os concellos dos que temos menos toponimia serían os situados na zona oriental de Galicia (A Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Baleira, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, Quiroga), na zona central (Friol, Guntín, Rábade, Baralla, Antas de Ulla) e a zona sur (O Saviñao, Bóveda, O Incio, A Pobra de Brollón, Monforte de Lemos, Sober, Ribas de Sil).

En canto ao concello do Corgo, en Galicia Nomeada actualmente hai rexistrados máis de 5.000 nomes en todo o municipio. Aínda que é unha cifra importante, probablemente na realidade haxa un número considerablemente maior de microtopónimos.

### **LL: Que valoración xeral fas do traballo pioneiro sobre a toponimia corguesa de**

### **Nicandro Ares, recentemente reeditado polo Proxecto CORGORAL?**

**OCC:** A importancia deste traballo radica en que é o primeiro e, ata o momento, único estudo etimolóxico da toponimia do noso concello. Dicía Antón Santamarina no limiar do primeiro volume de *Estudos de toponimia galega*, que son dous libros publicados pola RAG nos que se recompilan 178 traballos do autor (entre eles o da toponimia do Corgo), que Nicandro tiña a virtude de que leu e baleirou unha infinidade de documentos para rastrexar a orixe das formas estudadas. O máis sorprendente é que este labor foi realizado por un individuo solitario en Lugo, lonxe dun centro especialista en disciplinas filolóxicas e que chegou a ser unha autoridade na súa competencia. Ademais os estudos de Nicandro non son só para eruditos: calquera persoa con curiosidade pola orixe das palabras pode encontrar interesante e mesmo agradable a súa lectura, incluso con certas chispas de humor.

### **LL: Explicanos un pouco cales son os aspectos xerais da microtoponimia no concello do Corgo.**

**OCC:** Dende un punto de vista dialectal, a microtoponimia do Corgo recolle algúns dos fenómenos propios do chamado Bloque Central, na subárea lucense, na que se sitúa: ausencia de gheada e seseo, plural en *-s* das palabras rematadas en *-n* (**As Chás, Centeás, Lameirós, As Mourás, Os Pedrós, Os Pontós, Rubiás**), solución das terminacións latinas *-ANU, -ANA* na masculina *-ao* (**O Chao, O Fontao, San Cibrao**) e feminina *-á* (**A Chá, A Rebordá**) e plural en *-les* dos nomes acabados en *-l* (**Adivales, Os Fondales, Os Toxales, Pedregales**). Con todo tamén existen algúns restos próximos ao Bloque Oriental, seguramente derivados a microsubárea de Becerreá, como a solución da terminación latina *-INU* en *-ín* no topónimo **O Pumarín** (Castrillón), cando na zona o normal é *O Pumariño*, ou o comezo da palabra *cua-* no topónimo **O Cuadrello** (Santo Estevo de Folgosa), cando a solución habitual sería *O Cadrelo*.



Pedrafita, nome composto por dous elementos complementarios

Na fonética tamén hai que destacar outros aspectos: a pronuncia aberta da vogal tónica E do topónimo **Rego**, que na zona occidental de Galicia (Santiago de Compostela) se pronuncia como pechada, o mesmo que sucede coa vogal E tónica na terminación *-elo* en nomes como **Campelo**, que nas zonas galegas máis occidentais vacilan entre o emprego de abertas e pechadas.

**LL: Cal é a orixe etimolóxica predominante nos topónimos corgueses: os nomes prerromanos, os romanos, os xermánicos?**

**OCC:** Seguindo o estudo etimolóxico de Nicandro Ares, podemos ver que a maior parte dos topónimos recollidos no Corgo teñen unha orixe latina.

**LL: Algún exemplo de topónimos prelatinos presentes no Corgo?**

**OCC: A Veiga** (cunha posible orixe *\*ibaika* como 'terreo situado a beira dun río ou corrente de auga'), **Carpanzal** (dunha voz *\*carba* 'matogueira espesa'), **Coto** (*\*cotto* 'elevación do terreo'), **Matafaxín** (composto dun *\*matta* prerromano e un *Faginus* antropónimo gótico), **O Barreal** (abundante de *barro*) ou **Barreiros, Arroxós** (plural dunha *arrugia* 'galería longa de mina'), **A Granda** (*\*ganda* 'pedra'), **Segovia** (coa base na raíz celta *\*segh*).

**LL: Algún exemplo de topónimos xermánicos?**

**OCC:** **Adai** (*\*Adalani* que é un dativo dun antropónimo gótico *Addala*), **Arxemil** (do antropónimo gótico *Argemirus*), **Guimarás** (de *Wimaranis*, xenitivo do antropónimo xermánico *Wimara*), **Sendín** (xenitivo do antropónimo gótico *Sendinus*), **Sernande** (xenitivo do antropónimo gótico *Sisenandus*), **Franqueán** (antropónimo gótico *Frankila*, *-anis*), **Gomeán** (antropónimo gótico *Gumila*, *-anis*), **Alfonxe** (xenitivo do antropónimo gótico *Adefonsus/Alfonsus*), **Manán** (antropónimo gótico *Manna*, *-anis*), **Marei** (xenitivo do antropónimo gótico *Manaredus*), **Quetesende** (xenitivo do antropónimo gótico *Quetesindus*), **Framil** (xenitivo do antropónimo gótico *Framirus*), **Sabarei** (xenitivo do antropónimo gótico *Sabaredus*)...

**LL: Existen topónimos de orixe árabe no Corgo?**

**OCC:** Si, por suposto. Temos **As Aceas** (de *sâniya* 'muíño'), **O Barrio** (préstamo do árabe *bârri* 'exterior, arrabal', que foi latinizado en *barrium*) e **Arrabaldo** (de *rabád* 'suburbio').

**LL: Que tipo de topónimos predominan: orónimos, fitotopónimos, antropónimos?**

**OCC:** Aínda que non fixen unha catalogación semántica de toda a toponimia do concello, probablemente os microtopónimos máis abundantes sexan os **hidrotopónimos**, é dicir, os nomes relativos ás augas: río, regueiro, fonte, pinguela, fervenza, poza, pozo, lagoa, rega, lameiro, barcia, veiga, ribeira... Quizais o máis coñecido sexa **A Casa Grande da Fervenza**.

Outro tema moi abundante é a **fitotoponimia**, é dicir, os nomes que fan referencia á flora existente no lugar ou á súa abundancia. Estes nomes poden ser relativos a *froiteiras* (castiñeiro, cerdeira, ameixeira, pomar, abeleira, pereira, souto, cereixal...), a *non froiteiras* (carballo, salgueiro, loureiro, bidueiro, piñeiro, carballeira, bosque...), a *arbustos* e *matogueira* (caxigo,

xesteira ou xestal, uceira, toxeira, espiño, carqueixa, mato, bouza, cadaval...) ou a plantas e herbas silvestres (xunqueira, carrizo, carracedo, folgueira, silveira...). Outros nomes que tamén son fitotopónimos serían **O Plantío** ou **O Xardín**.

Por último, eu destacaría os **haxiotopónimos**, é dicir, os nomes que fan referencia á Igrexa ou aos santos. Nomes como **Santa Marta** ou **A Cruz** (Queizán), **O Santo** ou **San Simón** (Marei), **San Cristovo** (Chamoso), **San Fiz** ou **O Igrexario** (Paradela), **San Miguel** (Arxemil) ou **Eirexe** (Pedrafita) e **Santo André** son algúns dos seus exemplos.

**LL: Cales son os topónimos máis frecuentes no concello do Corgo?**

**OCC:** Os topónimos máis comúns do Corgo estarían englobados nos nomes que fan referencia aos traballos agrícolas tradicionais que se facían no noso concello, aos cultivos que

## Parroquia de SANTA CATARINA DE ANSEÁN



Santa Catarina de Anseán, un haxiotopónimo parroquial

se botaban, aos tipos de terras e á súa división. É o que se chama **ecotopónimos**. Os dous topónimos máis abundantes serían **A Chousa** e **A Cortiña**. Son sinónimos, xa que ambos se refiren a terreos próximos ás casas, que tiñan valados e de pequenas dimensións. O feito de que estes dous microtopónimos sexan os máis abundantes é algo normal, que se explica polo minifundismo agrario tradicional. Outro nome moi abundante é **A Zarra**, que é un sinónimo destes, pero neste caso referido a unha parcela de monte pechada.

É curiosa a abundancia do topónimo **O Novo**. Este nome explícase pola necesidade que tiveron os habitantes da zona de ampliar as parcelas dedicadas á agricultura, recorrendo a terras situadas no monte ou de mato. Por ese motivo, tamén existen topónimos como **A Roza** ou **A Cavada**, pois as terras do monte eran cavadas a man para converterse en terras de cultivo. Os nomes referidos aos tipos de terras en función do uso que se lles daba son moi abundantes: **A Agra** e **A Leira** (ou **O Agro** e **O Leiro**, máis pequenos), **A Aira**, **A Horta**, **A Campa**... Mais **O Prado** non é un dos topónimos máis frecuentes no concello do Corgo, debido a que as grandes explotacións gandeiras con grandes praderías iniciáronse no século XX e non afectaron á toponimia da zona. Tamén son importantes os nomes referidos ao tipo de terra pola súa forma, como **A Revolta** ou **O Alargo**.

Por último, hai que destacar a presenza da auga nas terras de labor, como se pode ver en topónimos como **A Veiga**, **A Ribeira** e **A Lamela** ou **Namela** (máis numeroso que Lamela), ademais de salientar dous tipos de árbores que foron fundamentais na economía doméstica durante moitos séculos: os carballos (landras) e os castaños (castaña), con nomes como **A Carballeira** e **O Souto**.

**LL: Existen no Corgo topónimos raros, infrecuentes ou de difícil explicación?**

**OCC:** Pois si. Hai unha serie de topónimos en Galicia Nomeada que, polo momento, só foron recollidos no concello do Corgo. Son os seguintes:



- Adai: **Os Camiros**
- O Alto: **A Chabouqueda, A Tordiel, Masaboi e O Precindón**
- Bergazo: **Zarcadille**
- Campelo: **Guisates**
- Castrillón: **Sebidú**
- Cela: **A Zagarceira e Argai**
- O Corgo: **A Cerropa**
- Farnadeiros: **Pirinete**
- Franqueán: **A Raca**
- Fonteita: **Os Borrallous e Os Lantarices**
- Lapido: **O Xonudo**
- Maceda: **Os Bricanllos**
- Marei: **A Bagoxa, O Pizanqueiro e Pindemouros**
- Paradela: **Andez**
- Pedrafit: **Recondo**
- Piñeiro: **Marabileu**
- Quinte: **Ruimil**
- San Bartolomeu de Chamoso: **A Bargadela**
- Santo Estevo de Farnadeiros: **A Buñadeira**
- Segovia: **Neivive e O Ragaxo**
- Vilachá: **Momeao**

Alguns destes nomes ten unha etimoloxía coñecida, como **Brincallo** “atadura de palla”, **Bagoxa** que pode derivar de “bagozar” ou **Momeao** que probablemente é un Monte Meao, pero noutros descoñecemos cal é a súa procedencia.



Matafaxín, un curioso fitotopónimo da parroquia de Gomeán

**LL:** En resumidas contas: daquela pódese dicir que a toponimia, ao fin e ao cabo, é un manancial de coñecementos históricos e antropolóxicos?

**OCC:** Ao principio dicíamos que a toponimia é a ciencia que estuda os nomes con que identificamos un determinado espazo do territorio. Mais esta definición non reflicte o compoñente cultural, histórico e humano que hai detrás de cada topónimo. Ao longo da historia, os nosos antepasados foron bautizando os lugares que habitaban e as denominacións que empregaban tiñan, e moitas aínda teñen, un significado axeitado á realidade xeográfica na que naceron. Nalgún caso, esta realidade puido mudar e atopamos centos de topónimos opacos. Pero grazas ao estudo da toponimia podemos coñecer mellor a nosa historia e a nosa lingua. A toponimia forma parte do patrimonio inmaterial dun pobo polo carácter permanente que teñen os topónimos, que se manteñen en pé a través dos séculos, coma os monumentos históricos. Ademais, funcionan como referentes compartidos da comunidade, como sinais da identidade colectiva.

**LL:** Moitas grazas por teres compartido connosco todos estes coñecementos tan interesantes.

**OCC:** De nada. Foi un pracer.



## BIBLIOGRAFÍA

-ARES, Nicandro. “Toponimia do Concello do Corgo”. *Lvcensia*, 2007, 34, 37-62. Traballo reeditado como separata independente nos *Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 2022.

-CASTRO CASTEDO, Xosé Manuel. “O galego en Queizán. Vocalismo, consonantismo e fonética sintáctica”. *Corga*, 2011, 2, 6-17.

-LADRA, Lois. “O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Popular de Tradición Oral no concello do Corgo”. *Lvcensia*, 2021, 62, 119-130. Traballo reeditado como separata independente nos *Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 2021.

-PITA PARDO, Alejandra. “A microtoponimia do concello do Corgo”. *Corga*, 2010, 1, 70-75.

# OFICIOS TRADICIONAIS NO CORGO

## TOÑO DO CARRIZO, O ÚLTIMO FERREIRO

Lois Ladra  
Proxecto CORGORAL

### RESUMO

O Proxecto CORGORAL ten como un dos seus principais obxectivos o de recompilar o Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) no ámbito territorial municipal corgués. A convención para a salvagarda internacional do PCI emitida pola UNESCO considera o conxunto de prácticas, coñecementos e saberes tradicionais como unha das máximas expresións identitarias das comunidades humanas. O de ferreiro é un oficio artesanal que merece especial atención nos estudos sobre o patrimonio inmaterial. No Corgo contamos con unha forxa en activo que constitúe unha singularidade etnolóxica e cultural, digna de análise, recoñecemento e protección legal.

### PALABRAS CLAVE

O Corgo, Patrimonio Cultural Inmaterial, Patrimonio Etnolóxico, oficios tradicionais, ferreiro, ferro, forxa.

#### 1.- O Proxecto CORGORAL e o rexistro dos oficios tradicionais.

O concello do Corgo, a través do Proxecto CORGORAL, está a recoller diversos aspectos do seu patrimonio etnolóxico e, mais especificamente, do seu patrimonio cultural inmaterial (PCI), así como da súa literatura popular de tradición oral (LPTO). Partindo dunha moi ambiciosa proposta previa (Outeiro, 2011), posteriormente redimensionada en recursos, viu as súas bases teórico-metodolóxicas seren asentadas (Ladra, 2021a), malia o feito de que as circunstancias derivadas da situación de emerxencia sanitaria condicionaron a súa execución práctica nos termos inicialmente previstos (Ladra, 2021b).

Sexa como for, o certo é que, para alén de numerosas recollas en varios formatos audiovisuais que deberán ser editadas e

transcritas posteriormente, tamén se encetou a publicación de traballos de carácter divulgativo, entre os que se inclúen a reedición dun estudo pormenorizado da microtoponimia corguesa (Ares, 2007), unha achega á análise da presenza da LPTO na prensa escolar local (Ladra, 2021c), o adiviñanceiro tradicional do Corgo (Ladra, 2022a), a fraseoloxía paremiolóxica municipal (Ladra, 2022b) e a revisión actualizada da importancia dos nomes de lugar e das formas locais de nomear a terra (Ladra, 2022c). Por outra banda, entre as recollas etnolóxicas do Proxecto CORGORAL relacionadas cos oficios tradicionais efectuadas até agora, tamén contamos con testemuños relacionados coa transformación das materias primas e coa elaboración do mobiliario doméstico.

#### 2.- A figura do ferreiro e o lugar da forxa nos estudos etnolóxicos.

Un dos mais famosos antropólogos do século pasado afirmou que a figura do ferreiro nas sociedades tradicionais preindustriais estaba asociada aos coñecementos esotéricos dos magos e dos sabios, que dominan os segredos necesarios para conseguir a transformación de materias primas amorfas en obxectos útiles e fermosos (Eliade, 2001: 10-11). Asemade, os traballadores dos metais adoitan constituír universalmente grupos á parte, moitas veces segregados e illados do resto da comunidade (Eliade, 2001: 82). Isto, na cultura tradicional galega non é ben así e debe ser matizado, pois, se ben é certo que por unha sinxela cuestión de seguranza perante eventuais lumes, a forxa acostuma situarse afastada das vivendas, o certo é que, xunto co muíño, o forno, a fonte e o lavadoiro, constitúe un lugar de encontro, faladoiro e agregación comunitaria, tal e como nolo indica a seguinte cantiga popular:

“Quen queira saber as cousas  
vaia á forxa do ferreiro,  
dea a volta polo forno,  
veña polo fiadeiro”

Xaquín Lorenzo, un dos pais dos estudos culturais na Galiza, sinalaba hai máis de cincuenta anos que “o labor máis corrente nos ferreiros de hoxe é o arranxo de moitas cousas que denantes facían eles, mais que nos nosos tempos a xente merca nas tendas” (Lorenzo, 1962/1983: 535/102). Como máis adiante veremos, isto non se aplica no caso do noso protagonista, quen dedica a maior parte do seu tempo á elaboración de ferramentas e utensilios de corte.

O xa referido Xocas, tamén afirmaba dos ferreiros que “quedan xa poucos, mais aínda se pode atopar algún, mellor dito, o pobo enteiro, adicado a facer exclusivamente fouces” (Lorenzo, 1962: 536). Se cadra estábese a referir daquela á aldea de Ferreiravella, en Riotorto, ou talvez a algunha das parroquias corguesas, como poden ser as de Arxemil, Laxosa ou Queizán, de gran tradición en termos de ferreiros (Brea, 1994) e con numerosas probas documentais dunha senlleira capacidade exportadora (Páramo e Rodríguez, 2010).



Aspecto exterior da forxa de Antonio López



Rótulo identificador

A forxa e o ferreiro contan con bastantes traballos de investigación, que encetaron dalgún xeito a súa descrición etnográfica. Entre eles e no ámbito ibérico poderíamos referir a título de exemplo a monografía de Morcillo (1982) para a comunidade de Madrid ou os capítulos específicos sobre o traballo artesanal do ferro de Villar (1996: 65-73), Torres (2000: 43-44), Pérez (2006: 101-104) e Temiño (2012: 43-48), referidos a diversas zonas peninsulares. Tamén habería que tomar en consideración as noticias relativas a metalúxicos itinerantes, moitos deles de filiación étnica cigana (Morcillo, 1982: 12-13). Para o caso das diversas zonas de fala galega, contamos con numerosos estudos publicados, que van desde os clásicos traballos do Xocas sobre o mazo, a trompa e a moa (Lorenzo 1956) ou o oficio de ferreiro (Lorenzo, 1962), ata os máis recentes, case todos eles publicados nas dúas décadas bisagra deste último cambio de milenio (Salgado, 1994; Rivas, 1995; Vázquez Pintor, 1999: 77-97; Fidalgo, 2001; Abreira, 2003; Quintana, 2005; Rivas, 2009).

Da maior parte das obras citadas podemos extraer datos moi interesantes, aínda que nalgúns casos cómpre matizar certas opinións e opcións clasificatorias coas que nos vemos obrigados a disentir, como é o caso de algunha proposta que considera “sedentario” o oficio do ferreiro, por oposición aos itinerantes ferradores e paragüeiros (Fidalgo, 2007: 15). Calquera que teña visto mallar no ferro concordará que resultan pouco acaídos e nada axeitados os adxectivos “sedentario” ou “estático” aplicados a esta actividade.

Sexa como for, o certo é que, a día de hoxe, coido que son tres os aspectos mellor coñecidos



Toño do Carrizo na forxa, accionando co pé o martelo pilón.

do traballo artesanal do ferro na nosa terra: as instalacións proto-industriais de transformación do mineral en metal (González Pérez, 1994), o vocabulario asociado a esta profesión (Rivas, 1995; Abreira, 2012) e os procesos técnicos de transformación do metal en diversos tipos de útiles e ferramentas (Abreira, 2003; Quintana, 2005). Como máis adiante veremos, a figura do ferreiro ten grande interese na literatura popular de tradición oral, pois son numerosos os contos, as lendas, as cantigas, os refráns e as expresións fraseolóxicas que fan mención destes artesáns.

### 3.- O traballo artesanal do ferro nas Terras de Chamoso.

Diversas fontes orais locais indican que no termo municipal do Corgo chegaron a traballar simultaneamente no século pasado até corenta e cinco ferreiros. Esta referencia precisaría dun estudo histórico e documental que permitise identificar e cuantificar o número de artesáns metalúrxicos, a localización dos seus obradoiros e a importancia socioeconómica que chegaron a acadar. Por falla de tempo e de espazo non encetaremos aquí ningún destes bolos, pero si deixamos aberta a proposta para que se anime algún investigador.

Calquera observador atento que percorra de vagar estas terras poderá comprobar que moitos son os restos de moas e mazos hidráulicos espallados polos ríos do Corgo, tamén necesitados dunha urxente catalogación se non queremos perder estes valiosos conxuntos de arqueoloxía industrial.

Os ferreiros do Corgo acudían a diversos mazos hidráulicos, aínda que os de máis sonda eran o de Ribeira, en Santa Comba (Lugo) e o da familia Reixa en Arxemil, este último construído no ano 1886 (Brea, 1994: 26). O primeiro foi adquirido pola deputación lucense para proceder á súa recuperación e posta en valor como local de hostalaría con interese etnolóxico, mentres que o segundo presenta actualmente un estado completamente ruinoso.

Por outra banda, algunhas firmas comerciais establecidas no Corgo acadaron grande sonda na elaboración e na exportación de ferramentas de corte. Ata 50.000 / 60.000 fouchiños da marca rexistrada “Jota tres estrelas”, de Laxosa, chegaron a saír para fóra nun só ano (Páramo e Rodríguez, 2010: 26).

Sobre as diferentes fases de tratamento do ferro na forxa –desde a chegada dos vergallóns ata a obtención final das ferramentas– nada novo temos que dicir, pois os procesos de *calzado*, *estirado*, *espalmado*, *cravuñado*, *temperado*, *enmangado* e *afiado xa* foron explicados no traballo que vimos de citar.

### 4.- Toño do Carrizo: o último ferreiro do Corgo?

Antonio López Torre (San Cosme de Manán, 1959) é actualmente o único ferreiro en activo no concello corgués. A rexa estirpe dos fillos de Vulcano aínda se mantén con folgos en diversas



Vergallón de ferro con aceiro antes de ser calzado



localidades lucenses. Nunha publicación recente, Toño de Manán –máis coñecido localmente como Toño do Carrizo– figura canda outros ferreiros como un dos últimos artesáns dedicados ás artes do ferro (Salgado, 2018: n. 118).

Toño aprendeu o oficio no ámbito doméstico e familiar, pois xa seu pai e seu tío eran ferreiros. Isto non resulta nada estraño, pois tamén acontece noutras terras galaicas (Quintana, 2005: 89), aínda que pode ser pouco frecuente nalgunhas latitudes mesetarias (Morcillo, 1982: 148). O caso de Toño é particular pois, malia terse familiarizado coa forxa familiar xa desde a súa infancia, o certo é que non se meteu a ferreiro ata despois de ter regresado do servizo militar, cando xa pasaba dos vinte anos. E desde aquela e até hoxe, tense mantido activo ao longo de catro décadas, elaborando artesanalmente fouces, podóns, fouciños... Non traballa navallas, coitelos nin machados. Pero si atende as encomendas e os arranxos dos utensilios propios de matachíns, canteiros, albaneis e pedreiros.



Mallando no ferro co martelo de man

Antonio López ten o seu particular obradoiro nunha pequena forxa a carón da morada, onde reside este veciño pedáneo da parroquia de San Cosme de Manán. Mentres a casa se amosa como unha moderna vivenda unifamiliar, a forxa consiste nunha construción tradicional de cachotaría de xisto cuberta a dúas augas, identificada exteriormente por unha táboa de madeira que reza: “AL Ferreiro”. Este rótulo condensa en tan só

dúas palabras un acrónimo e unha profesión que o singularizan, pois, en efecto, AL son as iniciais que conforman a marca que Antonio López utiliza como emblema distintivo do seu labor e das súas producións.

Para aqueles urbanoides pouco afeitos á racionalidade campesiña, a forxa de Antonio pode parecer un sitio escuro e pequeno, pero o certo é que nel o espazo está aproveitado ao máximo para acoller todos os medios de produción necesarios: o *regazal* ou *fornalla*, que garda o lume; o *ventilador* mecánico, que mantén viva a chama; o *martelo pilón* e a engra ou *xunca*, onde malla o ferro; a *pia*, onde o tempera e as *moas*, que permiten afiar os utensilios pacientemente elaborados. Entre as ferramentas que usa destacan diversos tipos de *martelos* e *tenaces*, para alén de *cortafríos*, *talladeiras*... No traballo do ferro, os diferentes matices cromáticos do metal indican ao artesán o punto exacto da temperatura acadada, nun ollo habituado a identificar o tan procurado *vermello cereixa*, que permita obter os resultados finalmente desexados. Por iso a luz é aparentemente escasa no interior do obradoiro: para poder apreciar mellor as transformacións que a masa metálica experimenta durante o forxado.

Dúas das particularidades que máis e mellor singularizan o traballo como ferreiro de Antonio López son o investir máis tempo laboral na elaboración de utensilios que no seu arranxo e o feito de aínda practicar o *calzado* do ferro co aceiro nas ferramentas de corte, reservando este último para as partes activas ou gumes, que precisan de maior dureza e resistencia. Se cadra por iso aínda recibe tantos encargos, pois o seu traballo ten boa sona e moita reputación.

Por outra banda, resulta evidente que o traballo artesanal do ferro a día de hoxe non é exactamente igual ao de hai unha ou dúas xeracións. Así, por exemplo, a varios medios de produción chegou irremisiblemente o proceso de mecanización industrial, como pode ser o caso do ventilador, actualmente eléctrico e sen o vello fol manual, ou o martelo pilón, que no caso desta forxa conta con dous exemplares tamén eléctricos, ambos



Espalmando o ferro co mazo mecánico

da fábrica barcelonesa de Oliveras, aínda que un ten unha maza de 28 kg e a do outro é de 25 kg. O mesmo acontece coas dúas moas de afiar, accionadas igualmente por corrente fotovoltaica.

Un dato importante a ter en conta é o feito de que moitas ferramentas que tradicionalmente se vendían en Ferreiravella eran elaboradas no Corgo, xa nos tempos da coñecida marca “Jota tres estrelas” (Páramo e Rodríguez, 2010: 28, nota 1). Ata certo punto e non sen certa ironía, os fouciños corgueses poderían parafrasear en relación con bastantes homólogas do Riotorto o coñecido refrán de “O río Sil pon a auga e o Miño leva a fama”.



Moldeando o enmangue ou mangueira co martelo de bola.

Toño do Carrizo sempre traballou só. Na súa forxa non hai colegas, axudantes nin aprendices, aínda que resulta frecuente atopar clientes ou curiosos que gozan coa contemplación do seu traballo. El mesmo admite e recoñece que se cadra non acabará por ser o derradeiro ferreiro lucense, pero ninguén lle saca da cabeza que é o último do

Corgo e que nas Terras de Chamoso este oficio milenario morrerá con el. E iso malia o feito de ser un traballo economicamente moi rendible, pois afirma non dar abasto cos encargos que recibe e non ter competencia que lle faga sombra.



Dándolle forma á lámina para encabar a ferramenta

## 5.- Os ferreiros na tradición oral local.

A figura do ferreiro tamén aparece varias veces referida na literatura popular de transmisión oral local, en contos, cantigas e refráns. Vexamos algúns exemplos.

Non faltan historias que atribúen a este artesan o feito de ter sido o primeiro creador no mundo, logo da figura de Deus, pois el é o que fai as ferramentas metálicas para que os demais oficios poidan existir: grazas a el o agricultor pode contar co arado para traballar as terras ou coa fouce para segar o pan, o carpinteiro tamén pode serrar unha táboa ou martelar unhas cavillas, o mineiro pode extraer o que procura co pico...



Furando o encabado

Tamén se cuestiona a suposta pouca relixiosidade do ferreiro, por ser frecuente que non vaia á misa os domingos e que permaneza traballando na forxa, onde o estrondo que provoca ao mallar no ferro, non deixa de ser un arremedo pagán do bater das campás que chaman polos fregueses.



Repasando a mangueira co martelo

Asemade, un dos consellos que adoito dá o ferreiro a calquera que visita a forxa e pensa inocentemente en chegarlle a man a algún obxecto, é o de cuspir primeiro nel por estraño que poida parecer, non vaia ser o demo e se queime, ao se tratar dun ferro aínda quente. Os visitantes mais despistados poden pensar que se trata dun obxecto inerte ou que xa arrefeceu, cando en realidade se trata de algo en fase de elaboración.



Dándolle forma á folla

Do refraneiro local poderíamos asinalar os coñecidos ditados ou paremias: “na casa do ferreiro coitelo de pau” e o que di que “o ferreiro bon fai ao afiador bon e o afiador bon tamén fai ao ferreiro bon” (LADRA, 2022b: 98-99, n.º 210 e n.º 249).



Temperando

E na poesía popular o cancionero recomenda encarecidamente o seguinte ás mozas casadeiras:

“Non te cases cun ferreiro,  
que te queiman as muxicas.  
Cásate cun carpinteiro,  
que che fai cousas bonitas”.

## 6.- Algunhas reflexións finais.

Afirma con razón un coñecido autor que “os ferreiros foron os máis importantes provedores de toda clase de útiles para a sociedade rural galega ata ben entrado o século vinte” (Rivas, 1995: 11). Por outra banda, convén non esquecer que, como sinala Servelio Villar (1996: 65), o de ferreiro é un dos poucos oficios tradicionais que aínda se mantén en activo, pois moitos outros documentados no Corgo xa desapareceron totalmente, malia o feito de que aínda se conserva memoria gráfica e oral deles: é o caso dos muiñeiros, dos zoqueiros, dos fragueiros, dos silleiros...

Un sinxelo dato resulta suficientemente esclarecedor para facérmonos idea do que estamos a falar: actualmente, en toda a provincia de Lugo só están rexistrados tres ferreiros en activo; dous traballan no concello de Riotorto e un no do Corgo.

No caso do ferreiro Antonio López Torre, Toño do Carrizo, é posible que dentro de vinte anos xa non se oia en Manán de San Cosme o rítmico e contundente bater do martelo na forxa, pois



conta con xubilarse cando lle toque e non coida nada doada a proxección local do seu oficio no futuro. Sobre isto nada sabemos e nada podemos anticipar, aínda que debemos ser conscientes de que, nos bos tempos, só da casa do Carrizo saían cada ano catro mil fouciños para a sega en Castela. E a día de hoxe apenas hai competencia, razón pola cal Toño afirma con contundencia que debe haber poucos oficios tan rendibles coma o del e que a un ferreiro nunca lle faltarán nin o traballo nin os cartos. Trátase, pois, dun oficio moi lucrativo, pero falto de voluntarios para coller o relevo.



Marcando a folla coas iniciais do ferreiro

Sexa como for, sempre podemos aproveitar os poucos anos que Antonio lle prognostica ao seu oficio para facerlle unha visita ao obradoiro e aprender a ollar doutro xeito a maxia da transformación dunha sinxela vara de metal en bruto nun fermoso e utilísimo fouciño: elegante, ergonómico e perfectamente afiado.



Afiando

## BIBLIOGRAFÍA

-ABRAIRA, Miguel A. *Ferreiro, técnica, cultura. O traballo tradicional do ferro en Riotorto, A Pontenova e Taramundi*. Valga, Concello, 2003.

-ABRAIRA, Miguel A. "A fala do ferro: vocabulario dos ferreiros, as mulleres, afiadores e outras xentes de Riotorto (Lugo)". *Croa*, 2012, 22, 60-77.

-ARES, Nicandro. "Toponimia do Concello do Corgo". *Lvcensia*, 2007, 17, 37-62 [Reeditado no 2021: *Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 3].

-BREA, Artur. "Tierra de mazos y ferreiros". *El Progreso*, venres 16 de Setembro do 1994.

-ELIADE, Mircea. *Herreros y alquimistas*. Madrid, Alianza Editorial, CS 3008, Serie "Antropología", 2001 [1.ª Ed. francesa, París, Flammarion, 1956]

-FIDALGO SANTAMARIÑA, José Antonio. *Os saberes tradicionais dos galegos*. Vigo, Galaxia, 2001.

-FIDALGO SANTAMARIÑA, José Antonio. *Colectivos artesáns. Para unha etnografía dos portadores de saberes tradicionais*. Ourense, Deputación, 2007.

-FIDALGO SANTAMARIÑA, José Antonio e BRAÑA REY, Fátima. *Técnicas artesanais tradicionais*. Ourense, Difusora de Letras, Artes e Ideas, 2010.

-GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio. *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo*. Lugo, Deputación, 1994.

-LADRA, Lois. "O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Popular de Tradición Oral no concello do Corgo". *Lvcensia*. 2021a, 62, 119-130 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 1].

-LADRA, Lois. "Documentar o Patrimonio Cultural Inmaterial en tempos de pandemia".



- Comunicación inédita no *IV Congreso Galego de Antropoloxía*. 2021b [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 2].
- LADRA, Lois. “A prensa escolar como fonte para a recompilación da Literatura Popular no Corgo”. *Corga*. 2021c, 8, 22-31 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 4].
- LADRA, Lois. “Adiviñanceiro tradicional do Corgo”. *Lvcensia*. 2022a, 64, 9-31 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 5].
- LADRA, Lois. “Achegas para un refraneiro tradicional do Corgo”. *Lvcensia*. 2022b, 65, 85-108 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 6].
- LADRA, Lois. “Nomear a terra no Corgo: a toponimia local vista por un filólogo”. *Corga*. 2022c, 9, 62-67 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 7].
- LORENZO, Xaquín. “O mazo, a trompa e a moa”. *Actas do 1.º Congreso de Etnografía e Folclore*, [Braga, 1956] vol. 2, 175-181. Lisboa, Junta da Acção Social – Biblioteca Social e Corporativa, 1963.
- LORENZO, Xaquín. “Os oficios”. Capítulo no volume II da *Historia de Galiza*. Bos Aires, Nós, 1962 [reeditado como volume monográfico titulado *Os oficios* en Vigo, Galaxia, Biblioteca Básica da Cultura Galega, 14, 1983]
- MORCILLO PARES, María de los Ángeles. *Oficios tradicionales en Madrid. La forja*. Madrid, Diputación, 1982.
- OUTEIRO, Mario. “Recollida do Patrimonio Inmaterial no Corgo: unha materia pendente”. *Corga*, 2011, 2, 82-95.
- PÁRAMO, Beatriz e RODRÍGUEZ, Roberto. “Jota tres estrellas”. *Corga*, 2010, 1, 26-35.
- PÉREZ MENCÍA, Emiliano. *Valles de Benavente. Oficios tradicionales y artesanos*. Benavente, Centro de Estudios Benaventanos, 2006.
- QUINTANA LÓPEZ, Pablo. *La labranza y transformación artesanal del hierro en Taramundi y Os Oscos. Siglos XVI-XXI. Aportación a su conocimiento*. Taramundi, Asociación Os Castros, 2005.
- RIVAS, Paco. *Oficios perdidos. Léxico dos ferreiros*. Lugo, Deputación Provincial, 1995.
- RIVAS, Elixio. *Os oficios*. Ourense, Ed. do autor, Col. “Léxico rural do noroeste hispano”, n.º 12, 2009.
- SALGADO, Fernando. *O oficio dos ferreiros*. Guitiriz, Cadernos da Asociación Cultural Xermolos, n.º 17, 1994.
- SALGADO, José M. *A idade do ferro*. A Coruña, Editorial Canela, Col. “Imaxes dun país”, 2018.
- SALGADO, José M. *Guía do ferro nas terras de Riotorto*. Riotorto, APS Ferreiros de Riotorto, 2021.
- TEMIÑO, M.<sup>a</sup> Jesús. *Los oficios olvidados en el norte de Burgos*. Burgos, Castilla tradicional, 2012.
- TORRES, Alcídio. *Profissões tradicionais em Montijo. Da extinção à modernidade*. Montijo, Câmara Municipal, 2000.
- VÁZQUEZ PINTOR, Xosé. *A tribo sabe* [segundo volume da triloxía dedicada polo autor ao estudo dos oficios tradicionais]. Vigo, Xerais, 1999.
- VILLAR HERRERO, Sarvelio. *Oficios tradicionales*. Valladolid, Castilla Ediciones, 1996.

# A VIA KÜNIG POLAS TERRAS DO CORGO

Javier Gómez Vila\*

María José López Caldeiro\* <sup>1</sup>

## RESUMO

Hai apenas tres anos explicabamos en Corga nº 7 a importancia da figura de Hermann Künig como autor dunha das dúas únicas Guías para peregrinos medievais que se conservan, sendo a de Künig o “best seller” da época con cinco edicións. Unha cifra realmente alta para unha publicación de 1495 nos albores da imprenta. Nesa ocasión tamén falabamos da súa peregrinaxe desde o seu mosteiro de Vacha (Alemaña), nas descrições que fai, os Camiños elixidos... Nesta ocasión imos centrarnos na zona de O Corgo para explicar o trazado empregado, os principais restos patrimoniais lindeiros e lembrar algún dos peregrinos que empregaron esta ruta. Para dar unha visión un pouco máis coherente deste trazado preferimos comezalo en Baralla e rematalo na cidade de Lugo.

## PALABRAS CLAVE

Camiño de Santiago, Hermann Künig, Vía Künig, guía de peregrinos, peregrinos falecidos.

### 1. O TRAZADO DA VÍA KÜNIG.

#### 1. TRAMO BARALLA – O CORGO

##### Sector 1.1. Baralla - Vilartelín

O Camiño discorre por diante da casa do concello de Baralla, deixando a esquerda a igrexa parroquial dedicada a Santa María Magdalena, patroa dos peregrinos, ao igual ca de As Nogais. Sae desta vila pola Ponte de Senra, de orixe medieval, pero ampliada para o Camiño Real de Carlos III posiblemente polo enxeñeiro Carlos Lemaur e posteriormente reformada en varias ocasións. Ao carón dela construíuse recentemente unha área recreativa de propiedade municipal con pistas deportivas, piscina, vestiarios... que supuxo unha limpeza e acondicionamento do leito do río.

Unha vez cruzada a estrada o Camiño diríxese á aldea de Ferreiros por diante da Casa do Pazo da Ponte. Uns metros máis adiante atópase o lavadoiro tradicional restaurado grazas ao taller de emprego da Vía Künig I. Apenas uns 50 m. máis adiante vira bruscamente sobre a dereita e colle o antigo camiño de Vilartelín. Este camiño de terra, de indubidable beleza, transcorre a través dun bosque autóctono durante 1,6 quilómetros, presentando unha lixeira subida, pero que se fai comodamente grazas ao trazado en media ladeira do camiño. Cruza o lugar de Vilartelín, lugar que durante séculos os historiadores identificaron coa “Mansio romana de Timalino”, aínda que as teorías máis recentes dubidan desta identificación.

##### Sector 1.2. Vilartelín - Cacabelos

Continúa cara a de Vilanova a través da pista LU-P-0507. Bordea pola esquerda a antiga Casa Grande de Vilanova, que foi residencia dos Pardo Viveiro desde o século XVIII. Nela destaca o impresionante escudo que coroa o portalón de entrada ao recinto. Un pouco máis adiante atoparemos de fronte cunha casa, onde hai que coller o camiño de terra que hai xusto pegado a esta casa polo seu lado dereito.



O Carboeiro

<sup>1</sup>Historiadores do Centro de Estudos da Vía Künig

Este tramo duns 2,5 quilómetros que hai ata chegar a Santa Cruz foi remodelado e explanado no verán do 2021. Presenta un ancho duns 4 m. con firme de terra compactada. Percorre un bosque autóctono de castiñeiros, fentos e centenarios muros cubertos de musgo.

O Camiño que continúa cara a Sobrado do Picato salvando a A6 por un paso elevado. Desde esta aldea ata Castrillón o probable trazado principal da Vía Künig pérdese pola construción da Nacional VI e a A6. O trazado alternativo empregado combina gran cantidade de vestixios históricos con aspectos funcionais.

Despois dun quilómetro pola Nacional VI, viraremos sobre a dereita, para coller un camiño de terra cun trazado funcional que vai cruzar a través dun bosque de piñeiros denominado “O Carboeiro” en suave baixada. Neste tramo o Camiño vira varias veces, sempre coa Autovía á esquerda. De feito, ao 1,3 quilómetros de iniciar este tramo polo Monte Carboeiro, o Camiño discorre paralelo á A6, por unha cota superior. Ao chegar a unha pista asfaltada, vira á dereita e no próximo camiño cara a esquerda, continuando paralelo co propósito de cruzar a A6 polo paso inferior que se atopa uns metros máis adiante..

### Sector 1.3. Veiga de Anzuelos - Pedradreita

O camiño terreo segue a través dun bosque de piñeiros sobre un quilómetro ata chegar ao cruzamento cunha pista asfaltada. A esquerda, a escasos metros, está a Nacional VI e a fábrica de



Perspectiva aérea da Igrexa de Franqueán

leite Río. Continúa o Camiño polo lado contrario, cara a dereita uns poucos metros, para volver virar á dereita pola primeira pista que atopamos. Despois da curva, na primeira casa, sitúase a Fonte da Ermida, onde hai unha fonte de cachotaría á beira do Camiño. Despois dunha curta, atravesamos a aldea de Outeiro e, inmediatamente, cruzamos de novo a A6 por outro paso inferior. Sigue por esta pista asfaltada uns poucos metros máis. Despois da curva, o Camiño queda á esquerda por un belísimo trazado de terra coñecido co nome de



A “Ruta Encantada”

a “Ruta Encantada” . Nas inmediacións queda a **Igrexa de Franqueán**. A fábrica románica foi obxecto de múltiples reformas que provocaron a desaparición da ábsida primitiva. Porén, queda desta época a nave principal con teitume de madeira a dúas augas e o arco triunfal de medio punto de aresta viva, que a separa do testeiro. Na fachada, que se atopa en moi bo estado é tamén de época románica, ábrese a porta principal de arco de medio punto formada por dúas arquivoltas que descansan en dous pares de columnas con capiteis de follas. No tímpano, aparece unha inscrición onde se menciona ao rei Fernando II, que puido patrocinar parte da obra; ao diácono Severo e máis a data de 1178, que pode corresponder coa da súa construción.

No mesmo eixo vertical da fachada, destaca unha ventá con arco de medio punto e columnas exentas con capiteis de follas. Na parte superior, aparece a clásica espadana dun único van e factura moderna.



Esta zona de Franqueán aparece habitualmente citada nos documentos medievais por distintos motivos. Quizais o caso máis curioso sexa o de Pedro Fernández quen, o 13 de abril de 1233, doou á igrexa de Lugo e ao seu bispo D. Miguel un casal para que se lle cumprise o seu desexo de visitar os santos Lugares de Xerusalén, unha vez recibido o distintivo da Cruz do Señor.

Nas inmediacións pasaba a vía romana XIX con destino a Astorga, na que se atopaba, ao carón da entrada do cemiterio, un miliario romano dedicado ao emperador Caro, actualmente conservado no Museo provincial de Lugo.



O Muíño de Díaz

Se continuamos pola “Ruta Encantada”, mencionado anteriormente, atoparemos un belísimo camiño de vestixios históricos ata Castrillón. Este salva o río Tórdea por un antigo pontillón que presenta unhas medidas duns 6 m. de longo e 2,5 de ancho, coa peculiaridade de posuír tallamares nas súas pías. Xusto despois, á esquerda está o muíño de Díaz, que ten ao seu arredor unha área de descanso. Este muíño tradicional ten todos os seus mecanismos operativos e nel pódese comprobar como se aproveitaba a forza da auga para moer o trigo.

Segue este fermoso camiño terreo ata chegar á pista asfaltada, onde vira cara á dereita. Apenas uns 400 m. máis adiante atópase o recinto castrexo de **Castrillón e a capela de San Bernabé**. Este fermoso conxunto artístico está formado por un recinto castrexo e por unha capela construída

no seu interior na parte norte. O elemento máis característico deste recinto castrexo é a muralla circular, excelentemente conservada no caso que nos ocupa, construída de pedra e terra que posúe unha entrada, neste caso existente pola parte posterior do recinto. A sociedade que os ocupaba dedicábase sobre todo á agricultura, gandería, actividades artesanais e, como neste caso, ao comercio, xa que está situado xusto ao carón da vía romana XIX que unía as dúas grandes cidades romanas de *Lucus Augusti e Asturica Augusta*. De feito, diante da porta da capela, e servindo de soporte de altar, atopamos un fragmento de miliario de esta vía ao que se lle pintou posteriormente unha cruz de Santiago. Polo tanto, Castrillón é un recinto castrexo tardío, xa de época romana, que poderíamos situar en torno ao século I.

A capela de San Salvador (santuario de San Bernabé) presenta unha planta de unha soa nave lonxitudinal, cunha ábsida semicircular e unha cuberta a dúas augas. Os paramentos son de cachotería irregular, pero de boa confección, agás na fachada, ábsida, esquinas e vanos que son de cachotería. A fachada presenta unha portada de arco de medio punto sen decoración. A ábsida con forma semicircular é máis baixa e reducida cá nave e está coroada por sólidos canzorros



Interior da capela de San Bernabé



que sosteñen unha consistente cornixa. Non se coñece con exactitude a época de construción desta capela aínda que algúns elementos apuntan a situala no estilo románico, concretamente na segunda metade do século XII. Estes elementos son, entre outros, dúas troneiras situadas na cabeceira e unha pia bautismal, situada baixo o altar, con sinxela decoración en base a unha sucesión de arquiños moi erosionados.

No seu interior varios retablos amosan tallas sobre todo do século XVI. Entre elas destaca o Salvador de pé cunha bola do universo na man, San Antonio e a Inmaculada cunha peaña de nimbo e un dragón aos seus pes. Hai ademais dúas imaxes de San Bernabé: a que está permanentemente no interior e porta o evanxeo de San Mateo e a que sae en procesión amosando as pedras da súa lapidación e a palma do seu martirio. O 11 de xuño conmemórase todos os anos a festividade de San Bernabé acudindo moitos devotos que se ofrecen por si mesmos ou para acadar algunha intercesión para outras persoas que non poden acudir por elas mesmas. As peticións mais usuais son de doenzas tanto humanas como de animais e sempre vai ligada ao cumprimento dunha promesa.

Neste santuario tamén son típicos varios rituais: o de vir andando desde o seu lugar de orixe; o da circunvalación que consiste en dar unha ou mais voltas arredor do templo portando nas mans figuriñas de cera que simbolizan o corpo humano ou distintos animais, a procesión que ao rematar a misa percorre todo o perímetro do castro coas diferentes imaxes e o ritual de poñer o santo onde o crego máis un fregués da comunidade no interior do templo realizan cunha imaxe pequena de San Bernabé unha cruz por riba da cabeza dos devotos mentres estes recitan unha xaculatoria.

#### **Sector 1.4. Pedradereita – O Corgo.**

O Camiño continúa cara ao Corgo por un tramo funcional a través da pista LU- P-1604 entre edificacións dispersas, árbores e grandes pasteiros. En Pedradereita continúa recto e uns 900 metros despois, vira cara á dereita. Neste



Entre Serín e O Corgo

punto volve cruzar brevemente a A6 cara ao lugar de Serín, xa que o Camiño por este lado non se conserva actualmente. Este tramo funcional ten un percorrido duns 1,5 quilómetros ata chegar á Casa do concello do Concello do Corgo. Enfronte esta o **Pazo de Valcarce**. Fermoso exemplo de arquitectura palaciana do século XVII. Situado na parroquia de San Xoán, a poucos metros do concello do Corgo, trátase dunha das casas señoriais mellor conservada da localidade. Pola parte traseira destacan os seus potentes teitos que forman pirámides. A súa elegante terraza está coroada con arcos regulares e con pequenos tramos de varanda adintelada baixo cada curva. Os escudos en relevo dan fe da importancia que tivo sempre este monumento que orixinalmente tiña estrutura rectangular pero que agora se ampliou ofrecendo maior número de xanelas. Acolleu o xulgado e tamén a casa cuartel da Garda Civil.

## **2. TRAMO O CORGO – LUGO CIDADE**

### **Sector 2.1. O Corgo - Pedrafita**

Todo este tramo o Camiño é de tipo funcional. Despois de salvar a casa do concello do Corgo, cóllese pola Nacional VI uns 600 metros para chegar ao núcleo urbano. Neste punto abandónase a estrada xeral para dirixirse cara o lugar de Lamas pasando por diante do Centro de Saúde. Despois do centro hai que coller a primeira á esquerda para salvar a A6 por un paso inferior. O

camiño despois de Lamas é unha pista asfaltada duns 3 m. de ancho que entre prados e terras de labor conduciranos ao lugar de Pedrafitas, ao que se chega despois de cruzar a LP-Ou-1602. Na praza deste lugar o camiño continúa pola pista da esquerda. Uns poucos metros máis adiante hai que volver a coller á esquerda, deixando á dereita a **Igrexa de San Miguel de Pedrafitas**. Está rodeada polo atrio cemiterio. Mesma tipoloxía contrastiva que a de Arxemil e outras, sendo a típica do rural galego de fins do XVIII. Neste caso é unha construción máis modesta ca



Igrexa de San Miguel de Pedrafitas

de Arxemil. Frontis de cachotería de granito con porta adintelada e óculo superior, rematada por espadana cun so van e pináculos nos laterais. Tellado a dúas augas. Sinalizada desde a Vía Künig con poste de madeira.

## Sector 2.2. Pedrafitas – S. Vicente de Coeo

O Camiño presenta agora un tramo principal baseado no antigo camiño medieval testemuñado pola ponte de Arxemil. Este tramo medieval non coincide co trazado da vía romana XIX xa que este queda máis ao norte nin tampouco coa do Camiño Real de Carlos III que se sitúa máis ao sur, testemuñado polo leguario de Demondín e a Ponte de Laxosa.

Despois de pasar a igrexa parroquial un indicador de madeira informa que hai 300 m. ata os **Sartegos de A Groba**. (GA27014031). Este xacemento, consta de dous sepulcros



Sartegos de A Groba

antropomorfos realizados en rocha de granito o ar libre. O conxunto arqueolóxico foi musealizado e sinalizado para ser visitado desde a Vía Künig.

As tumbas presentan unha planta con forma humana, co espazo xusto para a colocación do defunto en posición de cúbito supino e un estreitamento para forzar que a cabeza do defunto repose mirando cara á fronte. A idea de enterrar na propia roca débese ao desexo de buscar para o descanso do defunto un lugar protexido, inamovible e eterno. Moitas delas estaban ligadas a igrexas desaparecidas ou transformadas en séculos posteriores. Aínda que é moi difícil establecer unha datación exacta, poderíanse situar ao redor dos séculos VI – X.

As tumbas escavadas en roca carecen, salvo casos excepcionais, de enxovais, de restos humanos e de contextos arqueolóxicos claros. Adoitan relacionarse con formas de enterramento propias de comunidades onde a presenza eclesiástica é escasa presentando unhas diferenzas formais en canto á súa estrutura que podemos vincular a modas ou condicións do traballo da pedra.

Gran número delas sitúanse en comarcas onde están relacionadas, preferentemente, con comunidades dedicadas á gandería. Con todo, tamén se vincularon cun poboamento preferentemente campesiño onde o seu emprazamento busca o dominio visual sobre as áreas de cultivo e servir de medio de lexitimación sobre a propiedade de determinadas áreas.



Ponte de Galiñeiros

O Camiño segue recto pola pista asfaltada duns 4 m. de ancho. Antes de chegar a Ponte de Galiñeiros deixa a súa esquerda os **Castros de Arxemil**. (Nº Pxom 1-06). Non catalogado por Patrimonio. Sitúase no cumio dun esporón sobre o río Outeiro, ao carón do Camiño e preto da Ponte de Galiñeiros. Apréciase un recinto elevado cunha ampla terraza e un antecastro o nordeste onde tamén presenta un terraplén. Non se aprecian defensas. O recinto foi rotulado para convertelo nunha plantación de pinos, sufrindo unha profunda transformación en datas recentes.

Xusto despois atopamos a ponte medieval de **Galiñeiros**. Ponte sobre o río Chamoso, na parroquia de Arxemil, dun único arco de medio punto e 11,6 m. de luces. Construído con cachotería granítica ben labrada e de formas simétricas que lle outorga un aspecto harmonioso, consistente e forte, participando dunhas características moi similares á ponte de Lago sobre o río Tórdea. Presenta unha rasante alomada e uns peitorís de formigón construídos nos anos oitenta.

Aínda que non se coñece a data exacta da súa construción, podemos situala na Idade Media. Posteriormente, sufriu múltiples reformas, as máis recentes delas foron a deformación da calzada, para reducir o seu alombamento característico, e o posterior alcatranado.

Forma parte do antigo camiño medieval entre Lugo e Astorga, que discorria paralelo á vía romana XIX, que estivo en uso desde a Idade

Media ata finais do século XVIII, cando a construción do Camiño Real de Acceso a Galicia de Carlos III inaugurou un novo trazado máis ao sur coincidente coa Nacional VI.

Unha vez salvada, queda á dereita a estrada que vai a Adai, continuando o Camiño pola esquerda que nos vai a levar ao lugar de Arxemil en apenas 700 metros. Entra nesta aldea pola súa parte de abaixo, co que pódese admirar o seu lavadoiro e a **Igrexa parroquial de San Pedro de Arxemil**. Obra posiblemente de fins do XVIII. No frontis sitúase a porta de acceso con arco rebaxado e óculo superior. Na súa parte superior espadana de dous vans con pináculos laterais. Tellado a dúas augas. O presbiterio mais alto con cuberta a catro augas. No interior retablos na cabeceira e nos laterais antes do arco triunfal onde destaca unha figura de Santo Domingo de Guzmán da escola de Salzillo. Atópase rodeado polo atrio cemiterio.



Igrexa de Arxemil

Desde a ponte acompañannos fitos pétreos que nos indican que estamos a seguir tamén o paseo da vía romana XIX. Agora ben, os seus magníficos restos de aggeres non se achan neste camiño, pola contra sitúanse a uns 500 metros máis ao norte. As “lombas” mais salientables sitúanse en Campelo, Capela das Virtudes e Muíño de Tallón.



O Camiño diríxese á praza principal a través das casas. Unha vez nela, vira á dereita e continúa recto ata cruzar a pista LU- P-1605. Segue por camiño de terra e a uns 100 metros atopamos á esquerda pegado o muro de peche dunha leira o **Miliario cristianizado de Arxemil**. Posible miliario romano reutilizado durante a Idade Media como límite de parroquias e santificado coas cruces que loce no seu frontal. Actualmente, atópase diante dun valado á beira da Vía König que, nesta zona, segue empregando o antigo camiño medieval.



Miliario cristianizado de Arxemil

Paralelo a este camiño, non moi lonxe, discorre a importante vía romana XIX que unía as cidades de Lugo e Astorga. Os vestixios arqueolóxicos desta vía son os máis significativos do norte de Galicia. Entre eles destacan un conxunto de miliarios conservados -agás o que nos ocupa- no Museo Provincial de Lugo e, por outra, restos do agger da vía -tamén chamado lombo – conservados in situ nos lugares de Campelo, Muíño de Tallón e Capela das Virtudes, entre outros. Estes lombos ou *aggeres* de Pedrafita elevan a caixa da vía entre 1,5 m. e 2 m. Presentan perfil alomado para favorecer a drenaxe da auga, e están construídos cunha sucesión de capas de pedras e terra compactada extraídas dos arredores, aínda hoxe en día obsérvanse os buracos provocados pola devandita acción.

O Camiño continúa recto deixando na bifurcación a capela de San Bartolomeu á esquerda que



Perspectiva aérea da Capela de San Bartolomeu

apenas dista 100 m. Esta discreta **Capela de San Bartolomeu**, a uns 100 m. da Vía König, lémbra-nos o importante culto a San Bartolomeu quen, por levar a súa propia pel nos seus brazos, é patrón daqueles que traballan as peles, fabrican ou usan coiro, luvas, abrigos, cintos ou botas e tamén das modistas. Así mesmo, é curador das convulsións, crises espasmódicas e enfermidades nerviosas en xeral. Á beira dela consérvanse varias lápidas funerarias do século XIX.

Uns 600 metros máis adiante cruza o lugar de Quintela. Un agradable lugar con magníficas edificacións de granito e carballos centenarios. A saída deste lugar e sobre a súa dereita atópase o inédito **Castro de Quintela**. Situado nun curuto a 450 m. de altitude. Apréciase parte da muralla



O Camiño o seu paso por San Vicente de Coeo, en primeiro termo a igrexa parroquial



terrea e a explanación da súa parte superior. Non se aprecian outro tipo de defensas nin estruturas. A súa beira pasa un antigo camiño afundido no chan.

A continuación a A6 queda á esquerda, mentres o Camiño discorre uns 600 metros paralelo, a maioría deles a través dun fermoso bosque de castiñeiros.

Xa no concello de Lugo. En apenas 600 metros entra na primeira aldea deste municipio, chamada San Vicente de Coeo. O cruza en dirección Oeste e, uns metros máis adiante, chega á súa Igrexa Parroquial, que ten no seu exterior un **Peto de ánimas**. A igrexa de San Vicente de Coeo posúe unha peculiar estrutura, pola anexión da Capela das Ánimas e da do Rosario, cuxas entradas foron independentes, pero na actualidade están unidas pola nave maior. O frontis é común para as dúas presentando típica tipoloxía deste tipo de construcións pero de maior entidade. A porta da entrada é adintelada e está moldurada. Enriba unha fiestra e espadana superior de dobre van e pequenos pináculos laterais con cubrición da nave a dúas augas. O presbiterio das ánimas, de maior altura e cubrición a catro augas, presenta no lateral unha fiestra superior que, no seu exterior, está decorada con tardías orelleiras avultadas nas esquinas de fins do XVIII. No interior cada nave posúe un altar e un retablo. No exterior e de cara á Vía Künig hai un Peto de ánimas da mesma época ca igrexa.

### Sector 2.3. San Vicente de Coeo – O Castro

Continúa o Camiño por un tramo principal pola pista apenas 300 metros en suave baixada ata chegar ao río. Inmediatamente despois da ponte, colle cara á dereita polo chamado “camiño dos arrieiros”, sinalizado tamén coas mouteiras da vía XIX. Este antigo e belo camiño terreo atravesa bosques, praderías e campos de labor ata a aldea de San Mamede dos Anxos. A uns 300 metros da ponte de Coeo salva o paso a nivel. A partir de aquí o camiño encáixase no terreo para comezar unha lixeira subida. Cruza de fronte a primeira pista asfaltada. O mesmo ocorre na segunda pista



Igrexa de San Mamede dos Anxos

asfaltada. A uns 400 metros deste punto, ao lado dun chalé, vira bruscamente cara á dereita. Un pouco máis adiante cruza a LU- P-2922 e tamén continúa polo camiño de en fronte. Percorridos uns 250 metros volve a aparecer a A6 e vira á dereita para salvara por un paso inferior que se atopa uns poucos metros máis adiante.

Despois de salvar a A6 o Camiño presenta un trazado de vestixios históricos. Ao saír chega a unha ampla bifurcación onde continúa pola pista da dereita que segue recta ata chegar á **Igrexa de San Mamede dos Anxos**. Presenta un frontis similar a este tipo de igrexas con porta de acceso inferior, fiestra en segundo nivel e espadana dun so van na parte superior. Neste caso caracterízase por presentar unha sinxela decoración de placas ausente noutros exemplares da Vía Künig. A porta presenta orelleiras que aumentan o volume na parte superior para dar esa sensación de inestabilidade propia do barroco. A liña que forma o inicio do tellado a dúas augas non é recta como noutros casos, senón curva, para enfatizar esa sensación de inestabilidade e de movemento. Iso si, en tódolos casos rematada con pequenos pináculos. A fábrica non é de cachotería regular como nos outros casos senón cachotería irregular reforzada por cachotes irregulares nos extremos, unha obra máis tosca agás na espadana onde se emprega decoración de placas e remate curvo superior. Unha obra que a podemos adscribir a un barroco tardío, xa de

principios do século XVIII, con reminiscencias do barroco santiagués.. No cruzamento que hai diante dela, o camiño segue pola esquerda, evitando o rodeo que da a pista asfaltada. Uns 650 metros despois chega á **Igrexa de Santo André do Castro**. Asentada sobre un recinto



Perspectiva aérea da Igrexa de Santo André do Castro

castrexo do que apenas se conservan restos agás a súa forma oval. O frontis esta remodelado en cemento, presentando actualmente dúas portas coas respectivas fiestras superiores. O motivo decorativo de inicio do tellado é similar á de San Mamede dos Anxos, presentando unha liña curva rematada en pináculos no exterior e en volutas no interior. Presenta unha cúpula octogonal de lousa decorada con sinxelas cornixas. No corpo cuadrangular inferior sitúanse as campás. Posúe unha nave lonxitudinal con Capela Maior sen destacar en planta.

#### **Sector 2.4. O Castro – Río Rato**

No cruzamento, colle cara á dereita e despois dúas veces consecutivas á esquerda. A recta seguinte atravesa unha zona de edificacións unifamiliares e, ao final dela, atópase a leira chamada “A Fortaleza” pertencente ao complexo hoteleiro Torre de Núñez.

O Camiño continúa pola dereita ascendendo brevemente ata pasar pola beira das ruínas da antiga igrexa de San Román chamada **Capela de San Amaro**. Aproveitamos esta ocasión

para aclarar o misterio que parece envolver esta construción xa que foi interpretada como castelo, chamado Torre de San Antón, ou mesmo como convento, neste caso de San Amaro. Grazas



Perspectiva aérea da Capela de San Amaro

a documentación recentemente atopada hoxe sabemos que foi construída para capela privada entre 1587 e 1603 por Gaspar de Arce, ao mesmo tempo que traballaba na torre do reloxo da Catedral de Lugo, encargada polos propietarios do anexo Pazo de San Amaro. As paredes foron levantadas polos canteiros Gregorio de Barro e Alonso Rodríguez. Actualmente tan so conserva a capela maior e os dous corpos das torres, perdéndose os muros da nave e a sancristía, debido ao seu considerable tamaño e á ausencia de estribos no exterior que provocou que se deformaran os arcos colapsando consecuentemente a bóveda, da que so quedan o arranque da crucería. O tipo de planta era dunha soa nave, con capela maior en forma de cruz grega inscrita nun cadrado moi desenvolvida. No segundo corpo posible remate en terraza como na torre do reloxo da Catedral. A cubrición era de bóveda de medio canón e crucería no presbiterio, similar á capela Maior da igrexa do Cardeal de Monforte, obra do tamén transmerano Simón de Monasterio. Apreciase a calidade e fortaleza dos paramentos con esquinais de granito, así como os arcos, cornixas e bóvedas. Continúa por esta pista asfaltada todo recto un quilómetro ata chegar ao convento das Carmelitas Descalzas. Aquí colle cara á esquerda e, inmediatamente, á dereita.



Paseo do Río Rato

A media ladeira, entre edificacións e campos de labor, con fermosas vistas da zona do río o Camiño diríxese cara á estrada LU- P-2910 que a colle cara á esquerda. Avanza por ela apenas 150 metros para virar cara á dereita. Pasadas unhas edificacións unifamiliares, o camiño vira á dereita.

Este camiño baixa cara ao río Rato. Toda esta fermosa zona, propiedade da Excm. Deputación de Lugo foi acondicionada como parque fluvial e é moi frecuentada polos lucenses para facer deporte e dar paseos. Uns 700 metros mais adiante chega ao centro de interpretación Terras do Miño que tamén conta cun belo restaurante situado nas instalacións dun antigo muíño. O Camiño discorre este tramo funcional paralelo ao río Rato uns 900 metros para, xusto despois de cruzar a pequena ponte de madeira, virar á esquerda. Sube lixeiramente unha pequena costa por diante da casa de madeira e cruza a estrada CP-29-25, para continuar polo camiño de terra que temos xusto enfronte.

### Sector 2.5. Río Rato – Porta de San Pedro muralla de Lugo

Este ancho e magnífico camiño de terra, herdeiro directo da antiga vía romana XIX, leva o Camiño por un tramo principal ao barrio de Montirón en suave ascenso. Ao chegar a primeira casa do barrio, colle o estreito camiño que hai xusto diante dela. Uns poucos metros máis adiante desemboca na Avda. das Fontiñas, que cruza, e segue pola rúa que vemos xusto enfronte



Reconstrución da Igrexa Paleocristinana de Sanxillao

chamada Rúa Sanxillao. Nesta rúa, onde hoxe hai unha gardería, atopouse no 2004 a antiga **Igrexa de Sanxillao**. Foi descuberta a raíz da explanación do solar para a construción da gardería. As estruturas atopadas na intervención arqueolóxica corresponden a un edificio de planta basilical. Á beira atopáronse tamén varios enterramentos, algún con pavimentos de *opus signinum*, datados entre os séculos VI e o XII. Nun principio pensouse a modo de hipótese que podería tratarse dunha igrexa paleocristinana, xa que boa parte dos materiais atopados son desa época. O arqueólogo encargado da escavación, Herves Raigoso, propón sen embargo unha adscripción deste edificio o arte asturiano, similar a Santullano de los Prados, da que se adxunta unha reconstrución 3D deste autor. Sexa como for, a existencia deste singular edificio corrobora o paso da vía romana por este lugar e como o camiño medieval segue a empregar este trazado posteriormente, sendo moi probablemente o camiño principal de entrada á cidade de Lugo ata a construción dos Camiños Reais no XVIII.

Segue o tramo orixinal cara á rampla de Claudio López. Volve virar á dereita na Rúa San Roque. Apenas 300 metros máis adiante atopamos a Capela de San Roque e xusto detrás o Centro arqueolóxico de San Roque onde, gratuitamente, pódese visitar un estanque, un forno cerámico e diversas tumbas todo iso de época romana. Uns metros máis adiante este tramo orixinal, froito da converxencia da vía romana, camiño medieval







exactamente que é un peregrino. Din os dicionarios que é a persoa que fai unha peregrinación ou que viaxa por lugares estraños. E unha peregrinación defínese coma facer unha viaxe por devoción ou promesa. Sen embargo, as motivacións de peregrinar eran moi variadas: pura fe relixiosa, conseguir o favor diviño para un mesmo ou para outra persoa, expiar algunha culpa.... O peregrino podía vivir durante a súa ruta da caridade, feito do que se aproveitaban algúns vagabundos. Houbo tamén peregrinos que conseguiron facer negocios co pretexto da súa viaxe. En resumo: a fe relixiosa non era a única motivación para peregrinar a Santiago.

Co paso do tempo promulgáronse normas para protexer aos peregrinos, pero tamén con deberes de obrigado cumprimento. Unha delas foi a de establecer a marxe xeográfica na que podía moverse un peregrino. É dicir, estaba regulado o camiño polo que había de camiñar. Así no século XVI:

*Los peregrinos y extranjeros que vinieren en romería a la iglesia del Señor Santiago, pueden ir a la dicha Iglesia y romería, y tornar a sus tierras libremente, pidiendo limosna por su camino derecho, no andando vagabundos a pedir por otras partes.....es camino derecho yendo por lugares que estén en el camino a quatro leguas poco más o menos a la una parte o a la otra del dicho camino. ... (Valiña, páxs. 74 e 75).*

Di a Real Academia Galega da Lingua. que unha legua ven equivalendo a uns 5 quilómetros aproximadamente, deste xeito podemos encontrar pegadas dos peregrinos nunha ampla marxe a un e a outro lado do camiño que se supón percorrían.

Protéxese aos peregrinos con normas como as ditadas por Alfonso IX cando ordena á poboación que acollan e axuden aos peregrinos e que *no les faga fuerza ni tuerto ni mal ninguno. E vai máis aló cando dispón que ...i yendo i viniendo a las dichas romerías puedan seguramente alvergar i posar en Mesones, i lugares de alverguería, i Hospitales, i puedan libremente comprar las cosas, que uvieren menester.... (Valiña, páxs. 39 e 40).*

Aínda que foran normas de obrigado cumprimento, non sempre se cumpriron, nin esas nin as que esixían levar consigo os correspondentes permisos e salvocondutos e vestir con decoro. Non sería doado percorrer centos ou miles de quilómetros baixo a choiva e sobre lameiras e manter a documentación sen mácula e a vestimenta impoluta.

As duras condicións das peregrinacións farán que o individuo que sae da súa casa en perfecto estado físico, e con toda a documentación precisa, o vaia perdendo polo camiño ata o extremo de que á vista das xentes dos lugares polos que pasa, e na propia meta dá súa peregrinación, convértese nun *transeúnte, viandante, pobre peregrino, camiñante, forasteiro ou pobre ostiatim....* Quizais calquera deses termos que se usaban era sinónimo da palabra peregrino. No Libro Rexistro do Real Hospital de Santiago, a descrición máis común da indumentaria dós alí acollidos foi *trajo andrajos*. Non é de estrañar que os párrocos, ou as xentes en xeral, non sempre utilicen a palabra peregrino para definir aos que ían honrar ao Apóstolo.

Eses camiños dos que non poden desviarse os camiñantes máis de *quatro leguas* non son camiños especiais feitos para eles. É pura lóxica pensar que empregan rutas xa existentes e sobre todo, rutas seguras, é dicir, rutas comerciais, aquelas polas que transitan os mercadores que de vila en vila ou de feira en feira percorren toda a xeografía peninsular. É importante insistir neste feito: os peregrinos soamente se desvían das rutas transitadas polo resto da poboación, cando queren ir a determinado lugar sagrado a venerar algunha reliquia ou algunha imaxe especialmente querida, para logo volver á ruta inicial. É dicir, se estamos a falar da Vía Künig, o único que estamos inventando é o nome, o camiño de peregrinación como tal xa existía, pero rematou como todos os outros, case esquecido ata que alguén o rescatou.

No libro *Caminaron a Santiago* de Herbers y Plötz os autores afirman respecto ó primeiro estranxeiro que chegou a Santiago dende máis aló dos Pireneos, que non se sabe si era un

peregrino ou un inmigrante. E Valiña di que nos primeiros tempos, os peregrinos identificábanse cos mercadores. Foi necesario un estudo a fondo para chegar a conclusión de que esas persoas que camiñaban cara a Santiago eran peregrinos. Nos seguintes apartados móstranse testemuñas do paso de peregrinos polo tramo da Vía Künig atravesando O Corgo. Unhas son as deixadas polos propios peregrinos. Moitas hai que buscalas en detalles que non por pequenos, han ser menos importantes.

## O RASTRO DOS PEREGRINOS

No estudo dos camiños de peregrinación, deben estudarse obrigatoriamente os rastros de peregrinos vivos ou mortos, tarefa non doada, pero moi gratificante se culmina con éxito.

Houbo dous ilustres peregrinos, coñecidos polos estudosos dos camiños a Santiago de tódolos tempos, pero que ata hai pouco non se deron a coñecer ó gran público. Trátase de Hermann Künig de Vach, e o anónimo peregrino de Purchas. Ámbolos dous cunha diferenza de uns cen anos, ignoran a subida por A Fava, e empregan na súa marcha unha ruta moi transitada que lles ha de levar á cidade de Lugo a través de Pedrafita, As Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo.

Xa dixemos que Valiña di respecto a Künig que pasa por que *un esbelto puente de un arco, de tiempo de las peregrinaciones*. Despois continúa o seu camiño a carón do río Valcarce, e tras mencionar dous pobos que el ve nas montañas, chega a Lucas (*cidade construída dun xeito pouco común por iso todos a contemplan con agrado*, é a tradución que figura na edición que da obra de Künig, publicou xa no ano 1999 o Consello da Cultura Galega ).

Don Elías non menciona sen embargo ao chamado peregrino de Purchas. Este foi un monxe inglés que viviu no século XVI, dedicándose a recompilar vellos diarios de viaxe. Un deles foi o relato dun anónimo inglés que a finais do século XIV peregrina a Santiago de Galicia dende Plymouth. Logo de cruzar *El Canal de la Mancha*, segue a pe, suponse que con outros compañeiros

de viaxe, como era a costume. Si don Elías non menciona a este peregrino, si o fixeron outros estudosos como Vázquez de Parga, Georgiana Goddard King ou Tate e Tourville-Petre. Vázquez de Parga inclúe na súa obra *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela, o seguinte texto referíndose o peregrino de Purchas*:

*...vuelve a coger el camino en el puente de León para llegar a Astorga (Astergo). Desde ella a Villafranca del Bierzo (Villa Frank) se encuentran grandes montañas, Raspis (Rabanal) y Mount of Fave (Cebrero). Aunque menciona este último, no parece que subiera a él, ya que después de un Mount nostre Dame encontramos Lugo (Luaon), y sin más que una vaga alusión a otras varias aldeas (Other Villages ther be mony oon)...* (Vázquez, Lacarra, Uría. Tomo I, páx. 217).

Ese topónimo que Vázquez de Parga non parece recoñecer, *Mount nostre Dame, Monte de Nuestra Señora*, ben podería ser *Nuestra Señora de Penamaior*, importante centro de peregrinación no pasado e que localizamos en Becerreá, moi próximo xa a Baralla..

Robert Tate e Thorlac Turville-Petre publicaron en 1995 o seu traballo *Two Pilgrim itineraries of the later middle ages*, e nel, ademais de incluír o texto orixinal, inclúen a tradución ó inglés actual, poñendo de manifesto que logo de deixar a un lado o camiño cara á Fava, *no seu lugar, colle o camiño a Lugo, a través de, suponse, Doncos (escrito Dancos), de Nogales, de Becerreá e poida que, máis aló, dó mosteiro de Sobrado, cuxos monxes están obrigados a atender aos peregrinos* (Tate e Turville-Petre, páx. 27).

Estes autores coinciden con Vázquez de Parga en que o peregrino inglés non sube pola Fava, senón que colle o camiño que leva a Lugo (a través do que hoxe coñecemos como Vía Künig).

A importancia de Künig e do peregrino de Purchas, é a súa presenza nos traballos de investigación de expertos en camiños de Santiago que falan desta ruta que deixando de lado A Fava, avanza cara a Pedrafita, continúa por As Nogais, Becerreá, Baralla, atravesa terras corguesas para

finalmente chegar a Lugo e dende alí unirse ao Camiño Primitivo, xuntándose aló por Palas de Rei ao Camiño Francés ata chegar a Santiago.

Agora ímonos referir a un peregrino morto. Trátase dun *pobre peregrino* (así foi chamado polo cura párroco de Santiago de Gomeán, don Pedro García Cabanas) que morreu exactamente no mesón do Escardel cando volvía de Santiago. Como traía consigo a credencial que alí lle expediran, non hai dúbida dá súa condición, pero como xa se indicou, non sempre hai tanta sorte. Chamábase Francisco Morullo, e era veciño de Villarrobledo, localidade que hoxe pertence á provincia de Albacete. Foi enterrado no atrio da igrexa o 18 de setembro de 1829, segundo consta no Libro de Defuntos II, fol. 73 de Santa María de Marei e Santiago de Gomeán.

Imos agora ao 1926. Foi un ano santo de interese para nos xa que temos constancia de grupos de peregrinos cun plan de viaxe ben definido, que pasan polo Corgo. Referirémonos a dúas peregrinacións. Unha moi numerosa e vistósísima. A outra máis discreta pero igualmente interesante.

Na primeira metade do século XX, as peregrinacións a Santiago eran escasas e na súa maior parte con orixe no territorio da Península Ibérica. Os novos peregrinos aproveitan un medio de transporte relativamente novo e moi cómodo: o ferrocarril. A prensa da época, tamén invento recente, ha ser para os investigadores unha importante ferramenta de axuda nos nosos traballos. Os diarios publican noticias das peregrinacións que dende calquera lugar do territorio español e mesmo de outros lugares de Europa chegan a Santiago. O habitual era que o último tramo, ata entrar na cidade, se fixera andando.

Organízanse peregrinacións colectivas, e entre todas elas houbo dúas que espertan o noso interese. Tiveron unha grande repercusión na prensa e ambas se fixeron en grupo, unha a pé, e a outra a cabalo.

A primeira das peregrinacións, en orde cronolóxico, foi a duns universitarios madrileños que percorreron en 22 días os 616 quilómetros que naquel momento separaba Madrid de Santiago. Alberto e Javier Martín Artajo, e o seu amigo Rafael Solana (en Ponferrada uníriáselles Luís, irmán de Rafael) saíron da capital o día 15 de xuño do ano santo de 1926 coa ruta absolutamente planificada. Cómpre facer aquí un inciso e explicar que un destes peregrinos, Javier Martín Artajo, decidiu moitos anos despois poñer por escrito os feitos e as experiencias acaecidas no transcurso da súa peregrinación. Faino baseándose na súa propia experiencia, e nos apuntes recollidos no seu momento polo seu irmán Alberto. O relato publicouse có título *Caminando a Compostela* no tamén ano santo de 1954, e foi ilustrado por Antonio Cobos. A planificación da viaxe foi tan minuciosa, que incluso escribiron a cada un dos párrocos dos pobos nos que tiñan pensado pasar as noites para non ter problemas coas forzas de seguridade. Con eles levaron, a modo de pasaporte as contestacións dós curas. Era un xeito de asegurarse de que non terían problemas ao chegar tras unha longa xornada de viaxe, e non os confundirían con vagabundos. Ademais os párrocos teríanlles arranxado o problema do aloxamento, tamén moi cómodo para os rapaces.

No debuxo da ruta que se incluíu no libro, imaxe 2, vense moi ben as etapas que fixeron. O autor explica no libro que planeaban facer unha media duns trinta ou trinta e cinco quilómetros, e así o fixeron, reservándose os domingos para descansar.

*Villafranca del Bierzo*, foi a última parada en terra leonesa. E a primeira noite en Galicia descansarán na Fonda de Francisco en Pedrafita. O párroco do pobo contaralles a lenda do Santo Milagre do Cebreiro, pero eles non suben ó santuario, senón que continúan ó seu camiño rumbo a Becerreá. Antes de chegar, deteranse en As Nogais, onde lles agarda unha *avanzadilla en bicicleta*, enviada polo cura de Becerreá, que viaxará con eles ata chegar a dita vila.



Itinerario planeado (Martín Artajo pax.30)

Dende Becerreá ata Lugo, calculan que habería uns 40 quilómetros, que son os que pensaban percorrer na longa seguinte xornada. Unha das súas paradas foi no Corgo. Tivo lugar o día 5 de xullo. Reprodúcense a continuación as súas impresións do lugar e dos habitantes, para logo comentar os textos:

*Afortunadamente la carretera se había enderezado al entrar en la llanura, y así nuestro “auto-coche restaurante” no daba bandazos, como los grandes expresos europeos. Los vecinos de El Corgo nos alargaron un porrón de tinto, amarguillo, al estilo de Fefiñanes, y bebimos y charlamos a placer con aquellos aldeanos, acostumbrados a tratar con familiaridad a los peregrinos del Apóstol.*

*La verdad es que el trago nos lo teníamos bien merecido: en la cuneta izquierda había un*

*espléndido guardacantón con esta escueta y significativa inscripción: “K. 500”; nos abrazamos al pétreo testigo y a su vera tratamos de familiarizarnos con el suave hablar gallego; algo aprendimos, pero todo quedó olvidado y no quiero acudir a la literatura para buscar ficticiamente palabras que sustituyan a las suaves, dulces y mimosas que entonces escuchamos de rapaces y mozuelas, de mujeres garridas y de hombres recios y calmosos, de cara ancha y bigote negro y caído.*

*Tras de nosotros, de la escuela de El Corgo salió el maestro, amable y culto, preguntándonos: “¿Son ustedes los estudiantes peregrinos?” Desde entonces soy un convencido del poder de la prensa; ¡caramba con El Diario de Lugo!; habíamos entrado dentro del área de “la propaganda”. Con aquel buen maestro compartió Rafael el tiempo que le dimos para visitar la escuela y llevar sus problemas a las columnas de El Magisterio Español; y dejándole a retaguardia, salimos de prisa para llegar a Nadela, donde en un haz se concentran nada menos que el Miño, la carretera y el ferrocarril. Allí, a cinco kilómetros de Lugo, nos esperaba, al frente de un grupo de muchachos, Joaquín de la Sotilla... Él había sido quien dio la noticia a El Diario, y como en Lugo no hay demasiados acontecimientos –por fortuna para los que allí viven–, dieron a nuestra llegada categoría de tal. (Martín Artajo páx. 95 e 97).*

Cómpre deternos para comentar as impresións dos rapaces madrileños ao seu paso polo Corgo. En primeiro lugar, a paisaxe. Deixan atrás a zona montañosa e ante eles esténdeselles a chaira. Incluso mencionan o diferente que é o trazado da estrada. Lembremos que neses anos o vello camiño de peregrinación non existía, estaba cuberto de maleza e os poucos peregrinos que hai aproveitan o percorrido da NVI. Outro detalle importante é a localización exacta onde se desenvolve a escena: xunto ao quilómetro 500 (imaxe 3), é dicir, a carón dá escola vella que hoxe é o Punto de Atención á Lectura.





Quilómetro 500 da antiga NVI (Martín Artajo páx. 97).

Rafael Solana, pedagogo que chegou a ser director da revista *El Magisterio Español* charla animadamente có mestre, e mesmo visita a escola, mentras os seus compañeiros retoman a súa ruta para poder chegar a Lugo á hora prevista. Na entrada dá cidade, en Nadela espéralles outro grupo para darlles a benvinda, entre eles Joaquín de la Sotilla, quen se encargara de informar á prensa de Lugo da peregrinación dos estudantes. Pero aquí hai que facer unha aclaración. Fálase no texto de Martín Artajo de *El Diario de Lugo*. Debe tratarse dun erro. O último número de este periódico publicouse en 1884, corenta anos antes. Seguramente o autor referíase a *El Progreso de Lugo*, que si recolleu en distintas datas noticias da peregrinación, ou ben a *El Regional; diario de Lugo*.

Por si houbera algunha dúbida do espírito co que os rapaces emprenden a súa viaxe, na páxina 48 Javier Martín reflexiona ao respecto:

*No quiero obligar a los que me sigan en esta ruta de recuerdos a recorrer tan anchuroso espacio, jornada tras jornada. La travesía es para hacerla*

*paso a paso y no para relatarla con palabras. Nada acontece cada día: se suceden los amaneceres y las puestas de sol sin que se produzcan hechos extraordinarios que narrar. Sin embargo, el peregrino, en cada minuto, con la vista puesta en el horizonte infinito, va rumiando sus propios pensamientos jeso le basta!*

Deixa moi claro que eles son peregrinos e abóndase neste tema cando recoñece que os veciños do Corgo trátanos coa familiaridade coa que tratan a tódolos peregrinos que van camiño de Santiago, e son hospitalarios ofrecéndolles, neste caso, un grollo de viño.

A continuación relata como foi o recorrido pola capital de Lugo, entre moreas de xente que os animaron, ata chegar á Catedral. Describe as mostras do seu fervor relixioso diante do Santísimo Sacramento e da Virxe dos Ollos Grandes. Xa o día seguinte continúan a ruta cara a Santiago de Compostela, onde chegarán o mércores día 7 de xullo.

Pódese contrastar todo o exposto neste relato, coa axuda da prensa. Na imaxe 4 figura o resumo que *El Progreso* publicou da chegada dos estudantes á capital lucense .

Outros diarios galegos tamén deron cobertura a esta peregrinación. No diario *El Eco de Santiago* do 8 de xullo, hai un completo resumo da peregrinación dos estudantes (imaxe 5).



El Progreso 4/7/1926. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.

## - A pie, desde Madrid -

### LOS PEREGRINOS ESTUDIANTES

Como hablamos anunciado, ayer a las ocho y media de la tarde llegaron a esta ciudad procedentes de Madrid los dos hermanos Sres. Martín Artajo y los también hermanos señores Salana estudiantes todos de la Universidad Central que desde la Corte hicieron el viaje a pie a Santiago.

Uno de los últimos por contingencias extrañas no pudo acompañar a los demás, uniéndose a ellos en Ponferrada.

Los cuatro pertenecen a la Asociación de los Luises y son devotísimos católicos.

Animados de verdadera fé y con el entusiasmo de los antiguos romeros, proyectaron realizar la peregrinación a pie hasta el Sepulcro del Apóstol Santiago. Al proyecto se sumaron algunos jóvenes más, pero poco a poco fueron desistiendo quedando solo los cuatro animosos peregrinos que hoy son nuestros huéspedes.

Salieron de Madrid el 15 de junio, haciendo 20 jornadas de 30 a 35 kilómetros cada una.

Descansaron tres domingos en Medina del Campo, Astorga y Lugo.

Al emprender el viaje se proveyeron de un salvo-conduto en regla de la Dirección de Seguridad y aún con él la Guardia civil las detuvo varias veces para pedirles los documentos, debido sin duda al aspecto que le daba su vestimenta, con el batillo al hombro, los zapatos y el bordón.

En el Guadarrama les salió un toro bravo al camino; se apartaron a un lado de la carretera, y providencialmente no fueron alcanzados por la fiera.

Fatigas tremendas tuvieron que sufrir durante su penoso viaje.

En Piedrafita les cogió una formidable tormenta que tuvieron que aguantar a pie firme.

Vienen tostados por el sol y con la piel áspera de las inclemencias de la atmósfera.

Los jóvenes peregrinos habían salido de Lugo el lunes a las diez menos cuarto de la mañana, realizando las siguientes etapas hasta Santiago.

Lugo a Pañas de Rey, Arzúa y Santiago.

Se muestran encantados de la campiña gallega que cañican de dulce y armoniosa.

Han atravesado en su trayecto las provincias de Madrid, Segovia, Avila, Valladolid, Zamora, León, Lugo y Co-

ruña. Constituye un total de más de 600 kilómetros.

Su equipo para la marcha era camisa de color, amplios pantalones, botas de lona con piso de cáñamo, mochila de 15 kgs. y cantimplora.

A esperarles a Labacolla fueron el profesor de Filosofía y Letras con Juan Pérez Millán y los escolares don Pedro Varela de Limia, don José Neyra, don Cándido Varela Rueda y don Segundo Rueda.

Desde este punto continuaron todos la marcha a pie hasta el alto de San Marcos donde los peregrinos se humillaron al divisar las torres de la Basílica.

Entraron poco después en Santiago comenzando a admirar su aspecto vetusto de ciudad medieval. Se dirigieron a la Catedral y ante la imagen del Apóstol rezaron conmovidos y agradecidos de su feliz viaje.

Recorrieron los alrededores de la Basílica y vieron algunos detalles de ésta mostrándose maravillados ante el aspecto monumental de los edificios y plazas.

Hoy ganaron el Jubileo en la Catedral y se dedicaron a recorrer la ciudad y visitar sus muchos monumentos, para retornar a Madrid dentro de tres o cuatro días.

Reciban los distinguidos y piadosos jóvenes nuestro cordial saludo de bienvenida.

El Eco de Santiago. 8/07/1926. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.

Pero non so a prensa diaria se fixo eco desta peregrinación. Moitos anos despois, sería a Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago, quen na súa revista Peregrino: revista del Camino de Santiago, e máis concretamente no número 121, de febreiro do 2009, nas súas páxinas 34, 35 e 36, resume o que foi o camiño dos mozos madrileños. Pódese consultar o artigo completo na Biblioteca Dixital de Galicia (Galiciiana).

A Javier Martín Artajo gustoulle a experiencia da súa peregrinación, e repetiuna anos despois, tamén en ano santo, nesta ocasión no 1954. Xunto aos seus fillos, e nesta ocasión en coche, volve facer o camiño Madrid/Santiago. O máis sobresaínte de este segundo percorrido son as seguintes palabras que deixa escritas no seu libriño:

*Algo importante sí quiero consignar, y es que, antes, en Villafranca, nos cruzamos con el más auténtico peregrino que pueda andar por el mundo: largas melenas, blancas barbas, concha y bordón, con calabaza y todo; ¡qué envidia me dio!; otro encontramos culminando el puerto de Piedrafita; parecía un sacerdote eslavo, de ancha*

*frente, rostro inundado de interna alegría, como quien vuelve de pagar una deuda de gratitud (Martín Artajo, pág. 115).*

É dicir, no ano 1954, tamén había peregrinos que subían por Pedrafita, non polo Cebreiro.

A outra peregrinación en grupo a que nos referimos anteriormente, foi máis numerosa, e sen dúbida moito máis vistosa. Temos nomes e apelidos dos peregrinos, e sabemos que na súa folla de ruta figura O Corgo como un dos lugares polos que cabalgarían. Trátase da chamada *Peregrinación Montada del Arma de Caballería a Santiago de Compostela*. De novo é a prensa quen se alía cos investigadores para ofrecerlles información de primeira man. Imos reproducir dúas das numerosas noticias que dende que se fixera pública a peregrinación (xa no mes de maio) se publicaron nos diarios galegos (pódense consultar tamén El Correo Gallego, El Compostelano, e mesmo os Boletíns Eclesiásticos de Lugo e de Santiago para comprobar a gran repercusión que tivo no ánimo de todos os galegos)

Na imaxe 6 reproducéase o anuncio da peregrinación publicado en *El Progreso* do 10 de



xullo de 1926, e na imaxe 7 fálase da estancia dos militares en Becerreá tal como a publicou o diario *El Regional* do 17 de xullo de 1926.

**La peregrinación del Arma de Caballería a Santiago**

**LA REPRESENTACION DEL ARMA QUE ASISTIRA A LA OFRENDA**

Como ya se ha dicho, el próximo día 14 saldrá de Valladolid la representación del Arma de Caballería que irá a Santiago de Compostela en delegación de todos los jinetes españoles para asistir al acto de la ofrenda al Apóstol.

La presidirán el teniente general marqués de Cevalcanti y el general de división D. José Fernández Pérez, gobernador militar de Valladolid.

Formarán la expedición cinco jinetes, entre jefes y oficiales, por cada regimiento militar.

De Madrid figurarán en aquella los coroneles de los regimientos de Húsares de la Princesa y de Pavía, y de Lanceros de la Reina, un comandante y un oficial.

Hará el recorrido de Valladolid a Santiago en diez jornadas a caballo.

En el límite de Galicia, esperará y recibirá a los expedicionarios el capitán general de la octava región, general Berenguer, quien se pondrá a la cabeza de los jinetes, continuando la marcha hasta Compostela.

El Progreso 10/7/1926 Biblioteca Virtual de Prensa Histórica

**La peregrinación del Arma de Caballería en Lugo**

En las últimas horas de la tarde, llegará hoy a Becerreá, donde pernoctará, a comisión de jefes y oficiales de Caballería, que en peregrinación se dirige a Santiago desde Valladolid.

En la inmediata villa se dispensará a los peregrinos un entusiasta recibimiento, tributándoseles además algunos agasajos.

Desde esta ciudad irán a recibirlos a Piedrafita varias significadas personas.

Mañana anochecido llegará la peregrinación ecuestre a Lugo, donde permanecerá hasta la madrugada del jueves.

Además de los agasajos de que se hará objeto a los peregrinos en esta ciudad, los jefes y oficiales de la guarnición les obsequiarán con una comida que tendrá lugar en una de las dependencias de la Diputación provincial el próximo miércoles.

A esta comida asistirá también el capitán general de la octava región, quien llegará pasado mañana, a las once, a esta ciudad para asistir a ella y revistar las fuerzas de Caballería que constituyen la expedición.

El general Berenguer, que hará el viaje en automóvil hasta Lugo, Regresará por la noche a la Coruña.

El Regional 17/7/1926 Galiciana

O día 17 de xullo descansaron en Becerreá, e o 18 a súa etapa foi dende alí, ata a cidade de Lugo, onde chegan entre gran expectación e as honras de rigor.

Durante esa etapa do día dezaioito pasaron polo Corgo. E para corroboralo imos recorrer á segunda testemuña. Trátase dun libríño que leva por título *Peregrinación Montada del Arma de Caballería a Santiago de Compostela* no que se relata dita peregrinación: tódolos detalles da súa preparación, a relación nominal dos participantes cabaleiros, as impresións do que ían vendo no seu camiño, a chegada tanto a Lugo (tamén importante centro de peregrinación pola exposición permanente do Santísimo Sacramento), como a Santiago, o seu destino final, mesmo as noticias que se ían publicando na prensa. Reprodúcese aquí o que se chamou *Plan previo de marcha a Santiago de Compostela modificable circunstancialmente*, o que se lle engadía unha nota ao pe que di Realizado (imaxe 8).

PLAN PREVIO DE MARCHA A SANTIAGO DE COMPOSTELA  
MODIFICABLE CIRCUNSTANCIALMENTE (1)

DIAS	JORNADAS	PUNTOS	KILÓMETROS		
			DE PUNTO A PUNTO	DE MEDIAS JORNADAS	TOTALES DE CADA JORNADA
14	1.ª	Valladolid Medina de Rioseco	40	*	40
15	2.ª	Medina de Rioseco Villalpando Benavente	35 27	33 27	60
16	3.ª	Benavente La Bañeza Astorga	40 25	40 25	65
17	DESCANSO				
18	4.ª	Astorga Torre Dembibre San Román Ponterrada	35 10 2 17	35 29	64
19	5.ª	Ponterrada Villafraanca Trabadelo Veiga Valcarlos Piedrafita Noceda Doncos Nogales Becerreá	21 10 7 14 9 5 4 11	52 29	81
20	6.ª	Becerreá Neira Jusá Corgo Nadaia Lugo	11 18 10 6	26 16	42
21	DESCANSO				
22	7.ª	Lugo Palas de Rey Mollid Arzáa	36 14 17	36 31	67
23	8.ª	Arzáa Sanlleixo	33	*	33

Subdividiéndose discrecionalmente

Los puntos términos de jornada serán los precisados, dejando libertad de horario y velocidades a los grupos de Regimientos.  
Se guarnecerá oportunamente que en los puntos donde haya guarnición se facilite la comida a la tropa.  
Tanto en Guerra como en este Centro organizador se ha procurado dar la mayor amplitud para que la concurrencia sea voluntaria y tenga la mayor libertad de acción posible.

(1) Realizado.

Peregrinación del arma.... Páx.8

Como podemos observar nesta imaxe 8, o paso pola provincia de Lugo desenvolveuse en tres etapas, sendo unha delas de descanso na capital.

Se estudamos a quinta xornada dende a súa partida de Valladolid, vemos que soben de Vega de Valcarce a Pedrafita e seguen cabalgando por Noceda, Doncos, As Nogais, e Becerreá.

O día seguinte, dende Becerreá seguen por *Neira de Jusá*, O Corgo, Nadela e finalmente chegan a Lugo. Neste relato soamente hai comentarios xerais sobre as manifestacións de xúbilo da xente ao paso dos militares. Noméanse lugares que foron finais de etapa e relátanse os agasallos cos que as xentes reciben aos cabaleiros. Desde xeito dísenos que

*En Becerreá, de las autoridades y del pueblo, que manifestó su entusiasmo con la más cariñosa acogida. En Lugo de autoridades municipales, provinciales, eclesiásticas, militares, pueblo, entidades, coros, prensa y guarnición, con sincera efusión y manifestaciones patrióticas". Peregrinación del Arma....., páx. 28 .*

Pero descoñecemos a reacción dos veciños de O Corgo, de Nadela ou de *Neira de Jusá*. Non é difícil supoñer que un bo número deles saírían ao seu paso, pois había de ser todo un espectáculo ver aos xinetes uniformados, a cabalo e en perfecta formación pasar por diante das casas. Tal como di o autor (*Un jinete gallego*),

*Estos caballeros de armas van señalando a lo largo de los caminos en los que queda la estela de la marcial cabalgata condensada en el entusiasmo de aldeanos y señores que "nunca señor, nunca, vieron otro tanto". Peregrinación del Arma.....,páx.31.*

## OUTROS INDICIOS

Neste apartado, una especie de caixón de xastre, mencionáranse detalles que non por pequenos teñen menos importancia.

Mencionabamos que os expertos nas peregrinacións a Santiago teñen sempre moi en conta a presenza de determinados topónimos

como indicio da existencia dunha vella ruta de peregrinación. Un deses topónimos é *camiño*.

María José Portela Silva, na súa obra *Documentos da catedral de Lugo. Século XV*, nas páxinas 544-545, reproduce un foro do ano 1486 no que se fai referencia ás propiedades que a catedral de Lugo ten en Gomeán, e entre outros menciónase los *lugares d'Amolar et do Camino et... son sitios et los dos en el dicho nuestro Coto de Guimian....*

E de novo dous séculos despois, no ano 1740 copiose un foro de 1594, tamén da Catedral de Lugo. Nel pódese ler xa no encabezado *Apeo de los lugares llamados do camiño y do Castro en Gumián. En el coto y feligresía de Santiago de Gumián. Este documento se atopa no Libro de Apeos de los lugares llamados do Camiño y do Castro en Gumián la terrería y cotos de Gumián y Piñeira ante Baltasar de Farnadeiros. Catedral de Lugo. AHN. PARES.*

Nun documento máis recente, no Catastro de Ensenada (ano 1753), hai tamén indicios interesantes que non podemos deixar pasar. Küning mencionara na súa guía varios lugares nos que o peregrino podía remendar os seus zapatos. Ben, pois Santa María de Franqueán ten nese ano 1753 catro zapateiros e curtidores de peles ademais dun taberneiro e un *estanquillero*, segundo a Dirección Xeral de Rentas (Pares). E en Santiago de Gomeán, había catro zapateiros e curtidores, e outros tres curtidores máis, ademais dun taberneiro que tamén era *estanquillero*. *Libro Personal de Legos* (sig 10201-04, Arquivo Histórico Provincial de Lugo). Sen dúbida os camiñantes encontraban nestes lugares de O Corgo os repostos de calzado que puideran precisar.

Outra destas anécdotas a ter en conta, atópase no Libro de Fábrica de San Xoán do Corgo. Alí recóllese un auto de 1705 polo que se ordena a compra doutro cáliz e doutro misal para que se poidan celebrar *a un tempo* misas en dous altares. Este feito fala por se mesmo de que a cantidade de fieis que esperaban escoitar misa era notable.

E xa para rematar, compre mencionar outro topónimo, que aínda permanece e é sobradamente



coñecido. Trátase do lugar do Hospital de Chamoso, situado na parroquia de Santa Catalina de Anseán. Incluímolo neste artigo aínda sabendo, pola súa situación xeográfica, que ten máis trazas de ser un dos antigos hospitais que prestaba auxilio aos peregrinos que facían a variante do Camiño Francés entre O Padornelo e Lugo. Sen embargo, as famosas *cuatro leguas* situaríanolo tamén nas proximidades da Vía Künig. Posto que non estamos a falar dunha ciencia exacta, e os estudos non están rematados, debemos mencionalo no presente traballo.

## CONCLUSIÓNS

Non lle falta razón a Xulio Xiz cando di *esta terra foi sempre Camiño*, e non nos cabe dúbida algunha de que un deles era o que percorrían os peregrinos que ansiaban chegar a Santiago, pero polo camiño querían visitar outros obxectos da súa devoción: o *Lignum Crucis* do Mosteiro de Santa María de Penamaior e o Santísimo Sacramento permanentemente exposto na catedral de Santa María de Lugo.

Estes camiñantes atravesaban as terras corguesas e algúns deixáronos unha testemuña escrita dó seu puño e letra; outros quedaron alí para sempre. Contamos tamén con esas pequenas, pero importantes, sinais que se atopan en tódolos camiños de Santiago e que hai que saber recoñecer.

Todas estas pegadas son as que nos axudan a ir reconstruíndo a Vía Künig.

## BIBLIOGRAFÍA E FONTES DOCUMENTAIS

GODDARD KING Georgiana: *The Way of Saint James*. The hispanic society of América. New York. 1927

HERBERS Klaus e PLÖTZ Robert.:

- *A Peregrinaxe e o Camiño de Santiago*. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela 1999.
- *Caminaron a Santiago*. Xunta de Galicia 1998.

MARTÍN ARTAJÓ Javier: *Caminando a Compostela*. Editorial Católica. Madrid 1954.

PORTELA SILVA María José: *Documentos da catedral de Lugo. Século XV*. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela 1998.

TATE Robert TURVILLE-PETRAE Thorlac: *Two pilgrim itineraries of the later middle ages. Xunta de Galicia*. Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Promoción do Camiño de Santiago. Pontevedra. 1995.

UBIETO ARTETA Agustí: *Caminos de peregrinación de Aragón*. Instituto Fernando el Católico. CSIC. Diputación de Zaragoza 2016.

VALIÑA SAMPEDRO Elías: *El camino de Santiago. Estudio Histórico-Jurídico*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Servicio de Publicaciones Diputación Provincial. Lugo 2000.

VÁZQUEZ DE PARGA, LACARRA, URÍA: *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*. Gobierno de Navarra. Pamplona. 1998

XIZ Xulio: *O Corgo, amplo horizonte*. Concello do Corgo. Lugo

Peregrinación montada del Arma de Caballería a Santiago de Compostela.1926. Imprenta del Colegio Santiago. Valladolid.1926.

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE LUGO

ARQUIVO CENTRAL PARROQUIAL DE LUGO

RECURSOS ELECTRÓNICOS

<https://arquivo.usc.es/> consultado 11/2022

<https://arquivo.galiciiana.gal/> consultado 11/2022

<https://biblioteca.galiciiana.gal/> consultado 11/2022

<http://pares.mcu.es/> consultado 11/2022

<https://prensahistorica.mcu.es/> consultado 11/2022

# MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO E CEC (2020-21)

## ANO 2020

### CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

Xantar de confraternización (sábado, 7 de marzo).

### PROXECCIÓN DA PELÍCULA “MARÍA SOLINHA”

O martes, 21 de xullo, e grazas á colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo tivemos a ocasión de proxectar ao aire libre a película de Vía Láctea Filmes titulada “María Solinha”. A película está protagonizada por Laura Míguez, Grial Montes e conta con actores coñecidos na escena galega como Santi Prego, Morris ou Mabel Rivera. A música é autoría de Abraham Cupeiro.



A maiores, tivemos a oportunidade de debater, antes e despois da proxección, co director da película, Ignacio Vilar. A obra, ambientada en Cangas, traza paralelismos entre a sociedade machista actual e a do século XVII, coa mítica María Solinha como protagonista.



## ANO 2021

### PRESENTACIÓN DO NÚMERO 7 DA REVISTA CORGA

O sábado, 19 de xuño presentouse no Centro Sociocultural do Corgo o número 7 da revista Corga que contaba cos seguintes traballos:

- Javier Gómez Vila e María José López Caldeiro: “Un monxe chamado Hermann Künig e a súa guía medieval de peregrinos”.
- Xaime Félix López Arias: “Entre a Terra de Chamoso e a Riba de Neira: organización territorial (séculos VI a XX). Última parte”.
- M<sup>a</sup> Consuelo Vázquez Castro: “Benedicta Sánchez: a humildade en persoa”.
- Mario Outeiro Iglesias: “Jesús Abuín Arias: Fillo Predilecto e Cronista Oficial do Corgo”.
- Óscar González Murado: “Quen foron curas nestas terras? Antigos arciprestados do Corgo: Maestrescolía, Farnadeiros, Picato e Sarria”.



No acto, presentáronse os traballos da revista e repartiuse un exemplar de agasallo a cada un dos asistentes.



## CATEGORÍA: INFANTIL

*Modalidade: poesía*

1º premio: Ceibe Gil Fernández-Coronado, de Pereiramá (Castroverde), pola obra “As guerras”.

2º premio: Daniel Rielo Rodríguez, de Barredo (Castroverde), pola obra “2020”.

*Modalidade: relato*

1º premio: deserto.

2º premio: Uxía Reija Folgueira, de Outeiro (Castroverde), pola obra “O día de San Xoán”.

Premio “A Legua Dereita”: deserto.



## CATEGORÍA: XUVENIL

*Modalidade: poesía*

1º premio: Mariña Maceiras Segovia, de Pontevedra, pola obra “Tríade poética”.

2º premio: Paula Domínguez Barreiro, de Pontevedra, pola obra “A débeda”.

## XIV CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

O sábado, 10 de xullo, no Centro Sociocultural do Corgo e con algo de retraso por mor da Covid, celebrouse a entrega de premios do XIV Certame Literario “Terras de Chamoso”. Os premiados desta edición foron:



*Modalidade: relato*

- 1º premio: Mariña Maceiras Segovia, de Pontevedra, pola obra “Unha bágoa para a aprendizaxe”.
- 2º premio: Alaitz Otero Gómez, de Cambados (Pontevedra), pola obra “O novo mundo”.



### **CATEGORÍA: ADULTOS**

*Modalidade: poesía*

- 1º premio: Verónica Pousada Pardo, de Riós (Ourense), pola obra “Ájax sen punición”.
- 2º premio: Martiño Maseda Lozano, de Xoibán (Vilalba), pola obra “Choiva silenciosa”.

*Modalidade: relato*

- 1º premio: Manuel Antonio Piñeiro Fernández, de Ribeira (A Coruña), pola obra “Gaiola”.
- 2º premio: Lourdes Maceiras García, de Santiago de Compostela, pola obra “Na fraguiza”.

### **XV CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”**

Osábado, 18 de decembro, no Centro Sociocultural do Corgo, celebrouse a entrega de premios do XV Certame Literario “Terras de Chamoso”. Os premiados desta edición foron:

#### **CATEGORÍA: INFANTIL**

*Modalidade: poesía*

- 1º premio: Daniel Rielo Rodríguez, de Barredo (Castroverde), pola obra “O inverno galego”.
- 2º premio: Ceibe Gil Fernández-Coronado, de Outeiro (Castroverde), pola obra “A mensaxe”.

*Modalidade: relato*

- 1º premio: Abel Fernández Brea, de Valdriz (Láncara), pola obra “A Santa Compañía”.
- 2º premio: Noa García Valín, da Pobra de San Xiao (Láncara), pola obra “A matanza”.

Premio “A Legua Dereita”: Joel Barrio Rodríguez, de Maceda (O Corgo), pola obra “A vida rural”.





## **CATEGORÍA: XUVENIL**

*Modalidade: poesía*

1º premio: deserto.

2º premio: deserto.

*Modalidade: relato*

1º premio: deserto.

2º premio: deserto.

## **CATEGORÍA: ADULTOS**

*Modalidade: poesía*

1º premio: Néstor Bacelar Domínguez, de Vigo, pola obra “Arden as flores de outono”.

2º premio: Carlos Neira Suárez, da Coruña, pola obra “A gadaña de Maruxa”.

*Modalidade: relato*

1º premio: Moncho Iglesias Míguez, de Vigo, pola obra “O Moisés”.

2º premio: Francisco Javier Fernández Davila, de Nigrán (Pontevedra), pola obra “Rexina”.







**fiCHA tÉcnica**  
 DATA FUNDACIONAL: 7 de outubro de 2005  
 TELÉFONO: 626 73 93 90  
 CORREO-E: arumescorgo@gmail.com  
 PÁXINA WEB: http://arumescorgo.blogspot.com

**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN COMO SOCIO NUMERARIO**

D./Dña .....

NIF: ..... Data de nacemento: ..... / ..... / .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello: ..... Provincia: .....

Tfno. fixo: ..... Tfno. móbil: .....

Correo-e: ..... Ocupación: .....

Forma de recibir comunicacións da asociación:     Correo electrónico         Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a da ASOCIACIÓN CULTURAL ARUMES DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....



**AUTORIZACIÓN BANCARIA PARA A DOMICILIACIÓN DE RECIBOS**

Sr./Sra. Director/a do Banco/Caixa: .....

Lugar de oficina: .....

Prégolle que, ata nova orde, aboen os recibos que presente a ASOCIACIÓN CULTURAL ARUMES DO CORGO con cargo á miña conta/libreta:

C. IBAN	C. Entidade	C. Oficina	DC
Número de conta			

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....



## DOCUMENTACIÓN PARA A ENTREGA DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

D./Dña .....

NIF: ..... Teléfono: .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello ..... Provincia: .....

Correo-e: .....

Entrega a seguinte documentación co fin de tramitar a inscrición como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDIOS DO CORGO (CEC):


- Impreso de solicitude de ingreso no CEC debidamente asinado.
- Copia simple do DNI
- Traballo de investigación seguindo as normas de publicación establecidas (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Anexos (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Autorización de cesión dos dereitos de autor.
- Consentimento do pai/nai/titor legal (nas persoas entre 14 e 18 anos).
- .....

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**





## SOLICITUDE DE INSCRICIÓN COMO SOCIO/A NUMERARIO/A OU XUVENIL

D./Dna .....

NIF: ..... Data de nacemento: ..... / ..... / .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello: ..... Provincia: .....

Tfno. fixo: ..... Tfno. móbil: .....

Correo-e: .....

Título do estudo: .....

Formación académica: .....

Experiencia laboral: .....

Forma de recibir comunicacións da Asociación:  Correo electrónico  Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**



## CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Centro de Estudos do Corgo (en diante CEC) é unha Asociación sen ánimo de lucro.

D./Dna (en diante: "o autor) .....

NIF: .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello: ..... Provincia: .....

Convén o seguinte:

### **PRIMEIRO: Antecedentes**

- 1) O CEC ten como fins a promoción de diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación...) sobre o concello do Corgo e a súa divulgación entre os habitantes do concello.
- 2) O CEC realizará (para acadar os fins anteriores) unha recopilación de toda a información posíbel sobre o concello do Corgo nun arquivo/biblioteca (en papel e en formato dixital), así como a publicación dunha revista anual (por escrito) e dun sitio web con artigos sobre O Corgo.
- 3) O autor (en caso de varios autores, especificar no Anexo I) realizou un estudo titulado:

.....  
obra que formará parte do uso referido no numeral anterior.

- 4) Polo presente contrato regúlase a forma e condicións da cesión dos dereitos correspondentes que o autor realiza a favor do CEC, que se regulará nun todo polas disposicións contidas nas cláusulas seguintes.

### **SEGUNDO: Cesión dos dereitos**

O autor cédelle ao CEC, quen adquire, os dereitos que lle corresponden sobre o estudo, incluíndo os dereitos de edición e publicación.


### **TERCEIRO: Regalías**

A cesión á que se refire a cláusula anterior realízase a título gratuito, polo que o CEC non lle deberá aboar ao autor regalías de ningunha especie.

### **CUARTO: Obrigas do CEC.**

O CEC non poderá, en ningún caso ou circunstancia:

- a) Ceder total ou parcialmente, en foma directa ou indirecta, os dereitos adquiridos a través da presente formalidade, a favor de ningún terceiro e baixo ningunha modalidade.
- b) Facer ningún agregado, supresión nin modificación á obra sen o consentimento previo, expreso e escrito do autor.



**QUINTO: Dereitos do CEC.**

Ademais da edición, publicación e impresión da obra como parte do uso referido na cláusula primeira, o CEC poderá libremente:

- a) Determinar o tipo de impresión, formato, clase de papel, encadernación e demais características físicas do estudo, así como o formato do sitio web;
- b) Realizar actividades de promoción e publicidade dos estudos;
- d) Utilizar o nome e a imaxe do autor con fins publicitarios e de promoción, exclusivamente en relación á obra obxecto deste contrato.

**SEXTO: Garantía de lexitimidade**

O autor garante que a obra goza de “libre dispoñibilidade” (no caso de varios autores, da “dispoñibilidade conxunta”) dos dereitos que cede.

En caso de impugnación dos dereitos autorais ou reclamacións instadas por terceiros relacionadas con contido ou a autoría da obra, a responsabilidade que puidese derivarse será exclusivamente de cargo do autor.

**SÉTIMO: Mandato de protección**

O autor autoriza ao CEC a perseguir os responsábeis de edicións clandestinas e fraudulentas, así como para exercer a defensa dos dereitos autorais obxecto desta cesión, se for preciso.

**OITAVO: Liberdade do autor**

O autor ten liberdade de autorizar a terceiros a realización doutras edicións da obra, así como de ceder os dereitos de autor a favor de terceiros.


**NOVENO: Modificación e resolución do contrato**

Este contrato poderá modificarse ou rescindir-se de mutuo acordo das partes, así como rescindir-se unilateralmente sempre e cando a outra parte incumpra gravemente as súas cláusulas.

En....., a..... de..... de.....

Asdo.: .....

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**



**ANEXO I**  
**(Cesión de dereitos de autor)**

**COAUTOR 1:**

D./Dna .....

..... NIF: .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello ..... Provincia: .....

**COAUTOR 2:**

D./Dna .....

..... NIF: .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello ..... Provincia: .....

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**





## AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA MENORES DE IDADE

D./Dña.....

NIF:..... Teléfono: .....

Enderezo:.....

C.P.:..... Concello:..... Provincia:.....

Tfno. fixo:..... Tfno. móbil:.....

Correo-e:.....

Pai, nai ou titor/a legal (rísquense as que non procedan) do menor: .....

..... con NIF: .....

Afirmo coñecer os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno que rexen o Centro de Estudos do Corgo (CEC) e autorizo o meu fillo/a a facerse Socio/a Xuvenil da devandita Asociación.

A maiores autorizo a CEC a publicar a imaxe do menor en calquera das actividades relacionadas cos fins do Artigo 5 dos Estatutos, en calquera dos formatos posibles (páxina web do CEC, fotografías para revistas ou publicacións, filmacións...)

En....., a..... de..... de.....

Asdo.: .....

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**

**Idioma.** Só se admite o galego como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

**Extensión.** Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do CEC.

**Estrutura.** O artigo presentado ten que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por orde de importancia ou alfabético de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.
- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introducción/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

**Formato:**

- Tipo de documento: Word (recoméndase tamén entregar o mesmo documento en formato pdf).
- Letra: Arial, cor automático (negro), tamaño 12 puntos, salvo que se indique o contrario (títulos...).
- Marxes: superior, inferior e laterais de 3 cm.
- Aliñación: xustificada sen sangría na primeira liña.
- Espaciado: anterior e posterior de 0 puntos e interliñado sinxelo. Espacio entre parágrafos dunha liña en branco.
- Recomendase non empregar o subliñado para resaltar partes do texto.
- Título: maiúsculas, centrado, cor verde escuro e tamaño de letra de 16 puntos.
- Identificación do(s) autor(es): apelidos e nome (separado por coma).
- Datos do(s) autor(es): tamaño de letra de 10 puntos.
- Agradecementos: tamaño de letra de 10 puntos.
- Títulos de apartados (RESUMO, PALABRAS CLAVE, INTRODUCCIÓN/LIMIAR, CONCLUSIÓN, BIBLIOGRAFÍA...) irán en maiúscula, negra e sen punto ao final. Se se numeran os apartados (a partir da introdución) empregaranse as normas ISO (1 / 1.1 / 1.1.1 / 2 / 2.1 / 2.1.1 etc.).

- Numeración de páxinas: borde inferior dereito incluíndo a primeira páxina (non se fará portada).
- Notas a pé de páxina: tamaño de letra de 10 puntos.

**Imaxes.** O texto pode ir acompañado por ilustracións, fotos ou gráficos, sempre orixinais ou acompañados do permiso do editor ou autor para a súa publicación. Para ser impresas con calidade, deberán ter unha resolución mínima de 300 ppp. Admitiranse como formatos de imaxe TIFF ou JPG. Incluíranse no documento e en arquivos separados, indicando con claridade o lugar no que deben inserirse no texto.

**Bibliografía.** Clasificada por orde alfabética, axustárase ás seguintes normas:

- Monografías: APELIDO(S), Nome. *Título do libro*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Partes de monografías: APELIDO(S), Nome. "Título da parte". En: Responsabilidade da obra completa. *Título da obra*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Artigos en revistas: APELIDO(S), Nome. "Título do artigo". *Título da revista*. Edición. Ano, número, páxinas.
- Recursos electrónicos en internet: Responsábel principal. *Título*. Data de publicación. <URL> (data de acceso).

**Unidades de medida.** Empregarase o Sistema Internacional de Unidades (SI) e non o sistema anglosaxón de unidades.

**Principios éticos e legais.** Non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.

A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.

En caso de conflito legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delicto ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.

Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.

Seguindo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participaron na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgun ou todos os seus membros.

A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.

